



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 21

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 24 de abril de 2012

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.7 5923 (09/PNP-000443)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que deben levar a cabo o Parlamento de Galicia e o Goberno galego co fin de establecer unha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos deputados e dos altos cargos da Xunta de Galicia, así como do conxunto de entidades que conforman o sector público galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 10.04.2013

4.8 6080 (09/PNP-000454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas propostas realizadas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, así como polas distintas federacións provinciais, sobre o plan de xestión e control para os buques que faenan no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 10.04.2013

Punto 5. Interpelacións

5.1 1747 (09/INT-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis

Sobre o impacto que vai ter en Galicia a modificación da Lei de costas que se está a tramitar no Congreso dos Deputados e as demandas formuladas polo Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25, do 03.01.2013

5.2 1816 (09/INT-000107)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier

Sobre a política de axudas e compensacións aos espazos naturais aqueixados polos lumes no noso país

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.01.2013

5.3 2792 (09/INT-000146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación preconcursal solicitada pola empresa Alimentos Lácteos, S.A., e co seu futuro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 06.02.2013

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

6.1 6659 (09/POPX-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre as posibles consecuencias das fotografías do Sr. presidente da Xunta de Galicia en compañía do Sr. Marcial Dorado

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 89, do 18.04.2013

6.2 6686 (09/POPX-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as posibles consecuencias da eventual relación dun alto cargo cun narcotraficante

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 89, do 18.04.2013

6.3 6687 (09/POPX-000021)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre os contratos asinados pola Xunta de Galicia coas empresas do Sr. Marcial Dorado

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 89, do 18.04.2013

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 6700 (09/PUP-000032)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 2 máis

Sobre os feitos acontecidos e a presenza policial na segunda semana de abril de 2013 ás portas da conserveira Cuca en Vilaxóan

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 89, do 18.04.2013

7.2 4371 (09/POP-000379)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fernández Calviño, David e Sánchez García, Antón

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia dos danos sociais e económicos que vai ocasionar a explotación dunha mina de ouro na localidade de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 06.03.2013

7.3 4831 (09/POP-000410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 máis

Sobre o estado en que se atopan os posibles contratos de buques coa empresa Pemex

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 73, do 20.03.2013

7.4 5957 (09/POP-000547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para frear a caída das vendas, a perda de postos de traballo e o pechamento de establecementos no sector do pequeno comercio en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 10.04.2013

7.5 6699 (09/PUP-000031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada do seu apoio ao proxecto de explotación dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 89, do 18.04.2013

7.6 5882 (09/POP-000540)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel e 6 máis

Sobre a incidencia que vai ter no mercado laboral de Galicia e no desemprego xuvenil a posta en marcha do novo modelo de contrato de formación dual anunciado polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 10.04.2013

7.7 5878 (09/POP-000539)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural e do Mar da nova sanción imposta pola Comisión Europea á frota española nas futuras cotas de captura da xarda

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 10.04.2013

7.8 6674 (09/PUP-000030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón

Sobre as xestións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural e Mar en relación coa situación da empresa Pescanova

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 89, do 18.04.2013

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as posibles consecuencias das fotografías do Sr. presidente da Xunta de Galicia en compañía do Sr. Marcial Dorado. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as posibles consecuencias da eventual relación dun alto cargo cun narcotraficante. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

O señor Beiras Torrado (AGE) diríxese ao escano do señor presidente da Xunta de Galicia e interrompe a súa intervención. (Páx. 15.) A señora presidenta diríxese ao señor Beiras Torrado para recordarlle a súa obriga como deputado de manter a orde, e este, a seguir, abandona o salón de sesións. (Páx. 15.)

O señor presidente da Xunta de Galicia prosegue a súa intervención. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D.^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os contratos asinados pola Xunta de Galicia coas empresas do Sr. Marcial Dorado. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

O señor Puy Fraga (P) solicita a palabra e intervéñ para unha cuestión de orde relacionada co incidente protagonizado polo señor Beiras Torrado (AGE). (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e tres deputados máis, sobre as actuacións que deben levar a cabo o Parlamento de Galicia e o Goberno galego co fin de establecer unha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos deputados e dos altos cargos da Xunta de Galicia, así como do conxunto de entidades que conforman o sector público galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 19.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 21.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. .) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 24.)

Nova intervención do señor Méndez Romeu (S). (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre as actuacións que debe de levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas propostas realizadas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, así como polas distintas federacións provinciais, sobre o plan de xestión e control para os buques que faenan no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 26.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 29.) e *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 30.)

O señor Balseiro Orol (P) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 31.)

A señora presidenta anuncia que se van poñer a votación as proposicións non de lei. (Páx. 32.)

Votación das proposicións non de lei

O señor Santalices Vieira (P) intervéñ para informar sobre a transacción á que se chegou. (Páx. 32.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e catro deputados máis, sobre a elaboración e a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun plan de loita contra a obesidade infantil: *aprobado por 57 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións*. (Páx. 32.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D.^a Eva Solla Fernández, sobre a aplicación do Decreto 104/2005, do 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera na atención sanitaria: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Remedios Quintas Álvarez e dous deputados máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos previstos para poñer en funcionamento a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia: *rexeitada por 18 votos a favor, 47 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. David Fernández Calviño, sobre a entrega por parte do Goberno galego á Fiscalía Superior de Galicia da documentación que posúa en relación coas persoas afectadas pola comercialización indebida de participacións preferentes e obrigas subordinadas das entidades financeiras, co fin de que os responsables paguen polas súas prácticas: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de conversión do Instituto de Educación Secundaria A Carballeira-Marcos Valcárcel, de Ourense, nun centro integrado de formación profesional, así como coa eventual adopción de medidas similares en calquera outro centro de ensino: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

O señor Jorquera Caselas (BNG) intervén para informar sobre o resultado da transacción. (Páx. 33.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co futuro de Novagalicía Banco: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dous deputados máis, sobre as actuacións que deben levar a cabo o Parlamento de Galicia e o Goberno galego co fin de establecer unha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos deputados e dos altos cargos da Xunta de Galicia, así como do conxunto de entidades que conforman o sector público galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas propostas realizadas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, así como polas distintas federacións provinciais, sobre o plan de xestión e control para os buques que faenan no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste: *aprobada por 39 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Interpelación de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto que vai ter en Galicia a modificación da Lei de costas que se está a tramitar no Congreso dos Deputados e as demandas formuladas polo Goberno galego ao respecto. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S).* (Páx. 34.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.* (Páx. 35.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 38.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 39.)

Interpelación de D. José Javier Ron Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política de axudas e compensacións aos espazos naturais aqueixados polos lumes no noso país. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Calviño (AGE)*. (Páx. 40.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar*. (Páx. 42.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Calviño (AGE)*. (Páx. 43.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar*. (Páx. 44.)

Interpelación do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación pre-concursal solicitada pola empresa Alimentos Lácteos, S.A., e co seu futuro. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 45.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 47.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 50.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e dous deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os feitos acontecidos e a presenza policial na segunda semana de abril de 2013 ás portas da conserveira Cuca, en Vila-xóan. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 51.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 52.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 54.)

Pregunta de D. David Fernández Calviño e D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia dos danos sociais e económicos que vai ocasionar a explotación dunha mina de ouro na localidade de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 54.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 54.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 56.)

Pregunta de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado en que se atopan os posibles contratos de buques coa empresa Pemex. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 57.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 58.)

Pregunta de D.^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para frear a caída das vendas, a perda de postos de traballo e o pechamento de establecementos no sector do pequeno comercio en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 59.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 60.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 61.)

Pregunta de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada do seu apoio ao proxecto de explotación dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 62.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 63.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 63.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a incidencia que vai ter no mercado laboral de Galicia e no desemprego xuvenil a posta en marcha do novo modelo de contrato de formación dual anunciado polo Goberno galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 64.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar*. (Páx. 65.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar*. (Páx. 66.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería do Medio Rural e do Mar da nova sanción imposta pola Comisión Europea á frota española nas futuras cotas de captura da xarda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar*. (Páx. 68.)

Réplica do autor: *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar*. (Páx. 69.)

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa situación da empresa Pescanova. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Val alonso (S)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar*. (Páx. 70.)

Réplica do autor: *Sr. Val alonso (S)*. (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar*. (Páx. 71.)

Remata a sesión ás dúas e corenta e sete minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días de novo.

Reiníciase a sesión, co punto 6, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as posibles consecuencias das fotografías do Sr. presidente da Xunta de Galicia en compañía do Sr. Marcial Dorado

A señora PRESIDENTA: Señor Vázquez, ten vostede a palabra para formular a súa pregunta.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bos días, señora presidenta.

Señorías.

Señor Feijóo.

Non sei se é consciente do dano que lle está facendo a Galicia a súa relación con Marcial Dorado. Na súa recente visita a México periódicos mexicanos –como o que teño na man– din: “*El presidente de Galicia, envuelto en un escándalo por su amistad con Marcial Dorado, negocia contratos con Pemex*”. Foron lerlle o principal titular, porque probablemente a min tamén me parece excesivo, pero é o que poñen os periódicos mexicanos.

Señor Feijóo, pasaron trinta días case desde que salta este escándalo, pero segue vostede sen contestar ningunha das preguntas clave que se fai toda Galicia e unha boa parte de España. A primeira, señor Feijóo: ¿que buscaba vostede cerca de Marcial Dorado durante nove anos, sendo o número dous da Consellería de Sanidade? Seguramente sabemos o que buscaba el: prestixio e relación, pero a clave é: ¿que buscaba vostede?, que aínda hoxe non explicou cal era esa causa.

A segunda pregunta, señor Feijóo, que lla fago a vostede e ás señorías do Partido Popular. ¿Son conscientes do dano que lle están facendo a Galicia, que nos está retrotraendo aos anos 90? Fagan un exercicio, vostedes ou quen nos estea

escoitando, moi fácil. Collan internet agora e poñan: “Galicia narcotráfico”, e miren o que sae debaixo. ¿Sabe o que sae? Feijóo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, (*Murmurios.*) si, póñano, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) póñano vostedes, iso é fácil. Coller internet, poñer: “Galicia narcotráfico”, e miren o que lles sae debaixo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso pasa en todo o mundo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non, aí, aí, claro, aí, aí... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: En terceiro lugar, señor presidente, poden vostedes facer o que queiran, pero iso non o controla ninguén máis que internet e os usuarios.

Terceira pregunta, señor Feijóo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, si... (*Interrupcións.*) Vostede vén repetindo reiteradamente que está sufrindo ameazas. A pregunta é: ¿ameazas de quen? Mire, vostede sabemos que foi ameazado –que o di vostede– no ano 2003 cando foi nomeado conselleiro; iso díxoo, pero non dixo quen o ameazou; dixo que foi falar con Fraga e que Fraga llo perdoou. Pregunta: ¿quen o ameazou a vostede no 2003? Segundo: ¿quen o ameazou a vostede no 2009? Terceiro: o que o ameazou no 2003 e no 2009, cando isto sae no 2013, ¿conseguiu os seus obxectivos? Cuarto: ¿é vostede a persoa que segue ocultando todos estes datos?

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato, señoría, cun dato absolutamente inverosímil. Cando vostede di que non sabía quen era Marcial Dorado, o informe Bermúdez, que está procesando a Marcial Dorado, di que nos anos 90 era unha máquina de lavar diñeiro do narcotráfico.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Sabíano os policías, os xuíces, as asociacións contra a droga e os cidadáns, todos menos vostede. Polo tanto, señor Feijóo, a pregunta é moi fácil: ¿vai contestar e dar saída a isto...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...ou vai seguir vostede facéndolle un dano irreversible a Galicia?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, señor Vázquez.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, señor Vázquez.

(Aplausos.)

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Vostede ten dito nesta Cámara –consta nas hemerotecas e no *Diario de Sesións*– que os médicos galegos cobraban a cambio de dar altas aos pacientes. Vostede ten dito nesta Cámara que se ían cobrar as consultas médicas. Vostede ten dito nesta Cámara que despois das eleccións íamos cobrar a asistencia sanitaria aos parados. Vostede ten dito nesta Cámara que hai membros deste Goberno que repartían malefíns de diñeiro en Venezuela. Vostede ten dito nesta Cámara, por exemplo, e chamou mentirosos a dous presidentes dos Estados Unidos de México. E no que respecta á miña persoa, sobrepasou todos os límites previsibles.

Señor Vázquez, vostede escóndese detrás da covardía e da insinuación e intenta relacionarme de forma explícita, hoxe outra vez, cunha actividade ilegal e noxenta como o narcotráfico. Vostede, a semana pasada, utilizando ata cinco condicionais, acusoume sen acusar, condenoume sen condenar e díxome incluso que ía ter penas privativas de liberdade.

Señor Vázquez, vostede non merece nin o respecto nin a resposta que vostede me solicita, pero voulla dar *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, porque eu respecto os votantes do Partido Socialista en Galicia. Xa sei, señoría,

que vostede non respecta o presidente da Xunta de Galicia; aínda non me saudou, señor Vázquez, como presidente de Galicia. Xa sei que vostede non respecta o Goberno democrático de Galicia. Pero é evidente que vostede tampouco respecta os seus propios votantes e os seus propios dirixentes, que se senten abochornados pola súa actuación. Probablemente, señor Vázquez, vostede nin se respecta a si mesmo. A súa actitude política é propia da farándula... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, pero da política parlamentaria e da política democrática non é propia, señor Vázquez.

Señoría, leo a pregunta que literalmente me plantexa. Pregúntame polo amedrentamento. Señor Vázquez, nada nin ninguén me vai amedrentar, nin no 2003, nin no 2009, nin no 2013. Señoría, reitérolle: comigo non é posible os pactos de silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é posible os pactos de silencio, en primeiro lugar, porque nada teño que ocultar. Se cometín algún erro, pedirei desculpas pero meter a man na caixa, nunca, señor Vázquez. En segundo lugar, señoría, porque se me tivera amedrentado, probablemente as fotos non se publicarían e probablemente significaría que admitín as coaccións. Como as fotos se publicaron, é evidente que non asumín nin admitín ningunha coacción. E, en terceiro lugar, señoría, porque eu só me debo aos galegos e ás galegas.

Moitas grazas, señor Vázquez. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señoría.

Señor Feijóo, os que están abochornados son miles de galegos de velo a vostede na foto con Marcial Dorado no seu iate. *(Aplausos.)* Eses son os que están abochornados, para empezar. *(Aplausos.)*

Polo tanto, mire, mire, insístolle en algo. Hai cousas que non se poden controlar, hai cousas que non se poden controlar: Google e internet. “Galicia narcotráfico”, poñan; sae: Feijóo. *(Murmurios.)* Si, si.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Hai cousas que non as escribe o Partido Socialista, que é os periódicos mexicanos.

Mire, señor Feijóo, quen subiu ao iate con Marcial Dorado foi vostede, que non fun eu. Quen foi de vacacións con Marcial Dorado foi vostede, que non fun eu. Quen aínda non explicou como pagaba as viaxes que tivo con Marcial Dorado foi vostede, que non fun eu. Quen puxo o seu cargo á disposición de Fraga, avergonzado polo que pasaba, foi vostede, que non fun eu. Quen dixo que estaba sendo ameazado e chantaxeado foi vostede, que non fun eu. Quen dixo que non o ían amedrentar foi vostede, que non fun eu.

Señor Feijóo, nese barco meteuse vostede só e ten que saír del vostede só. Non lle bote as culpas nin á oposición, nin a Galicia nin a ninguén. Non, a ver se vai resultar que o levei eu da man para que montara no iate de Marcial Dorado. A ver se vai resultar que foi a oposición a que lle comprou un iate a Marcial Dorado para que o paseara a vostede.

Señoría, ten vostede un problema, que non é un problema do señor Feijóo, é un problema de Galicia. É un problema que este país estivo vinculado a dúas palabras durante ducias de anos, que eran Galicia e narcotráfico, que se borra e que hoxe volven estar unidas, como hai probas evidentes diso. Polo tanto, señor Feijóo, non bote balóns fóra, non mate os que lle están facendo preguntas, que as está facendo toda Galicia, señor Feijóo.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Non se enfade vostede cos que exercen a política de control parlamentario e moito menos pense que vai vir a esta pregunta falar de min. Hai que falar de vostede, que é o que está na boca de todos os galegos...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...e na boca de todos os españois.

Remato.

Señoría, pídlle unha vez máis: asuma a súa responsabilidade, deixe de facerlle dano a este país, diga a verdade, porque o que di non llo cre ninguén.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Non hai un só galego... *(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É verdade, señoría, que dixo vostede unha cousa que toda Galicia sabe. Iso de poñer o cargo á disposición vostede nunca, nunca, nunca o vai facer. *(Aplausos.)* Iso é evidente, señoría, evidente. *(Aplausos.)* Iso é evidente, señoría. *(Aplausos.)* Pero, en fin, en fin, sigamos falando.

Señoría, vostede dixo que non sabía nada das fotos, pero soltou aquilo dous anos antes de “aí, aí”. Vostede dixo que non vira as fotos, pero dixo que aínda quedaban moitas fotos por saír. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vostede dixo que non sabía quen estaba detrás e posteriormente confirma distintas teorías de quen estaba detrás. Mire, señoría, ou é que vostede... *(A señora Quintas Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Quintas, déase por chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se contradí moito... *(A señora Quintas Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Quintas, déase por chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ou é que mente moito, ou é que fala a boleo moito. Probablemente as tres cousas. (*Murmurios.*) Despois de catro anos de presidente, parece que o único que ten contra min son unhas fotos de hai vinte anos. Señor Vázquez, vostede ten un presente penoso, ten un futuro moi curto e, polo tanto, non me vou deter no seu pasado.

Señoría, vostede sabe moi ben de onde me chegaron as advertencias de que se podían publicar as fotos. Sábeo perfectamente, porque está moito máis ao seu lado dentro do partido que neste partido. E vostede sabe moi ben que eu quero que diga quen me trasladou ese amedrentamento e esa ameaza. Non o vou dicir. (*Protestas.*) Primeiro, porque non son coma vostede; e, segundo, señoría, porque non vou facilitar a súa reelección como secretario xeral. (*Aplausos.*) Non o vou facer, señoría, (*Aplausos.*) non o vou facer. (*Aplausos.*)

Señoría, ten vostede que entender que para o partido ao que me debo e ao que represento vostede é un filón electoral inigualable. (*Aplausos.*) E, en consecuencia, señoría, non o vou facer; (*Aplausos.*) non o vou facer, señoría. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, teña vostede clara unha cousa: dende que vostede, no mesmo escano que ocupaba na oposición no ano 2011 –iso si, con máis escanos, porque o anterior presidente do Partido Socialista conseguía máis escanos que vostede–, digo que en maio do ano 11 dixo aquilo de “aí, aí”, viu como non me amedreitei; viu como seguí dicindo o que penso, do meu partido, do seu partido e da oposición; viu, señoría, que non aceptei nin ameazas nin coaccións; nin tampouco –reitero na Cámara solemnemente– non aceptei ningún pacto de silencio.

Señoría, vostede díxome que a xuíza que está instruindo o caso Campeón non é de fiar, é o mesmo que lle di agora ao xuíz que encarcerou a Marcial Dorado. Parece que a vostedes non lles gusta moito a xustiza. A min sorprendeume que vostede viñera ao meu despacho falar do caso Campeón cando non había aínda ningún político procesado.

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Posteriormente quedaron procesados o presidente do seu partido en Galicia e o número dous do Partido Socialista Obreiro Español en España. ¿Vostede como sabía tanto do que ía ocorrer nese sumario? ¿Por que me plantexou mirar para outro lado...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e calar sobre esa cuestión? Señor Vázquez, con que siga vostede por “aí, aí”, o seu camiño vai ser moi curto. Non llo digo eu, (*Murmurios.*) dílo o secretario xeral do Partido Socialista Obreiro Español.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dílo o presidente...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...do seu partido en Galicia, que vostede puxo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dílo, señoría,...

Soamente me reitero... –falta unha cousa–...

A señora PRESIDENTA: Presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Vázquez, ¿por que non cala?

A señora PRESIDENTA: Xa non ten a palabra, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacio-

nalista Galego, sobre as posibles consecuencias da eventual relación dun alto cargo cun narcotraficante

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Jorquera para formular a súa pregunta.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor presidente da Xunta de Galiza, bos días.

Mire, onte todos os meus problemas parecían tan lonxanos, agora semella como se estivesen aquí para quedar; de súpeto non son nin a metade do home que soía ser, hai unha sombra pendurada sobre min. Señor Feijoo, estas palabras, de *Yesterday*, ben poderían estar referidas a vostede, porque leva unha sombra pendurada sobre vostede, unha sombra que o acompañará onde vaia, causándolle ademais un gravísimo dano á imaxe do noso país, aínda que foxe a México para eludir contestar as preguntas que segue eludindo contestar. Mire como titulaba a prensa mexicana a súa visita: “*Político vinculado...* (Interrupcións.)”

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: “*Político vinculado con narco visita a Peña Nieto, político vinculado con narco visita a Peña Nieto*”. (Murmurios.) Señor Feijóo, todas as preguntas chave segue sen respondelas. ¿Quen o coaccionaba, señor Feijóo? Esta Cámara ten o dereito a saber quen presuntamente o coaccionaba. ¿Cantas viaxes realizou co señor Marcial Dorado, señor Feijóo? ¿En que datas? ¿A que lugares? ¿Quen as pagou, señor Feijóo?

Ademais, vostede e o seu partido incorreron en graves contradicións. Primeiro, negaron que houbera contratos da Xunta con empresas participadas por Marcial Dorado; e despois admitiuno, pero admitiuno como sempre, tirando a pedra e agachando a man, lanzando unha insidia contra o bipartito. Porque sabe que as axudas ás empresas afectadas polas inundacións eran axudas regradas, o Goberno tería incorrido en prevaricación se introducise discriminacións. Pero aínda non dixo nada dos contratos que tiña coa administración á que vostede pertencía, dos contratos que tiña mentres vostede ía en iate de viaxe ou celebraba a Fin de Ano con ese señor.

Pero, mire, a súa principal contradición é esta frase, cando se refire ao seu presunto descoñecemento da relación de Marcial Dorado co narcotráfico, unha frase que o delata: “se tivese a máis mínima información, non tería posado para estas fotos”. Señor Feijóo, o grave non son as fotos, o grave é o que revelan as fotos. E vostede non di que non tería mantido unha relación co señor Marcial Dorado, vostede di que non tería posado para esas fotos.

Mire, señor Feijóo, no pasado debate o señor Puy admitiu que o señor Marcial Dorado, que a súa relación o que buscaba era lexitimade social.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Jorquera, remate.

O señor JORQUERA CASELAS: E ese é un motivo suficiente, que vostede lle proporcionase lexitimidade social, para que vostede dimita dunha vez ante esta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Bos días, señor Jorquera.

Probablemente porque vostede estaba pensando nos Beatles non escoitou o seu compañeiro da oposición, o señor Vázquez, que sacou o mesmo recorte. Parece que en México só hai un periódico. Non se preocupe vostede, ¡eh! En México hai moitos periódicos, e que o presidente da Xunta sexa recibido polo presidente dos Estados Unidos de México lamento que vostede non o valore positivamente.

Señor Jorquera, eu na sesión que tivemos hai quince días aquí reiterei que non souben darlle a importancia de terme relacionado cunha persoa que tivera antecedentes no contrabando de tabaco, con independencia de que no momento que o coñecía aínda non estivera condenado nin sequera por contrabando. Pero vostedes esíxennme poderes adivinatorios (*Protestas.*) e querían que eu soubera o que ía ocorrer con esa persoa... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...sete anos despois de que deixara de vela absolutamente.

Señoría, eu preguntome: se vostedes me esixen a min poderes adivinatorios por coñecer unha persoa nos anos 90, ¿vostedes non teñen ningunha responsabilidade por darlle unha axuda de 125.000 euros non nos anos 90 senón no ano 2007, cando xa estaba condenado e encarcerado? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Jorquera, dígo-lle isto porque esa axuda foi outorgada polo bipartito, o PSOE e o BNG, e, dentro do bipartito, por un conselleiro nacionalista, que non vou entrar na súa situación procesual.

En consecuencia, señor Jorquera, se vostedes me piden responsabilidades dúas décadas despois, e que non van asumir ningunha responsabilidade por outorgar unha subvención a fondo perdido... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) de 125.000 euros...

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez, chámola á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a alguén que estaba condenado e que estaba encarcerado por narcotráfico, ¿como vostede é capaz de relacionarme a través dunha fotografía con rapaces que quedaron afectados ata morrer pola droga e vostede simplemente dende o seu escano, mirando para outro lado, cando resulta que cando vostedes gobernaban a ese mesmo persoeiro daban subvencións a fondo perdido de 125.000 euros? (*Aplausos.*) ¿É que non ten vostede ningún tipo de moral, señor Jorquera? (*Aplausos.*)

Señoría, ¿non cre que vostede podía aproveitar esta sesión para dar algunha desculpa ou algunha explicación? ¿Que é iso de incorrer en prevaricación por non dar unha subvención a unha empresa cuxo titular é unha persoa condenada por narcotráfico? (*Murmurios.*) ¿Iso é prevaricación, señor Jorquera? Xa vexo como entenden vostedes a prevaricación e como teñen dous modelos de medir as actitudes do resto da política. Señor Jorquera, menos sobreactuación e menos hipocrísia.

Señor Jorquera, un político como vostede, ao que lle gustan os Beatles, estou convencido de que a ética e a moral...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ten que ser unha constante na súa actividade política. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E por iso, señor Jorquera, dígo-lle: non lle debe tanto ao BNG, non faga todo o que lle pida o BNG, porque xa sabe como acaban os portavoces do BNG.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Jorquera, vostede é un político que pode seguir sendo competente, (*Murmurios.*) non se deixe arrastrar polo aparato do BNG.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Feijóo, teña a seguridade de que se precisase un asesor non recorrería a vostede precisamente.

Pero, mire, fágolle unha invitación: promova unha modificación do Regulamento do Parlamento, propoña que se poida incluír na orde do día dos plenos as preguntas do presidente e a sesión de control á oposición, porque vostede non está contestando a ningunha das preguntas que lle formula a oposición, (*Aplausos.*) e vostede segue escaqueándose, como sempre.

Mire, señor Feijóo, vostede o outro día insistiu para exculparse —e agora acaba de dicilo de novo— en que en 1997 todas as causas que se abriran contra Marcial Dorado non estaban relacionadas co narcotráfico. Por moito de que todo o mundo sabía a que se dedicaba Marcial Dorado, entón, ¿vostede está xustificando o contrabando, señor Feijóo? (*Murmurios.*) ¿Está xustificando a evasión fiscal, señor Feijóo? (*Aplausos.*) ¿Está xustificando o branqueo de capitais, señor Feijóo? ¿Está xustificando subornos continuados a axentes da Garda Civil, señor Feijóo? (*Aplausos.*) Porque sobre Marcial Dorado tamén pesa unha condena por subornos cometidos cando vostede tiña unha estreita relación con

el. ¿Ou tamén descoñecía isto, señor Feijóo? Porque se o descoñecía, tamén é motivo para dimitir. Un cargo público ten que estar informado, e vostede sempre apela ao descoñecemento, como cando di que descoñecía que Pablo Crespo estaba en Portos de Galiza cando vostede era conselleiro de Política Territorial.

Pero, mire, xa que falamos de Pablo Crespo, no xuízo aberto pola Audiencia Nacional contra Marcial Dorado está tamén acusado por branqueo de capitais e pertenza a organización delituosa Félix Pancorbo. ¿Sabe vostede quen é Félix Pancorbo? O avogado de Pablo Crespo e outros presuntos implicados na trama Gürtel. ¿Descoñecíaio tamén?

Mire, señor Feijóo, por ética, por decencia,...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ...por non danar máis a imaxe deste país, ¡dimita dunha vez! *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vostede dime que non contestei as preguntas. Dúas horas de comparecencia parlamentaria e completamente esta sesión de control. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, cando vin que todos os grupos da Cámara volvían preguntarme polo mesmo que xa respondín, crín que podía facelo polo menos algún portavoz para intentar rectificar o ridículo constante e continuo a que están sometendo este Parlamento. *(Protestas.)*

Pero, polo que vexo, señoría, despois de escoitalo, sobre todo nesta réplica, parece que vostede está absolutamente convencido de que ten que persistir nese ridículo. Voulle explicar o ridículo, señoría. Nesa sobreactuada intervención só lle queda facer dúas cousas: ou sacar o zapato ou emocionarse tanto tanto tanto... *(Murmurios.)* para ver se imita tanto tanto tanto ao que non asume estas cuestións. *(Aplausos.)*

Señoría, señoría, quero dicirlle, quero dicirlle, señoría,...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento.

¡Señor Beiras! ¡Señor Beiras!

(O señor Beiras Torrado diríxese ao escano do señor presidente e pronuncia palabras que non se perciben, dando unha puñada no escano.)

¡Señor Beiras, faga o favor!

(Aplausos.) (Protestas.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Señor Beiras!

Perdoe un momento, presidente, perdoe un momento.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señor Beiras!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.) (Protestas.)

¡Señor Beiras! ¡Señor Beiras!

Perdoe un momento.

Señor Beiras, vostede é un deputado con dereitos e obrigas e unha delas é a de manter a orde e a disciplina parlamentaria. Polo tanto, prégolle responsabilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben e abandona o salón de sesións.)

Paréceme moi ben.

(Murmurios.) (Aplausos.) (Protestas.)

Señores, perdón, perdón, perdón e silencio, por favor. E imos continuar con tranquilidade. *(Pronúncianse palabras)*

que non se perciben.) Imos continuar con tranquilidade esta sesión.

Señor presidente, pode continuar.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Xa ve...

A señora PRESIDENTA: Non me gustaría ter que seguir chamando á orde, fagan o favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor presidente, pode continuar.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Sabe, señor Jorquera, que mentres vostede compite con Beiras para ver quen é o mellor imitador de Beiras, eu preocúpome dos galegos e das galegas *(Aplausos.)* e de lamentar este espectáculo bochornoso, *(Aplausos.)* este espectáculo bochornoso. *(Aplausos.)*

Señoría, agora resulta que en Galicia se é capaz de amedrentar o presidente da Xunta nunha sesión de control... *(Protestas.)* por un membro dun partido político. *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo, déase por chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Jorquera, reitero: non vaia por ese camiño, *(Murmurios.)* non vaia intentando imitar o inimitable... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente, perdón.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías,... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...vostedes aínda soportan menos que ao presidente da

Xunta e menos que ao Goberno democrático e menos que a este partido maioritario, aínda soportan menos aos galegos e ás galegas, que votan libremente cada catro anos e lle están dicindo ao señor Jorquera que non siga por aí, que non siga por aí, porque o leva simplemente ao precipicio como partido e ao precipicio como país. *(Murmurios.)*

Señor Jorquera, sabe vostede perfectamente que cando eu coñecín esa persoa nin era presidente nin el tiña ningunha condena por ningún xuíz. E sabe vostede exactamente que cando vostede cometeu a ignominia de relacionarme coa droga e de relacionarme coa sida iso vaino lamentar persoalmente, *(Murmurios.)* porque sabe que iso é unha gran miseria e unha gran baixeza moral, *(Aplausos.)* unha gran miseria e unha gran baixeza moral. *(Aplausos.)*

Señorías, non vou entrar en se o BNG ten algún militante e algún dilixente condenado no cárcere por narcotráfico. Non o vou facer, señoría, *(Murmurios.)* porque o BNG non ten nada que ver co narcotráfico. *(Murmurios.)* O que si lle digo, señoría, é que vostede ao mellor consegue un premio, o premio de imitador de Beiras, pero non vai conseguir o premio dos votos dos galegos.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

Silencio, por favor.

Silencio, por favor.

Silencio, por favor. Silencio.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D.^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os contratos asinados pola Xunta de Galicia coas empresas do Sr. Marcial Dorado

A señora PRESIDENTA: Eu prego... Vai ter a palabra a señora Yolanda Díaz, que é a que vai preguntar, e vai ter a palabra o señor presidente, que é o que vai responder. Polo tanto, eu agradecería que os demais deputados e deputadas... *(A señora Quintas Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* –perdón, señora Quintas, que estou a falar– deixen escoitar con tranquilidade, se non non escoitamos.

Señora Yolanda Díaz, ten vostede a palabra en representación do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, para facer a súa pregunta.

Moitas grazas. *(Murmurios.)*

A señora DÍAZ PÉREZ: Señora presidenta.

Señor presidente, bos días.

A verdade, señor presidente, converte a política nun espectáculo denigrante. *(Murmurios.) (Risos.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Silencio, por favor. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Losada, vouno chamar á orde a vostede.

Fagan o favor, está a falar a señora Díaz. Pido, por favor, que se escoite.

Señora Díaz, continúe.

A señora DÍAZ PÉREZ: Eu non teño inconveniente, señora presidenta, mesmo cédolle o meu turno de palabra. Esta violencia ás veces é realmente insoportable... *(Murmurios.) (A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Rodríguez Arias.

Señora Rodríguez Arias, chámola á orde.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, supoño... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, señor Losada, chámoo a vostede tamén á orde.

A señora DÍAZ PÉREZ: Supoño que segue correndo o tempo, señora presidenta, é que é un escándalo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(Murmurios.) É que é alucinante, de verdade, jeh!

Eu vaime sobrar o tempo, señora presidenta, pero ou ben falan eles, eu non teño inconveniente...

A señora PRESIDENTA: Ten vostede a palabra.

A señora DÍAZ PÉREZ: Vale, pero non pare o tempo...

A señora PRESIDENTA: Xa sei o tempo que pasou e eu sei o tempo perfectamente.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, alégrome de que vostede volva das Américas; mesmo seguramente trocou, efectivamente, a neve polo leite. Pero, señor Feijóo, os estaleiros de Galicia seguen sen carga de traballo. O seu sinal de identidade, señor presidente, é a mentira política, e díxenlle nunha ocasión que a primeira forma de corrupción é a mentira política. Compareceu diante desta Cámara e afirmou non ter coñecidas as actividades ilícitas ás que se adicaba o señor Marcial Dorado. Días despois, señor presidente, isto resultou ser falso, porque vostede diante dos medios recoñeceu coñecer perfectamente o entramado empresarial do señor Marcial Dorado, coñecía perfectamente.

Señor Feijóo, é licenciado en dereito, sabe que unha causa que se instrúe nunha investigación tan complexa como o narcotráfico tarda moitos anos, e vostede sabe que daquela, nos anos 90, en que mantiña amizades perigosas con Marcial Dorado, xa estaba sendo investigado por mor do narcotráfico. Recentemente acaba de ser condenado, o día 29 de marzo deste ano, efectivamente, por unha causa grosa de narcotráfico, delitos contra a saúde pública.

Vostede demostrou diante da cidadanía deste país que mentía, que sabía perfectamente ao que se adicaba o señor Marcial Dorado. Só vostede e mais o señor Romay Beccaría non sabían en Galicia quen era Marcial Dorado. O que non era coñecido nos anos 90, señor Feijóo, era vostede, pero o señor Marcial Dorado era coñecido para todo o mundo no noso país. Nos anos 90 había unha guerra neste país, señor Feijóo: a guerra contra o narcotráfico. Había dous bandos: as nais que loitaban contra a droga e vostede, que paseaba nun iate cun narcotraficante. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora portavoz, dado o que acaba de ocorrer no Parlamento neste momento, cando está falando o presidente do Goberno democrático de Galicia, solicítolle formalmente, antes de utilizar o meu turno de resposta, que pida desculpas, se non quere a min, si á Cámara e ao Goberno democrático de Galicia, pola actitude do seu portavoz.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor presidente, as súas formas son as deses amigos que vostede compartía con Marcial Dorado, as formas de Manuel Cruz, ese guerrilleiro de Cristo Rey que machacou dúas camaradas miñas. Esas son as súas formas, as violentas, *(Murmurios.)* non as nosas. Esas son as súas formas. *(Aplausos.)*

E, señor Feijóo, na sentenza que acaba de ditar o Tribunal Supremo, fala alto e claro desas relacións de Marcial Dorado por feitos que se desenvolven entre o ano 2000 e 2002.

Señor presidente da Xunta, o xuíz Vázquez Taín, que tanto defende vostede ultimamente, dinos que vostede aínda mantiña conversas nesas datas co señor Marcial Dorado.

Señor Feijóo, mente. Non sei se viu esa película marabillosa de Nanni Moretti que se titula *Abril*. Nesa película el di: “Massimo, di algo, di algo de *sinistra*, di algo, di algunha verdade”. Esa é a súa característica. Díganos algunha verdade, señor Feijóo. Diga algunha verdade, porque a súa ética política nestes intres está polo chan, o único que lle queda é radicalmente presentar o seu posto a esta Cámara, *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* presentar o seu posto a esta Cámara.

Vou rematar,...

A señora PRESIDENTA: Señora Prado.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...señora presidenta, cun anaco desa sentenza que acaba de ditar o Tribunal Supremo por fei-

tos que se desenvolven no ano 2000: “O señor Marcial Dorado cofinanciaba a operación de importación de cocaína...” *(Murmurios.)* “mencionada e encargábase ademais de planificar o desembarco e almacenaxe de droga en Galicia, así como a súa posterior distribución pola xeografía nacional, mantendo frecuentes contactos cunha primeira estrutura de provedores colombianos de droga”.

Señor Feijóo, vostede non é crible. A súa falta de ética esixe a súa dimisión. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, por respecto a esta Cámara dígolle con toda tranquilidade que estamos fartos. Estamos fartos de que a este Goberno e a este partido se nos chame criminais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Publicado nos xornais galegos. Estamos fartos de que se nos diga que cando van abusar ou coaccionar membros deste partido ou deste grupo, iso é lóxico, e se algunha vez alguén se atreve a facelo con vostedes é que é fascismo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estamos fartos, señorías, *(Aplausos.)* estamos fartos de tanta ignominia, estamos fartos de tanta ignominia.

Señora... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Presidente.

¡Señor Beiras, sente! *(Aplausos.)*

Señor... *(Murmurios.)* Señor Beiras, chámoo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, dígolle que estamos fartos. Non sei vostede a capacidade que ten dentro do seu grupo, non sei se vostede nin sequera pode ou non pedir desculpas polo comportamento dalgún deputado do seu grupo, non sei nin sequera cal é o seu plantexamento político nin o seu plantexamento moral. Señoría, o que si lle digo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é que como presidente de Galicia non vou admitir este trato vexatorio na institución que os galegos elixiron. *(Aplausos.)*

E o que si lle digo, señoría, é que esta sesión parlamentaria me vale para seguir traballando, porque hoxe por hoxe a única posibilidade de que se respecte o Estado de dereito, e a única posibilidade dun Goberno democrático, é o que eu presido. Por iso, señoría, o que vostede... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* me pide, señoría,... Si, si, señorías. O que ocorreu hoxe no Parlamento de Galicia non ocorreu nunca nun Parlamento europeo e eu atreveríame a dicir en ningún país democrático:... *(Protestas.)* que se veña ameazando o presidente de Galicia no turno de intervención.

Señora, como vostede non merece hoxe por hoxe ningunha resposta, remitirei os datos que vostede me pregunta á Cámara, á xustiza e a Galicia. *(Protestas.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio.

Silencio, señorías. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio.

Prego silencio, señorías, por favor.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

Señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Unha cuestión de orde, en base ao artigo 77 do Regulamento da Cámara, que di que en calquera momento se pode pedir a observación do Regulamento da Cámara. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Si.

O señor PUY FRAGA: Eu quixera, desde o máximo respecto á Presidencia da Cámara, preguntarlle se este portavoz non se enterou por algún motivo da modificación do artigo 105 da Cámara, que di taxativamente que os deputados, os oradores, serán chamados á orde cando con interrupcións ou de calquera forma alteraran a orde das sesións.

Aquí ocorreu algo inédito nesta Cámara, que foi un acercamento ao presidente da Xunta con interrupción no

momento da súa intervención sen chamada á orde. Eu non sei se é porque se modificou o artigo ou é porque algúns deputados nesta Cámara teñen bula, pero gustaríanos que nos informara á Cámara disto. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Por favor.

O problema é que como non se deixa escoitar con toda a algarada non se escoita a ninguén. Quero dicirlle que hai varios deputados que xa teñen sido chamados á orde e un deles é o deputado que fixo o que vostede dixo.

Polo tanto, se lles parece, imos continuar a orde do día, co punto de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e tres deputados máis, sobre as actuacións que deben levar a cabo o Parlamento de Galicia e o Goberno galego co fin de establecer unha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos deputados e dos altos cargos da Xunta de Galicia, así como do conxunto de entidades que conforman o sector público galego

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Méndez Romeu. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta.

Señorías, logo dun debate no que se teñen realizado, especialmente dende o Goberno, tantas apelacións á ética e á moral, imos poñer a proba nesta modesta proposición o nivel das conviccións democráticas a prol da transparencia do Goberno galego.

A revelación polos medios de comunicación de que algúns dirixentes do grupo político que goberna o país estaban percibindo salarios mensuais adicionais de 10.000 euros durante anos estende unha preocupante sospeita sobre a moralidade amparada polo presidente do Goberno de España e os seus colaboradores.

No contexto dunha crise de lexitimidade e desafección cidadá cara á política, evidente nas críticas ás principais institucións do Estado, esa revelación faise especialmente destrutiva. Que as probas coñecidas apunten ao financiamento irregular para sustentar eses salarios que bordean a lexislación de incompatibilidades engade preocupación.

Señorías, o problema da corrupción é tan vello como os gobernos. Os intereses que rodean o poder sempre foron e serán motivo de condutas impropias, cando non delituosas. Basta recordar o que se di en tantos clásicos. Dante situaba os corruptos no oitavo círculo do inferno, e ademais dicía que quedarían mergullados a perpetuidade en brea; metáfora da viscosidade e da escuridade na que se moven. Ou basta lembrar os célebres discursos de Cicerón contra Catilina e Berres polo espolio acontecido.

Previr é tan importante como reprimir. A Lei de transparencia e boas prácticas aprobada polo Goberno de Galicia no ano 2006, e que foi seguida pola Lei de subvencións no ano 2007, foron un fito en España e permitiron que durante estes anos Galicia encabezara o *ranking* das institucións de España en materia de transparencia, un *ranking* que se modificou este ano cando outras comunidades adiantaron máis que a Xunta de Galicia.

Dando un paso máis, este Parlamento vén publicando na web dos dous últimos anos os patrimonios dos membros da Cámara, unha práctica asumida pola Xunta no presente ano. Son pasos adiante no proceso de transparencia da administración que agora esta moción quere elevar a obrigas permanentes e periódicas, incrementando e consolidando o grao de información que os cidadáns deben ter sobre os seus representantes.

Os documentos máis coñecidos sobre prevención de condutas irregulares inciden nesa necesidade de transparencia, sexan organismos internacionais como a OCDE ou sexan organizacións non gobernamentais como Transparencia Internacional. Os diagnósticos coinciden e as propostas tamén, sabendo que a transparencia soa non resolverá os problemas pero que é un factor necesario en calquera enfoque eficaz.

Pero non debemos conformarnos. A corrupción agroma onde hai recursos e beneficios posibles: na contratación de

bens e servizos, na contratación de persoal, nas concesións administrativas ou nas actuacións urbanísticas. Non agroma nas cámaras lexislativas, onde a capacidade de influencia dos *lobbys* ou dos intereses particulares é cativa, de acordo coa lexislación electoral española.

Un repaso dos principais casos de corrupción, no noso país, evidencia onde se debe actuar con máis transparencia. En consecuencia, cómpre estender a obriga de transparencia aos directivos da Administración galega, na dobre liña de altos cargos das consellerías e de presidentes e directivos de todos os organismos autónomos, un conxunto de cento cincuenta persoas en Galicia que si teñen a capacidade de licitar e adxudicar e onde as necesidades de transparencia son evidentes. A xurisprudencia acredita que non hai obstáculos legais que impidan esa publicidade; de feito, todas esas persoas están obrigadas no momento actual a facer unha declaración pública que custodia a Xunta pero que, de acordo co Decreto 205/2008, ten carácter público.

Propoñemos nesta iniciativa que esa declaración sexa publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na web de xeito anual e incluso nos dous anos seguintes ao cesamento dos altos cargos. Así, por exemplo, poderase comprobar a orixe das rendas que perciben e se están relacionadas cos intereses que xestionaron como altos cargos.

Porque existe un problema coa chamada “porta xiratoria”, o mecanismo polo que altos cargos da Xunta pasan ao sector privado e viceversa. Cómpre despejar as dúbidas sobre a existencia de intereses para que por exemplo unha conselleira de Sanidade non poida asinar contratos ou subvencións coa empresa da que procede e á que presumiblemente retornará. Ou como ten acontecido no Igape, para que altos cargos contratados non organicen a externalización dos servizos dos que logo eles mesmos, de retorno á empresa privada, serán beneficiados. Ou que existan percepcións salariais de dubidosa procedencia, como amosan os chamados papeis do señor Bárcenas e que benefician ou beneficiaron a tantos dirixentes do Partido Popular.

Señorías, a transparencia non é unha meta, é un camiño no que deberemos afondar sistematicamente. Trátase de implantar, progresivamente, unha cultura da dación de contas que permita aos cidadáns coñecer o destino de cada un dos euros que pagan como impostos, cun nivel de desagre-

gación e de intelixibilidade que os actuais orzamentos non facilitan. O modelo de Data.gov impulsado polo presidente Obama e que comeza a ser timidamente aplicado nalgunhas administracións ten todavía moito percorrido pendente. Un vistazo ao portal Abert@s da Xunta de Galicia é decepcionante: poucos datos e practicamente ningún reutilizable.

A Xunta oculta sistematicamente información de interese público, mesmo cando a solicita o Parlamento. Os incumprimentos do artigo 9 do Regulamento son simplemente escandalosos. Na única auditoría realizada ata agora sobre a democracia en España, coa colaboración do CIS e do CSIC, e que foi publicada o pasado ano, os datos reflicten a preocupación cidadá. Así, os cidadáns consideran ineficaz e pouco asequible a administración pública, entenden que existe desigualdade ante a lei derivada do nivel económico das persoas, expresan a insuficiencia dos mecanismos de prevención da corrupción, denuncian a falta de transparencia nas decisións e funcionamento do ámbito político e consideran moi insuficiente a actual rendición de contas por parte de gobernantes e dos políticos en xeral.

Cambiar esas percepcións negativas esixe adoptar medidas. O Goberno galego ata hoxe foi remiso na adopción de acordos de pulo da transparencia na súa actuación. A proposición que hoxe propoñemos é coherente co nivel dos problemas descritos, é acorde co marco legal vixente e necesaria. Supón subir un chanzo na esixencia de control sobre os altos cargos, que son os xestores directos dos impostos dos cidadáns. Expresa unha liña de compromiso da Cámara na erradicación das condutas irregulares.

Señorías, apelo a eses elevados obxectivos para reclamar o apoio unánime á súa aprobación e á súa implementación inmediata.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Desde logo, téñolles que confesar que, despois do debate ao que acabamos de asistir no punto anterior, me vexo na obriga, sobre todo nun asunto no que imos falar de transparencia e de corrupción, de dicir que do que está farta a cidadanía, señor Núñez Feijóo –se me está escoitando a través dun dos moitos mecanismos que existen neste Parlamento para que o faga–, é da corrupción institucional. Do que está farta a cidadanía é da falta de ética política, que –acabamos de asistir– é a maior expoñente da corrupción, corrupción que un presidente que vén ao Parlamento a someterse ao control da oposición non só non conteste senón que chulee –literalmente–...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...*(Murmurios.)* o Parlamento, o seu Regulamento e a oposición, *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Fale da cuestión.

A señora PAZ FRANCO: ...un presidente que lle mente...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz...

A señora PAZ FRANCO: ...ao Parlamento e á súa cidadanía...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz, chámola por segunda vez á cuestión e xa lle digo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PAZ FRANCO: ¿Como? Pero... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Non, señora Paz, faga o favor.

A señora PAZ FRANCO: Transparencia tamén é que un presidente aclare cales son ou foron as súas relacións co narcotráfico, con quen branquea capitais. Transparencia tamén é non ocultarlle información acerca de axudas públicas que é de todos os galegos e que o señor presidente se nega a remitir a este Parlamento, a pesar de que a pedimos e que despois el utiliza á súa conveniencia, manipulándoa nas súas respostas. Iso é a verdadeira corrupción deste sistema e a verdadeira corrupción do Partido Popular.

Pero corrupción tamén é, señoras e señores deputados, que se utilice o *Boletín Oficial do Estado* para roubarlles aos afectados polas preferentes, que se utilice o *Boletín Oficial do Estado* para favorecer as grandes empresas construtoras, as grandes empresas eléctricas, as grandes contratistas, as grandes prestadoras de servizos, para que despois elas favorezan o Partido Popular en B pero tamén en A; en B dándolle cartos para repartir sobres, e en A colocando os ex altos cargos nos seus consellos de administración, para que sigan favorecendo as empresas. *(Aplausos.)*

Señoras e señores do Partido Popular, e señor Méndez Romeu, nós imos votar a favor da súa iniciativa, pero tamén temos que dicir que imos votar porque cremos que calquera camiño que se avance na transparencia é positivo, e de feito o Bloque Nacionalista Galego xa publicou mesmo a declaración de bens que presentamos en sobre secreto neste Parlamento na nosa páxina web. Polo tanto, a ese respecto co Bloque Nacionalista Galego non van ter ningún problema.

Pero si que quero dicir que a cidadanía, con todo o que está pasando, con todo o que vimos aquí hai un momento, con todo o que imos sabendo cada día dos famosos papeis de Bárcenas, da famosa trama Gürtel, do famoso financiamento ilegal que se coñece a través desas tramas, xa non cre en nada.

Señoras e señores deputados, calquera exercicio de transparencia que poidamos facer coas nosas declaracións da renda non é crible, porque ¿alguén cre que o señor Bárcenas poñía na declaración da renda os 38 millóns que tiña en Suíza? ¿Ou que a poñía na declaración de bens que fixo ao tomar posesión como senador? ¿Ou cren vostedes, señoras e señores deputados, que os cargos do Partido Popular que cobran en B e que cobraron en B durante décadas o poñían na declaración da renda?

Polo tanto, non é suficiente, é necesario, pero non é suficiente. ¿Ou cren vostedes, señoras deputadas e deputados, que un alcalde do Partido Popular que recoñece que defraudou durante cinco anos 280.000 euros a Facenda lle vale de algo á cidadanía a súa declaración da renda? ¿Ou que ese mesmo alcalde lle vale algo á cidadanía que como deputado provincial en Ourense faga unha declaración de bens cando o día antes de facela pública recoñece que foi a Portugal

poñer os seus bens e as súas empresas a nome da súa filla para pagar menos impostos?

Esa é unha auténtica inmoralidade e é contra o que temos que loitar, contra a inmoralidade e a falta de ética en política. E por iso, señoras e señores deputados, se de verdade queremos ser cribles ante a cidadanía, que recuperen a credibilidade nas institucións e nas persoas que estamos nas institucións, non vale simplemente con que publiquemos as nosas declaracións de bens. Temos que empezar a tomar medidas en contra desa “porta xiratoria” en virtude da cal un cando está en política favorece unha empresa para que esa empresa o favoreza cando deixe de estar en política. Temos que tomar medidas e falar en serio e a cara descuberta...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...do financiamento dos partidos políticos e das campañas electorais. Temos que falar en serio e a cara descuberta de con que grao de democracia e de contar co pobo se toman...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...decisións que acaban derivando por calquera medio cartos públicos cara á esfera privada.

En definitiva, temos que afondar na democracia. E o primeiro que debería empezar por afondar na democracia é o señor presidente...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...contestando...

A señora PRESIDENTA: Moita grazas, señora Paz. Xa non ten a palabra.

(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra a señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, señora presidenta.

Bos días.

Adiantarlle, señor Méndez Romeu, que imos apoiar esta proposta en nome de Alternativa Galega de Esquerda. O que pasa é que tamén sinalar, ¿non?, que é unha medida prudente e que pon o foco nunha parte do problema. Digo prudente porque dalgún xeito isto xa se está a facer, digo prudente porque o foco do problema hai que poñelo onde hai que poñelo, e hai que poñelo no que estamos ao final dun réxime no que todas as institucións están podres, no que a corrupción se espalla, no que, efectivamente, moitos teóricos están a falar xa de que mesmo as administracións públicas –vou poñer un exemplo: a Deputación de Ourense– funcionan e se organizan como as mafias –non o di a Alternativa Galega de Esquerda, estano dicindo teóricos importantes no conxunto do Estado español–, funcionan como mafias.

No que realmente, se queremos atallar o problema, hai que rexenerar a vida democrática, a política neste país. E, efectivamente, isto é unha medida que pon o foco –repito– na publicación ou só explícita a publicación das rendas e dos bens, dende que inicia o mandato ata que rematamos. Pero Alternativa Galega cre que hai que avanzar un pasiño máis, sobre todo porque vostede sabe que no noso Estado, no dereito penal, non existe un tipo penal que pene a corrupción, mesmo como hai noutros Estados ben preto de nós. Pero todos os teóricos do dereito penal afirman que nese tipo penal da corrupción que castigue como tal ese feito, ese feito punible, efectivamente, falan dun corruptor activo e dun corruptor pasivo que tamén é necesario. Nunca falamos do corruptor activo. Son esas empresas que precisan contratos na administración pública, efectivamente, seducindo, subornando ou mesmo cooperando activamente con políticos e con funcionarios públicos.

Pero, dende logo, toda a doutrina pon o fincapé, fai fincapé nesa parte da que nunca se fala, que é o corruptor, esa peza activa que necesita deste modelo de mafia, organizado como unha mafia, para poder seguir vivindo.

Por tanto, a medida é prudente, teríamos que ter tomado outras medidas. Eu concordo coa exposición que fixo a señora Tereixa Paz. Efectivamente, creo que profunda no que está pasando e ademais cremos que, de haber vontade política, está practicamente todo escrito, está todo escrito.

Temos que reformar a Lei de financiamento dos partidos políticos. Non se quere dende os grandes partidos políticos, porque ao final isto forma parte deste sistema –repito– caduco, podre, no que estamos inseridos.

En segundo lugar, temos que mudar a lexislación, que é esta norma, a Lei de contratos da Administración no Estado, efectivamente, porque é dalgún xeito a que relaxa os criterios ou os planteamentos para poder chegar ata onde chegamos. Toda a esquerda plural está pedindo que haxa un rexistro público de empresas coas que as administracións públicas traballan.

Por exemplo, na Xunta de Galicia e nos concellos deste país, a nós gustaríanos saber cantos contratos hai dende aquí a un ano ou dous anos cunha empresa que se chama Eulen. Seguramente levaríamos unha sorpresa. É dicir, pois que haxa un rexistro público en todos os concellos, en todas as deputacións, na Xunta de Galicia que nos diga: pois dende hai dous anos, casualmente, goberna o Partido Popular e espállanse os contratos en calquera materia, dá igual, do que sexa, cunha empresa que é Eulen, e creo que a apoderada é familiar do señor da Xunta de Galicia, que lamento moito que hoxe non estea aquí. É un dato certo, señor Puy, é un dato certo.

Por tanto, ¿isto é corrupción? Pois algúns teóricos din que si, algúns teóricos din que si, penalistas con moito renome, non efectivamente o meu, e algúns din que é como o caso Urdangarín, unha carta de presentación. Bueno, pois é doado. Poñamos medidas que faciliten a transparencia onde está o núcleo do problema, que é no suxeito activo, o corruptor activo, despois as pezas son outras, pero digamos que a énfase hai que poñela nesas magnitudes que necesitan dunha peza –repito–, non só cargos públicos, senón tamén funcionarios públicos, para poder seguir enredando.

Repito: imos apoiala, pero esixe un debate con maior profundidade e poñendo o foco onde hai que poñelo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, señor presidente, grazas.

Bos días, señorías.

Eu quixera aproveitar, señor Méndez Romeu, para, nesta primeira intervención que teño oportunidade de facer nesta Cámara, centrarme no debate que nos trae hoxe aquí e non contestar, bueno, unha serie de cuestións desafortunadas que probablemente hoxe se dixeron nalgunha das intervencións que me antecedeu, e centrarme no que importa, porque creo que é un debate de profundidade e de calado e que interesa ao conxunto dos grupos que estamos representados nesta Cámara.

Resulta imposible a todas luces non compartir con vostede a preocupación pola desafección que a día de hoxe unha parte da sociedade sente cara aos seus representantes políticos, e na mesma medida é moi difícil non compartir pois a necesidade de tomar unha serie de medidas que freen esa deriva, sen dúbida perigosa para o mantemento das institucións democráticas do noso país.

Incluso teño que dicirlle que, lida e analizada a proposición que vostede facía e que trae hoxe aquí, pois, con matices, pero no substancial, pode ser perfectamente compartida polo Grupo Parlamentar Popular, e como ven, son moitas as coincidencias que temos nese sentido, pero teño que aclarar que precisamente porque existen todas esas coincidencias acordamos todos os grupos da Cámara crear unha comisión específica para o estudo destas cuestións, unha comisión que está operando neste momento, como é a de prevención da corrupción.

E creámola porque eramos conscientes da necesidade de acadar determinados obxectivos, como o de adoptar medidas en distintas ordes, múltiples medidas moi probablemente en distintas ordes da vida política, como pode ser a fiscal, a deontolóxico, a da transparencia e demais medidas que ademais teñen que estar coordinadas entre si.

Para que vostede entenda o que lle quero dicir, por exemplo, para levar a cabo a proposta que vostede trae hoxe aquí, sería necesaria a modificación de alomenos tres corpos legais do noso país: a Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia, a Lei de incompatibilidade de membros da Xunta e altos cargos da Administración autonómica e o propio Regulamento da Cámara. E necesariamente esas modificacións

legais teñen que estar coordinadas con aquelas outras que puideran xurdir ao longo do estudo que se vai facer nesa comisión creada *ad hoc* para tratar esta cuestión.

Ademais, temos que dicir que esa comisión xa está creada, que temos establecidos uns métodos de traballo a través do estudo e da documentación –documentación da que vostede facía mención na súa intervención, precisamente– e tamén a través da comparecencia de múltiples expertos que van ser chamados a participar nesta Cámara e ofrecernos a súa visión de cal é o mellor método para poñer coto a esta lacra que é pois a corrupción no ámbito político.

E, ademais, démonos un prazo razoable para afondar suficientemente na cuestión, pero ao mesmo tempo reducido para que non se nos vaia no tempo. Acordamos que eses traballos van finalizar antes do prazo de tres meses, antes de que chegue o verán. Por iso sorpréndenme –teño que dicilo e máis de quen ocupou responsabilidades políticas no Goberno bipartito– as présas en adoptar estas medidas, porque podía preguntarse por que naquel momento pois non foron conscientes da necesidade ou se había outros motivos para non apurarse demasiado na transparencia das distintas percepcións económicas que percibían os membros do Goberno do que vostede formaba parte.

Como dicía, coincido en todo isto. O que non entendemos é por que a presentación desta proposición non de lei na Cámara, existindo como existe a comisión de estudo para a prevención da corrupción, porque todos os grupos na derradeira sesión que celebramos coincidíamos na necesidade de que esa comisión fose un instrumento útil, que non se convertera, e creo que foron palabras exactas dos tres representantes dos grupos parlamentarios na oposición, minoritarios, de que a comisión non se convertera nun paripé.

Vostede mesmo, nunha intervención que facía onte nesta mesma Cámara, trasladábanos o seu temor a que se paralizase a comisión ou que se impedira o bo funcionamento por parte do actual Goberno. E teño que dicirlle que, analizando a súa proposta, nós poderíamos pensar, se fósemos malintencionados –que non o imos ser–, que os grupos da oposición tiveran certo interese en baleirar de contido esa comisión. Creo que ningunha desas dúas afirmacións é certa. Non creo nin que os grupos da oposición queiran baleirar de contido a comisión de estudo para a prevención da corrupción,

e pódolle garantir, porque me consta, que por parte do Goberno galego non vai haber ningún impedimento ao normal funcionamento da mesma.

Por iso, por iso, como non creo nin unha cousa nin outra e creo na boa fe de todos os que vimos aquí contribuír á solución deste problema, invítoos a que retire a proposición non de lei, invítoos a que a traslade á Comisión de estudo para a prevención de corrupción, onde lle garanto que o grupo parlamentar a acollerá desde un diálogo aberto, construtivo, alonxado da demagogia, centrados en adoptar acordos e sobre todo co debido respecto á xente que se ten que achegar a esta Cámara e que lle estamos pedindo que se achegue aquí. Non parece moi razoable que antes de que compareza sequera o primeiro dos invitados a esta Cámara xa lle digamos cales son as medidas necesarias para a corrupción, porque entón si é certo que a comisión deviría en totalmente innecesaria. Non creo que nin vostede nin ningún outro grupo da Cámara teña ese desexo e, polo tanto, invítoos a retirar a proposición non de lei e a trasladar esta proposta á comisión pertinente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Pazos.

Peche. Señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías.

Moitas grazas aos grupos do BNG e AGE polo seu apoio. Señora Díaz, teño que discrepar. No Código penal non é que non exista a figura da corrupción, é que existen media ducia de tipos penais que castigan os funcionarios públicos e cargos públicos que cometan distintas condutas.

Señor Pazos, a verdade é que non me repoño do asombro do que vostede ten dito, porque non se toma un acordo hoxe nesta Cámara contra a corrupción porque hai unha comisión de estudo que non ten ningunha capacidade de tomar decisións. Ese é o argumento seu. Como hai unha comisión de estudo, que estude e que delibere. Se onte tiveren que expresar aquí temores, hoxe comezan a ser certezas, indubitadas. Vostedes non queren tomar decisións. Eu comprendo que este tema é difícil, pero a opinión pública é clara e rotunda.

Estamos asistindo a un proceso de degradación das institucións democráticas no noso país e o Goberno galego non quere tomar nin sequera medidas puntuais, porque o que lle estamos proponendo hoxe é elevar a acordo o que ata agora se vén facendo por un acordo informal dos grupos da Cámara: facer públicas as declaracións de intereses de xeito anual; pero o que propoñemos é estender ese acordo a aqueles que corren o risco de entrar en condutas impropias, que son os que administran os recursos públicos, os cento cincuenta altos directivos da Xunta de Galicia. E aí vostedes din “non”, e din “non” porque habería que cambiar tres leis. Pero é que iso é o que se propón. Votemos hoxe que o Goberno inicie os trámites para modificar tres leis. E o Partido Popular non quere.

Señor Pazos, o presidente da Xunta, o señor Núñez Feijóo, vén adoptando unha conduta de elevado risco. Esa conduta consiste en desprazar sobre o Parlamento a sombra da sospeita permanentemente. *(Aplausos.)* Hai que reducir o Parlamento –dinos–, hai que censurar o Parlamento. É a posición do señor Feijóo. Cabalga a lombos da onda populista, pero con iso non consegue nada, non consegue nada máis que aproveitar a onda populista, de fustigar a representación política. O que non consegue é introducir un adarme de transparencia na xestión da Xunta.

Eu lamento dicirlle que todos os poucos acordos que se teñen posto en marcha en Galicia en materia de transparencia foron adoptados por quen hoxe forma parte da oposición, polos grupos da oposición: a Lei de transparencia, a Lei de boas prácticas, o Rexistro dos Intereses dos Altos Cargos e o propio feito de que se estean a facer públicas os ingresos e os patrimonios dos membros desta Cámara. Esa é a triste realidade.

E das palabras do señor Pazos dedúcese que a comisión de estudo está condenada xa a ser simplemente un muro das lamentacións, absolutamente inoperante. Seguiremos poñendo de manifesto a necesidade de adoptar acordos e de non derivalos a lugares onde simplemente se estuden e analicen os problemas.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Méndez Romeu.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre as actuacións que debe de levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas propostas realizadas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, así como polas distintas federacións provinciais, sobre o plan de xestión e control para os buques que faenan no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. Socialista, por iniciativa do seu deputado José Ramón Val Alonso, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa esta emenda a esta proposición non de lei (6080).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Promover de xeito inmediato un encontro con todas as organizacións do sector con intereses pesqueiros, incluídas as centrais sindicais, no caladoiro Cantábrico noroeste para establecer as propostas e achegas que consideren en canto ao modelo xestión do dito caladoiro.

2.º) Defender diante das autoridades estatais as propostas e acordos que saian dese encontro co fin de favorecer os intereses do conxunto da flota galega con presenza no caladoiro Cantábrico noroeste.

3.º) Rexeitar calquera acordo que implique o establecemento de cotas individuais transferibles para a flota artesanal de baixura”.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, permítanme que saúde os representantes do sector que se encontran na tribuna de invitados, igual que todos os cidadáns e cidadás que se encontran na tribuna de invitados do Parlamento de Galicia.

Señorías, a zona pesqueira coñecida como caladoiro nacional do Cantábrico noroeste xera a maior parte do emprego do sector pesqueiro da nosa comunidade; en concreto, é responsable do 80 % dos postos de traballo da pesca galega, segundo datos da enquisa do proxecto Ocupesca. Este sector conta con máis de 12.000 tripulantes e logrou unha facturación de case 680 millóns de euros –datos oficiais dispoñibles–. Falamos dun volume económico moi salientable, obtido case na súa maioría a través da venda de peixe e marisco nas lonxas da nosa comunidade autónoma.

Segundo reflicte o Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia, con data 19.04.2013, neste caladoiro faenan un total de 4.545 embarcacións de porto base en Galicia, e isto é o 95,14 % do total da frota galega. Os datos por segmentos de frota e números de buques son: de arrastre, 84; de artes menores, 4.035 embarcacións; de cerco, 153 embarcacións; de palangre de fondo, 25 embarcacións; de rascos, 5 embarcacións; e de enmalle e volantas, 32 embarcacións.

Cada unha destas cifras dá conta da importancia que a actividade que se desenvolve neste caladoiro ten para Galicia e, polo tanto, fundamenta as razóns polas que adquire unha especial relevancia calquera tipo de decisión sobre a xestión deste caladoiro.

O caladoiro nacional do Cantábrico noroeste está sometido á política pesqueira común, en concreto, á normativa da Unión Europea sobre a limitación das capturas e do esforzo pesqueiro. Aplícase á normativa que establece a fixación dos TAC e cotas para as distintas especies. E isto significa, señorías, que lle corresponde á Unión Europea determinar a asignación das posibilidades de pesca logo da negociación entre os estados membros.

Hoxe, con independencia da postura crítica que en coincidencia co sector sempre defendeu o Grupo Parlamentario Popular en relación coa necesidade dun cambio radical no actual sistema de repartición e moi en concreto polos efectos perniciosos na nosa frota da aplicación do mal chamado principio de estabilidade relativa, aquí avaliamos outro

aspecto distinto; eu diría, avaliamos outro aspecto moito máis próximo. Xa que logo, a normativa comunitaria faculta os distintos gobernos estatais para decidir a repartición das posibilidades de pesca entre os buques do seu pavillón, establecendo un plan de xestión e control das distintas pesqueiras neste caladoiro, así como tamén outros aspectos tales como son a limitación do tempo da actividade pesqueira, a distribución con base no volume de capturas e as distintas tarefas de control.

En relación con este asunto, tanto a Federación Galega de Confrarías de Pescadores como as distintas federacións provinciais veñen de realizar unha serie de propostas, suxestións e iniciativas de desenvolvemento para o establecemento do Plan de xestión deste caladoiro; propostas que son, ao noso entender, as máis acaídas para os intereses de Galicia e para os intereses da frota galega. Son moitos os aspectos nos que coincidimos coa proposta que realizan as confrarías galegas. E por iso o Grupo Parlamentario Popular coincide co sector en que a decisión final respecto do Plan de xestión pesqueira deste caladoiro debe de basearse nunha fórmula que pondere dun xeito destacado os criterios socioeconómicos. Defendemos este criterio en Europa e tamén o defendemos cando se trata de regular a xestión do noso caladoiro nacional do Cantábrico noroeste.

Señorías, todos os grupos políticos en contacto permanente co sector tivemos a oportunidade de coñecer en profundidade a proposta de xestión deste caladoiro feita desde as confrarías galegas. Así que, por razóns de brevidade, permítanme que só destaque algúns daqueles puntos máis salientables, entre eles, por exemplo, a defensa dun sistema de xestión para que, por exemplo, os barcos galegos poidan sumar as súas cotas e xestionalas de forma global por segmentos, por especies ou modalidades. Defenden un sistema de xestión e seguimento do consumo das cotas, xestionado pola Federación de Confrarías, xa sexan de ámbito provincial ou xa sexan de ámbito autonómico. Ou tamén defenden o establecemento de normas ou regras para a xestión e a actividade diarias a través das OP, en función da normativa vixente e con preferencia dos topes e capturas diarias por modalidades.

As confrarías galegas e o sector pesqueiro galego presentan un documento co obxecto de regular de xeito equilibrado e harmónico a actividade das frotas das catro

comunidades do Cantábrico. A decisión final dependerá dunha negociación co ministerio, aberto sempre ás propostas do sector e ao conxunto das comunidades do Cantábrico. Por iso que debemos decidir e debemos establecer medidas que contribúan á conservación e á recuperación dos recursos pesqueiros. Señorías, xa llelo adianto, oxalá hoxe sexamos capaces de chegar a un acordo positivo polo ben de todos.

Desde o Grupo Popular entendemos que hai que ter claro que o sector pesqueiro necesita vivir todo o ano da súa actividade, polo que é necesario controlar a oferta e a demanda para poder competir con mellores prezos.

Señorías, esta iniciativa non trata de suplir a voz do sector nin de renunciar a gobernar. Con esta iniciativa buscamos unir a nosa voz coa dos tripulantes e armadores galegos e buscamos gobernar como aliados permanentes do sector e na defensa constante dos intereses do sector pesqueiro. Temos o deber de xestionar os recursos dispoñibles de xeito que produzan os maiores beneficios posibles, porque o éxito desta iniciativa e o éxito desa negociación; ao final, o éxito dese plan será o éxito dos nosos mariñeiros.

Señorías, sexamos capaces de consensuar un acordo unánime desta Cámara en apoio á proposta do sector. Sexamos capaces, señorías, de facer as propostas nosas e de que a Xunta poida defendelas tamén na mesa de negociación. Deámolles un mandato expreso en apoio da nosa frota do litoral para que as súas propostas non sexan só a opinión das confrarías senón o parecer de Galicia, o parecer da nosa comunidade autónoma. E co apoio do máximo órgano de representación das galegas e dos galegos, en definitiva, co apoio do Parlamento de Galicia, fagámolo posible. O sector –sábeno vostedes igual ca min– merece este acordo e moito máis. E agora máis que nunca esta iniciativa está no que hoxe votemos aquí.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas, señor presidente. Esperando o apoio de todas as forzas políticas á proposta do sector,

nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Grupo emendante, Grupo Parlamentario Socialista, señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos.

Señoras deputadas, señores deputados, o certo é que a capacidade de asombro que un pode ter neste Parlamento medra cada día que pasa. Aínda ante o risco de que o señor Balseiro malinterprete as palabras que eu vou dicir, e sempre partindo do recoñecemento máis profundo do Grupo Socialista e do meu máis profundo respecto cara ao sector pesqueiro e cara á súa importancia para a economía deste país e tamén para o respecto cara aos problemas que pode ter, eu considero que realmente traer iniciativas como a que hoxe trae o único que pretenden é ocupar espazo político e non debater daquilo que realmente lle preocupa ao sector e tamén aos cidadáns deste país.

E isto que acabo de dicir, esta falta de iniciativa, todo isto, aínda se agrava moito máis cando un pasa a ler o contido desta proposición non de lei que presenta o Grupo Popular e se dá conta de que non di absolutamente nada, máis alá de que os grupos da oposición desta Cámara e a xente que nos escoita poidamos pensar que se queren rir de nós e mesmo dos cidadáns deste país; algo ao que, como levamos comprobando ao longo desta mañá, estamos xa acostumados.

Efectivamente, eu creo que se trata dunha iniciativa de nulo contido político e mesmo tamén totalmente extemporánea. Resulta que agora ao Partido Popular se lle ocorreu presentar unha iniciativa onde defende ou quere defender diante das autoridades estatais as propostas da Federación Galega de Confrarías no plan de xestión do caladoiro Cantábrico noroeste. Dito así, ata podería parecer algo serio, pero resulta que isto que pide supón que se leva facendo hai xa practicamente un ano, porque hai un ano que está constituído en Madrid, no ministerio, un grupo de traballo onde se leva debatido sobre este tema; tan longamente se leva debatido sobre este tema que xa hai enriba da mesa un borrador de orde que foi presentado ao sector ao que se lle teñen xa formulado alegacións e no que practicamente, aínda recoñecendo as dificultades que poden existir na negociación dun texto destas características, o único que falta é que se publi-

que no *Boletín Oficial do Estado*. Un grupo de traballo onde están presentes representantes do sector –tamén do sector pesqueiro galego– e representantes dos gobernos das comunidades autónomas con intereses no caladoiro Cantábrico noroeste. Quero entender que os representantes do Goberno galego tamén estarían presentes nestas reunións; se non foi así, sería grave. Pero máis grave sería que o señor Balseiro hoxe aquí a través desta iniciativa pretendese subsanar a falta de traballo do Goberno nesas reunións ou mesmo pretendese lavar a cara ante un inminente plan que non contemple as medidas demandadas polo sector.

De todos os xeitos nós presentamos unha emenda de substitución con tres puntos, xa que cremos que deste Parlamento ten que saír un acordo. Polo menos que sexa algo que se poida soste e un acordo que sexa presentable e que amose un pouquiño máis de pluralidade da que presenta esta iniciativa do Partido Popular. Xa que logo, para nós o sector é algo máis que a Federación Galega de Confrarías.

Aceptamos plenamente as emendas que presenta a federación e que nos fixo chegar tamén a nós –igual que imaxino que ao resto dos grupos da Cámara–, pero nós, o Grupo Socialista, entende que no sector hai outras entidades que tamén teñen opinión. O sector tamén son as organizacións sindicais que representan os traballadores, que aínda que vostedes se esquecen delas continuamente, pois tamén forman parte do sector. Tamén forman parte do sector as asociacións que non lles dan sempre a vostedes a razón. E, en definitiva, tamén forman parte do sector as entidades que non sempre os defenden a vostedes e que casualmente sempre están na liña do Goberno.

Para evitar estas cousas que acabo de poñer encima da mesa, nós presentamos unha iniciativa onde instamos o Goberno galego a que de xeito inmediato –e aquí cobra importancia a palabra “inmediato”, porque é urxente poñerse mans á obra neste tema se non queremos chegar tarde– promova un encontro con todas as organizacións con intereses no caladoiro do Cantábrico noroeste para que establezan as propostas e achegas que consideren oportunas. Un segundo punto –que é o que pretenden vostedes– é defender tal cal diante das autoridades estatais as propostas de acordos dese encontro. E un terceiro punto, que é rexeitar calquera acordo que implique o establecemento de cotas individuais transferibles para a frota artesanal de baixura. Eu creo que este punto é moi

importante; é un punto sobre o que temos que ter moito coidado, xa que unha decisión política en materia pesqueira pode levarnos a que perdamos parte da nosa identidade cultural e da nosa idiosincrasia como país. Podemos acabar ou poñer en perigo a actividade de moitas vilas mariñeiras.

Pola nosa parte, máis nada. Xa ven vostedes que a proposta de acordo non ten demasiada desvirtuación do que acaba de dicir o señor Balseiro, simplemente contar con todas as organizacións do sector. E, polo tanto, se o Partido Popular quere sacar un acordo unánime desta Cámara, eu creo que a nosa emenda é totalmente aceptable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos.

O que o Partido Popular trae a esta Cámara é unha proposta que escenifica a incapacidade do Goberno galego de ser un interlocutor válido diante de Madrid; un goberno que non defende os seus intereses e que é capaz de utilizar a proposta da federación para tapar as súas vergonzas. Encima, veñen a esta Cámara pedírnos o noso apoio, un acordo unánime, sen ter sequera a decencia de facernos chegar a proposta de Segamar nin as alegacións da Federación Galega de Confrarías.

Xa o di a propia federación. Esta é a cuarta versión da proposta da orde e xa estamos en abril, chega tarde e non ten validez. A repartición é discriminatoria para os intereses galegos, especialmente para as artes menores ou especies como o xurelo, a cabala ou o bocareo. O golfo de Cádiz, dunha porcentaxe do 10 % de cota, pasa ao 30 %, créanse as asociacións de xestión pesqueira que ninguén sabe o que son. Traer estas alegacións de xestións de repartición das posibilidades pesqueiras é esconderse tras a federación para resolver os problemas de Galiza e resignarse a que a política da Unión Europea e do Estado español é a única posible.

A realidade desta falta de compromiso coa nosa pesca téñena aí fóra nos portos, no traballo diario; como exemplo, a campaña da xarda este ano. O mar inzado de peixes, os mariñeiros pasando traballo desmallando e tendo que tiralo ao mar; si, tendo que tiralo ao mar. Iso é o que pasa aí fóra, iso é o que pasa aquí, na Galiza. Ao Estado español correspóndelle este ano o 7 % do total do TAC da Unión Europea; de 300.000 toneladas este ano correspondéronnos 19.000. ¿Saben canto pescou no 2010 Islandia, unha illa de 315.000 habitantes? Pois 122.000 toneladas e 145.000 toneladas o ano pasado. Isto supón que Islandia pescou o 23 % do TAC total, todo un exemplo de proporcionalidade.

A realidade tamén a teñen na pesqueira do lirio. O ano pasado 9.095 toneladas, neste ano, cun TAC de 643.000 toneladas, a Noruega correspondéronlle 113.000 e a nós unicamente 13.213. Nós, para consumo humano principalmente; eles, para facer faríña de peixe. Non é de recibo que teñamos un goberno que admita un plan de recuperación da pesca xustificándose en informes científicos e técnicos e que non se admita aumentar a cota máis dun 15 %, cando todos sabemos o que creceu o stock. É intolerable que se apliquen medidas de control como vincular as cotas ao DEA, reducir os días de pesca ou permitir o carné por puntos, cando todos sabemos que a súa aplicación nos conduce á paralización da frota e ao desguace. Aquí estamos a pescar, estamos traballando dignamente onde ninguén se fai rico, unicamente se subsiste, mentres a Xunta de Galiza e o Estado español nos criminalizan.

O BNG comparte as propostas e alegacións da Federación Galega de Confrarías, aínda sendo conscientes de que se están a negociar as miserias que deixa unha política pesqueira fóra da realidade galega que nos discrimina e criminaliza. Pero o fondo do asunto non é a repartición das miserias, é a responsabilidade de quen exerce o poder de espaldas ao pobo. E aquí o que é dramático é que nin a Xunta nin Madrid teñen compromiso nin aportan solucións á pesca nin están comprometidos coa nosa frota. O Partido Popular goberna na Xunta e en Madrid, non exerce o poder que lles deron os galegos e as galegas, non pelexa polos nosos dereitos e consente a ruína e o acoso á nosa frota.

Teñan a dignidade de presentar as súas propias propostas e non a indecencia de vir aquí e utilizar unhas emendas da Federación de Confrarías para dicirlles: estamos con vós;

mentres contribúen á ruína do noso sector pesqueiro. Déixense de tanto cinismo e de utilizar as confrarías e póñanse a laborar. Precisamos solucións e non manobras de distracción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, unha vez máis, estamos debatendo sobre unha iniciativa do Partido Popular que o único que é é propaganda, propaganda institucional, sen ningún tipo de contido, e sobre todo porque supoño que terán que xustificar que fan algo. Entón, para xustificar que fan algo, tráennos aquí unhas iniciativas para que perdamos un pouquiño de tempo.

O Partido Popular nesta iniciativa que nos presenta di que a Federación Galega de Confrarías de Pescadores coas distintas federacións provinciais veñen de realizar unha serie de propostas para o establecemento dun plan de xestión que son cada vez máis acaídas para os intereses da nosa frota. E nós preguntámonos: ¿cales son esas propostas?, ¿onde están?, porque non as coñece ninguén. Segundo as propias confrarías e a xente do sector que falou con nós ninguén coñece este documento do que nos fala o señor Balseiro. Parece, polo tanto, que o Partido Popular está a pedir que aprobemos un documento que non existe ou que, en todo caso, gran parte do sector descoñece. O Partido Popular pretende un compromiso do Parlamento para que se lle outorgue un cheque en branco non se sabe a quen nin para que. ¿Que propostas concretas se recollen nese documento, señor Balseiro? ¿Cal é a proposta en relación coas cotas e descartes para a nosa frota artesanal? ¿Presenta ese documento algunha medida correctora na repartición interna da cota entre os barcos do noso pavillón que garanta un sistema xusto para a frota artesanal?

A difícil situación que está a atravesar a pesca artesanal galega, derivada dos acatamentos dos TAC, fai que cada vez se vexan máis limitados na súa actividade pesqueira, ben pola merma das capturas —como é o caso do polbo— ou polo

peche continuo de pesqueiras cruciais como a da pescada, o xurelo ou a xarda, que levan a este sector a unha situación económica inviable con verdadeiros problemas para soste as súas empresas, sentíndose desprotexidos ante esta situación e ante a falta de solucións, plans, previsións ou estratexias por parte da Administración, tanto do Estado como da Administración galega, que lles permitan saír a flote.

A repartición de stocks de especie que se realizou non é acorde coas necesidades reais das pesqueiras nin das frots. A actividade e o rendemento da pesca artesanal vén marcada polos constantes peches de pesqueiras derivados dos stocks asignados, mentres ás outras modalidades sóbralles stock ou búscanselles solucións para solventar situacións difíciles. Tampouco existe unha planificación eficiente que permita solucionar estes problemas. Así, podemos poñer como exemplo a xarda, que, cando chega ás costas galegas, a pesqueira se encontra a piques de pechar. Neste caso concreto, da xarda, a Asociación de Armadores de Artes Menores de Galiza enviou unha petición ao ministerio e tamén á Consellería do Mar para que apoien a repartición de cota e se faga a primeira instancia por comunidades autónomas e non por caladoiros, como se ten feito. O porqué é doado, xa que ano a ano vemos como cando a especie chega ás augas de Galicia a pesqueira tende a pechase por consumo de stock. Isto é así porque a xarda, cando se abre á pesqueira, non abunda nas nosas costas e si nas do Cantábrico, o que fai que os pescadores que alí traballan se beneficien da apertura, mentres que os galegos teñan que esperar a que a especie entre en augas galegas, e aos poucos días péchase a pesqueira. Todo iso está a ocasionar a perda de ingresos á nosa frota e unha falta de rendemento eficiente das embarcacións artesanais. Así, queda claro que a cota artesanal galega queda en clara desvantaxe ao respecto das frots cántabras, asturianas e vascas.

Por outro lado, nesa petición tamén se trasladaba a necesidade de que Galicia, como comunidade altamente dependente da pesca, debería contar con cota propia, no só da xarda senón tamén doutras especies sometidas a TAC. É de vital importancia para a súa frota, como é o caso da pescada ou do xurelo, co fin de que dende a propia Administración autonómica se poida realizar unha repartición máis xusta e equitativa ao coñecer máis detalladamente as particularidades da nosa frota, atendendo sobre todo ás condicións socioeconómicas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...de cada unha das modalidades que conforman a frota pesqueira galega, para que a frota artesanal, de gran importancia para a nosa economía, non se vexa afectada e prexudicada na repartición dos TAC.

¿Que di o documento que o Partido Popular pretende que aprobemos sobre estes problemas da frota artesanal? ¿Está o PP representando exclusivamente os intereses dos grandes armadores en prexuízo da frota artesanal galega?

Polo tanto, Alternativa Galega votará en contra desta proposición non de lei presentada polo Partido Popular...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ..., xa que non di nada, pero pode dicir calquera cousa. Un cheque en branco sobre unha documentación que non se aporta e co descoñecemento por parte de gran parte do sector da existencia da mesma. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

A verdade é que —díxeno na tribuna e reitéroo aquí— ao Grupo Parlamentario Popular lle gustaría sacar un acordo unánime do Parlamento de Galicia desta proposta, primeiro, porque é unha proposta feita polo sector. Eu non sei se a señora representante de AGE dixo —ou lle entendín eu mal— que as confrarías galegas representaban os grandes armadores. Mire, eu téñolle que dicir que dicir iso é non coñecer absolutamente nada, nada de nada, da pesca, porque as confrarías de pescadores, efectivamente, representan os armadores; pero representan os mariñeiros, representan os mariscadores e representan o conxunto do sector pesqueiro galego. E grazas ás confrarías de pescadores régulase este sector. Polo cal, creo que a vostede non teño máis nada que contesarlle disto porque creo que vostede, como mínimo, ten un

descoñecemento importante do que é o sector pesqueiro na nosa comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

E di o representante do Bloque Nacionalista Galego que non coñece as propostas. Ser o portavoz de pesca dun grupo no Parlamento de Galicia e non coñecer as propostas que fai a Federación Galega de Confrarías a través das federacións provinciais de confrarías —en definitiva, o total das confrarías de Galicia, que son 63— pois é non coñecer tampouco o sector pesqueiro, porque vostede, como portavoz de pesca, como mínimo debe falar coa Federación Galega de Confrarías, debe falar coas confrarías e debe estar informado. A verdade é que se vostede non coñece a proposta das Federación Galega de Confrarías permítame que lle dea un consello, ou, como mínimo, que lle dea unha recomendación, vote a favor desta proposta e non lle dea a espalda ao sector.

Polo cal, nós, señor representante do Partido Socialista, señor Val, non entendemos como vostede, por un lado, di que está todo amañado e, por outra parte, presenta unha emenda con tres puntos. Se está todo amañado, non fai falta presentar a emenda. Vostede dise e contradíse no mesmo. Loxicamente, xa lle digo que nos gusta chegar a un acordo e ter un acordo unánime desta Cámara con esta proposta. Pero tamén lle digo que non lle imos aceptar a súa emenda, porque o que vostede pide na emenda, efectivamente, o noventa por cento recólleo a proposta que fai a Federación Galega de Confrarías. Tamén parece que, pola emenda que presenta vostede, vostede tampouco coñece o documento que presenta a Federación Galega de Confrarías. Eu non sei se vostedes están en contra, probablemente si, despois do que levan votado nesta Cámara cos descartes, do que levan votado nesta Cámara en contra da estabilidade relativa...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...—termino, señora presidenta— tamén ao mellor agora están en contra do que propón o sector.

Se vostedes están a favor do que propón o sector, voten a favor. Se vostedes seguen en contra, igual que estiveron —e levan moitos anos en Galicia— en contra do que propón o sector, voten en contra. Pero, polo ben de Galicia, polo ben do sector pesqueiro e polo ben das xentes que se dedican ao mar, se vale que eu lles dea unha recomendación, voten a favor desta iniciativa.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: O Grupo Popular así o vai facer.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Votamos as proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA: Comezamos pola do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Santalices Vieira. ¿Non a acepta?

O señor SANTALICES VIEIRA: Si, ofertouse unha proposta de aceptala como emenda de adición. E, no último punto, de engadir que a unidade multidisciplinar se crearía na área de Vigo.

A señora PRESIDENTA: Ben, entón, eu prego que achen aos Servizos Xurídicos da Cámara a proposta transaccionada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e catro deputados máis, sobre a elaboración e a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun plan de loita contra a obesidade infantil.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da señora Solla Fernández, que dixo que aceptaba a emenda socialista e rexeitaba a emenda do Grupo Popular.

Polo tanto, votamos a proposición coa emenda socialista.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D.^a Eva Solla Fernández, sobre a aplicación do Decreto 104/2005, do 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera na atención sanitaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a Proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Quintas, que entendo que non acepta a emenda do Grupo Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Remedios Quintas Álvarez e dous deputados máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos previstos para poñer en funcionamento a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 47; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do señor Fernández Calviño, que entendo que acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. David Fernández Calviño, sobre a entrega por parte do Goberno galego á Fiscalía Superior de Galicia da documentación que posúa en relación coas persoas afectadas pola comercialización indebida de participacións preferentes e obrigas subordinadas das entidades financeiras, co fin de que os responsables paguen polas súas prácticas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Pombo Rodríguez, que entendo que acepta a emenda do Grupo Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de conversión do Instituto de Educación Secundaria A Carballeira-Marcos Valcárcel, de Ourense, nun centro integrado de formación profesional, así como coa eventual adopción de medidas similares en calquera outro centro de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Jorquera, na que entendo que hai unha transacción entre a súa proposta e a proposta socialista. ¿Son coñecedores o resto dos grupos da transacción?

O señor JORQUERA CASELAS: Vamos ver, é simplemente unha alteración do punto 3 da proposición. Eu onte, no debate, dei lectura á transacción, a como quedaría ese punto 3. Non sei se é necesario que o reitere.

A señora PRESIDENTA: Non, eu teño aquí a transacción. Simplemente, se os grupos son coñecedores da mesma, non hai ningún problema. Votamos a transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co futuro de Novagalicia Banco.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor Méndez Romeu, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dous deputados máis, sobre as actuacións que deben levar a cabo o Parlamento de Galicia e o Goberno galego co fin de establecer unha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos deputados e dos altos cargos da Xunta de Galicia, así como do conxunto de entidades que conforman o sector público galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: E, por último, votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Balseiro, que –coido– non acepta a emenda socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas propostas realizadas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, así como polas distintas federacións provinciais, sobre o plan de xestión e control para os buques que faenan no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co punto 5, de interpelacións.

Interpelación de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto que vai ter en Galicia a modificación da Lei de costas que se está a tramitar no Congreso dos Deputados e as demandas formuladas polo Goberno galego ao respecto

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías, señores conselleiros.

A Lei de costas de 1988 supuxo, a xuízo do grupo parlamentario que represento, un gran avance na protección do noso litoral; estableceu unha barreira de protección fronte á depredación especulativa das nosas costas e garantiu para as futuras xeracións –polo menos ata o día de hoxe– a pervi-

vencia dun elemento natural vital e patrimonio de todos. Sen a lei, a voracidade construtora da década 1998-2007 teríase levado por diante unha gran parte dese patrimonio.

É certo, e cómpre recoñecer, como xa fixemos varias veces nesta Cámara, que a aplicación dunha lei como esta nunha realidade tan complexa como é a configurada por todas as costas de España produciu problemas e desaxustes, polo xeral localizados en ámbitos concretos, pero nalgúns casos realmente importantes.

Ao xuízo do meu grupo, estes problemas, máis que consecuencia directa do contido da propia lei, éranos por outras circunstancias: delimitacións excesivas ou equivocadas nalgúns casos, noutros a propia ausencia dun planeamento municipal e, polo tanto, a non delimitación dos núcleos existentes e incluso nalgúns casos excepcionais características específicas que non estaban contempladas na lei.

Temos exemplo de todo isto na realidade galega. O último caso, o mellor exemplo, sería precisamente o da Illa de Arousa, pero os restantes casos en Mogor, en Moaña, en Vilaboa e, como dicía antes, na Illa de Arousa e noutros concellos desta provincia. E aproveito a ocasión para dar a benvida e saudar os veciños deses municipios que nos acompañan, xunto cos demais, coas demais persoas que asisten a este pleno.

O Partido Popular utilizou estes problemas reais como desculpa para outros obxectivos. En lugar de afrontar modificando ou corrixindo as delimitacións inadecuadas ou incorrectas, elaborando e aprobando os plans xerais de ordenación que delimitaran adecuadamente os núcleos e, nos casos en que fora necesario, incorporando as excepcións axeitadas na propia lei, o que se decide facer é unha modificación total da lei; en realidade, outra lei, que bota por terra todo o conquistado ata o día de hoxe. A zona de protección redúcese de 100 a 20 metros, ábrese de novo a costa á construción, consolidanse edificacións existentes, ampliando a autorización ata 75 anos máis, e o mesmo sucede coas concesións industriais.

O certo é que abonda con ler a memoria da lei para decatarse de cal é o obxectivo que persegue. Non son os veciños da Illa nin de Marín nin de Vilaboa, nin sequera son mencionados na memoria e no preámbulo da lei; nin

tan sequera os de Moaña, que entran na lei a través dunha emenda que se incorpora. O obxecto da lei –e así se explica na súa memoria– é resolver determinados problemas e o problema dos propietarios de inmobles na costa dentro da liña de protección, especialmente determinados bens hipotecados; por certo, en gran medida titularidade de cidadáns ingleses, franceses ou alemáns e con cédulas hipotecarias que están en bancos maioritariamente ingleses e alemáns. Tamén –e así se recolle expresamente na propia lei– é resolver a situación daquelas concesións administrativas industriais que vencen en 2018 e que a través desta lei poderán verse prorrogadas ata o ano 2093. E algún caso moi significativo temos en Galicia –especialmente en Pontevedra– diso.

Os nosos paisanos, desgraciadamente, non son máis que unha desculpa para darlle a volta como un calcetín á lei en vigor. E, de feito, esta lei non resolve os seus problemas, pero si os de Ence, os da banca estranxeira e os dos propietarios, que, como dicía antes, en gran medida son estranxeiros tamén.

Hoxe vótase esta lei no Senado. Previamente o Goberno desestimou as emendas presentadas pola Xunta de Galicia a través das súas alegacións e tamén desestimou boa parte das emendas presentadas polo senador galego, o señor López Veiga, que pretendían dar solución a estes problemas; salvo unha, que é a relativa á incorporación do núcleo de Moaña. Só se incorpora o núcleo de Moaña, non ningún dos outros. Incorpórase a illa de Formentera como unha excepción, pero non se incorpora a Illa de Arousa. Calquera que coñeza –e algúns de aquí coñecemos, temos a sorte de coñecer– as dúas illas, sabemos que as características que xustifican a excepcionalidade de Formentera se dan, multiplicadas por dez ou por cen, na Illa de Arousa; con todo, Formentera está excluída e Arousa non o está.

Hai dous meses na Comisión 2.^a deste Parlamento comparecía a señora secretaria xeral de Urbanismo, a que nos informaba de que a través da modificación desta lei quedarían resoltos non só os problemas dos concellos que acabo de mencionar, senón os dun total de 57 concellos de Galicia; que quedarían resoltos. O certo é que, á vista do contido da lei, polo menos do que publica o *Boletín Oficial das Cortes Xerais* o día 22 –é dicir, onte–, evidentemente, esta situación non se está a producir.

Están con nós estes veciños e eles saberán –seguramente coñecen o texto publicado– se resolve ou non resolve os problemas. O certo é que a partir desta lei ingleses, franceses ou alemáns que teñen propiedades na costa, na Costa Brava, na Costa do Sol ou nas Illas Canarias quedan tranquilos. Respiran tamén tranquilas as entidades financeiras que mercaron as cédulas hipotecarias destes inmobles. Ence non só respira tranquila, senón que calculo que estará eufórica; a lei ábrelle a posibilidade da súa prórroga durante setenta e cinco anos. É verdade que a Xunta de Galicia terá que emitir un informe medioambiental, pero ese informe non é vinculante. Ese informe a Administración xeral do Estado poderá aceptalo ou non aceptalo. É verdade que ten que motivar a súa desestimación, pero a resolución corresponde exclusivamente á Administración xeral do Estado, que, con base no interese xeral, pode prorrogar esta concesión durante setenta e cinco anos máis.

En suma, este proxecto de lei desprotexe a nosa costa, sacrifica todo o ganado e conquistado ao longo destes vinte e cinco anos, non resolve os problemas dos nosos veciños, que serviron de motivación e nin sequera aparecen recollidos na memoria desta lei, e probablemente os únicos que están felices por esta lei son o señor don Luis de Guindos, a banca internacional e os intereses que tan ben defende e representa.

Pola miña parte, máis nada, señorías.

Eu o que espero é que a Xunta de Galicia consiga –sempre nos falan do Goberno amigo– que o Partido Popular, no Senado, esta tarde non vote a favor deste texto de lei, e hoxe veremos –esta tarde no Senado– se a maioría do Partido Popular en España respecta a Galicia e respecta o Partido Popular de Galicia ou se, pola contra, só respecta o que lle diga a señora doña Angela Merkel e Galicia queda nun segundo, terceiro ou cuarto plano.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo.

Ten a palabra o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, don Agustín Hernández.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Si, bos días, señora presidenta, señor Bugallo.

Un saúdo ás persoas que están aquí dos concellos do litoral, especialmente do concello de Vilaboa, que van verse beneficiados en gran medida pola aprobación desta lei, que vai significar un fito importante para regularizar e para ordenar o noso litoral.

Señor Bugallo, non podo estar de acordo con vostede nos supostos beneficios e aspectos positivos que a Lei de costas de 1988 tiña, porque é evidente que tivo efectos negativos en España e tamén en Galicia. E o que vén facer esta nova Lei de costas, esta modificación que se está xustamente a tramitar agora no Senado e que logo, despois, deberá de voltar ao Congreso dos Deputados para acadar a súa completa aprobación, é que vai resolver, precisamente, os problemas que xurdiron como consecuencia desa lei.

Dá a sensación, señor Bugallo, de que a lei está pensada –segundo di vostede– para as grandes empresas e para os cidadáns estranxeiros; pero, sen dúbida, señor Bugallo –supoño que vostede tamén o saberá perfectamente–, miles de galegos do noso litoral van verse beneficiados pola aplicación desta lei; non o 100 %, é certo, pero gran parte deles que tiñan eses problemas.

Esta modificación, señor Bugallo, sabe vostede que non nace para perpetuar nada. O proxecto de lei –na miña opinión– tampouco desprotexe nada nin prepara ningún tipo de pelotazo urbanístico, como insinuou vostede na súa intervención. O Proxecto de lei de protección e uso sostible do litoral, que vai modificar a Lei de costas de 1988, ten como gran obxectivo poñerlles remedio aos problemas e desaxustes que a aplicación da actual normativa veu causando nos últimos vinte e catro anos, sen que –como sabe vostede tamén, señor Bugallo– ata o de agora se lle conseguira ningunha solución.

Lonxe diso, a actual lei de 1988 destacou pola sensación de arbitrariedade, a súa conflitividade, a falta de garantías para adquirentes de boa fe e a desprotección de antigos propietarios e doutros titulares de dereitos. A través da reforma preténdese reforzar a protección do litoral en primeiro lugar, conciliándoa coas actividades económicas sostibles e co seu uso común e gratuito do solo público, reforzar tamén a seguridade xurídica no litoral e ofrecer confianza e certeza para as ocupacións na costa e as actividades económicas ligadas a esas ocupacións.

En definitiva, a nova lei estatal vai contribuír a unha mellora da protección do litoral fronte aos excesos urbanísticos, a beneficiar os que estaban de forma lexítima na costa, tanto

no relativo a vivendas como a negocios, sen supoñer unha amnistía para situacións de ilegalidade, e axudará a xerar confianza e certeza para as ocupacións e as actividades económicas que se desenvolvan nese contorno.

Señor Bugallo, o actual Goberno galego fixo o que tiña que facer neste tema, primeiramente, conforme as súas propias competencias, coa aprobación das Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral, que protexe, ordena e mellora os valores paisaxísticos e ambientais da nosa costa. En segundo lugar, achegando propostas e mantendo conversas para que a modificación da Lei de costas estatal viñera completar ese esforzo.

Por unha parte, a nova lei vai abrir a posibilidade de ampliación das concesións de dominio público, facendo posible tamén a súa transmisión. Iso supón unha mellora substancial para os titulares das instalacións, pero non haberá, como sabe vostede, ningunha prórroga automática para as ocupacións industriais, nas que terán a última palabra as comunidades autónomas, que deberán emitir un informe favorable, determinante, dándolle así resposta ao compromiso do Goberno do Estado con Galicia.

Polo tanto, señor Bugallo, ningunha ocupación industrial –repeto, ningunha ocupación industrial– se vai manter sen ter en conta a opinión da Comunidade Autónoma.

E, por outra parte, a modificación da Lei de costas vénlle dar cobertura a unha reivindicación histórica, como é o recoñecemento dos núcleos tradicionais do noso litoral para asimilalos a todos os efectos á consideración de núcleos urbanos.

É de xustiza poñer de relevo que por primeira vez unha lei estatal reconece a realidade dos núcleos tradicionais galegos do litoral, poñéndolle fin á inseguridade que viñan padecendo centos de galegos asentados nestas zonas.

Dándolle resposta concreta ás cuestións que formula na súa interpelación, direille, señor Bugallo, en relación coa par-

ticipación da Xunta de Galicia no procedemento da Lei de costas, da modificación da Lei de costas, efectivamente, que o Goberno ten participado activamente nas consultas previas do Goberno do Estado sobre a modificación da vixente Lei de costas que se está a tramitar nas Cortes Xerais. Ademais das conversas e das reunións que altos cargos do ministerio mantiveron nalgúns zonas galegas afectadas pola aplicación desta Lei de costas, como, por exemplo, Moaña, a Xunta de Galicia chegou no mes de agosto do pasado ano unha serie de alegacións, como saben vostedes, ao proxecto de lei, porque así se ten informado publicamente, e estas, por certo, lle foron remitidas sen resposta a unha solicitude de documentación do seu grupo parlamentario. Polo tanto, o Goberno galego mantivo e mantén unha postura absolutamente proactiva a favor da modificación da vixente Lei de costas.

As alegacións presentadas ao Proxecto de lei concréntanse en recoñecer a débeda da actual lei coa comunidade galega, en especial no relativo, como dixeran, ao recoñecemento dos núcleos tradicionais do litoral.

Non me vou estender no contido desas alegacións que a Xunta presentou e que vostede coñece, pero debo sinalar que un dos seus principais argumentos é o recoñecemento das peculiaridades urbanísticas do territorio galego, lastrado de partida –como dixo vostede– polo déficit de planeamento xeral municipal. E, por outra parte, a non contemplación da especificidade do solo do núcleo rural, que precisa dun recoñecemento por parte da normativa sectorial na materia.

Neste sentido, este Goberno da Xunta solicitou como unha das cuestións prioritarias que se ampliara a posibilidade de redución das servidumes de protección aos núcleos rurais comúns e que se concretara a existencia de dotación de servizos non previstos, no seu caso, pola lexislación urbanística.

Outra das propostas formuladas pola Xunta á reforma da Lei de costas ten que ver coa obriga de inscribir a afección pola servidume de tránsito, así como a posibilidade de que os recrecidos para obras de eficiencia enerxética nas edificacións non incrementaran o cómputo de volume, altura nin superficie.

Tamén se solicitou a consideración de que se ampliasen as medidas de protección de costa a aqueles bens declarados

de interese cultural na lexislación de patrimonio, para poder recuperar antigos establecementos vinculados á economía do mar, pazos ou construcións semellantes.

Por último, outra das consideracións apuntadas ao texto da reforma referíase ao prazo de caducidade da acción para repoñer a legalidade na zona de servidume de costas.

Estes son, a grandes trazos, os aspectos fundamentais das alegacións presentadas polo Goberno galego.

No relativo a se o proxecto de lei cumpre as achegas e solucións a determinados núcleos, entendemos que este proxecto de lei lle dá resposta por primeira vez a unha reivindicación histórica da comunidade galega, como é o recoñecemento dos núcleos costeiros tradicionais previos á lei do 88 como elementos de identidade do noso litoral. O feito de que Galicia conte con 82 concellos costeiros e arredor de 2.500 quilómetros de costa supón que esta modificación vai beneficiar, sen dúbida, boa parte do noso territorio, recoñecendo a súa propia singularidade no ámbito costeiro, tal e como veñen defendendo esta Cámara e a propia Xunta de Galicia de forma moi especial durante a pasada lexislatura.

Conforme esta defensa, por primeira vez unha lei estatal recoñece a realidade do litoral e establece para estes casos a redución da zona de servidume nos núcleos tradicionais de 100 a 20 metros, poñendo fin deste xeito á incerteza e á inseguridade que milleiros de galegos viñan padecendo dende que entrou en vigor a lei do 88.

Estímase que a modificación da lei nos termos actuais pode beneficiar, nun primeiro momento, unhas 8.000 vivendas, sempre e cando –e é importante mandar esta mensaxe– os concellos fagan o seu labor e delimiten os núcleos rurais. Esa delimitación dos núcleos rurais preexistentes pode facerse sen necesidade de revisar integramente o planeamento e facendo unha modificación puntual cun trámite abreviado.

E tamén se verá beneficiada unha parte importante do concello de Moaña, en concreto, ao aceptarse a súa inclusión a través dunha emenda no Senado no anexo da disposición adicional sexta, dentro da decena de núcleos nos que determinados ámbitos resultarán excluídos do dominio público marítimo-terrestre.

En definitiva, señor Bugallo, coas lóxicas reservas dun texto que aínda non rematou –como dixo vostede, vaise votar no Senado esta mesma tarde– a súa tramitación e que en último termo tamén debe ser aprobado polo Congreso dos Deputados, desde o Goberno galego entendemos que o contido –sen chegar ao 100 % das nosas peticións, é certo– da maior parte das propostas de Galicia están a ser tidas en conta no texto legal; polo tanto, estamos satisfeitos. Cremos que agora é o momento de traballar en colaboración cos concellos, de acadar esa delimitación de núcleos e de permitir que moitos –non o 100 % pero moitos– dos afectados pola lei do 88 vexan resolta a súa problemática coa aprobación desta lei.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Señor conselleiro, señorías.

É unha mágoa que os veciños non o vexan tan claro coma vostede, ou ao mellor é que nalgún caso teñen afección a subir a certos utensilios bastante perigosos, por certo.

Eu creo que o que está pasando é simplemente que o que vostede nos di non deixa de ser máis aló que os bos desexos que vostede expresa ou que lle gustaría que tivera esta lei. Pero a realidade é bastante distinta. Mire, voulle ler o que di o preámbulo, onde, por certo, non saen nin os veciños de Moaña nin os de Cangas nin nada polo estilo. O que si sae é algo así: *“El nuevo marco jurídico pretende dotar a las relaciones que se dan en el litoral de una mayor seguridad jurídica. Su ausencia ha generado problemas que van más allá de los estrictamente jurídicos y que han provocado desconfianza y desconcierto, hasta el punto de que un informe del Parlamento Europeo insta a las autoridades españolas a que revisen urgentemente, y en su caso modifiquen, la Ley de costas, a fin de proteger los derechos de los legítimos propietarios de viviendas y de aquellos que poseen pequeñas parcelas”*.

Este acordo do Parlamento Europeo foi tomado a instancias do grupo parlamentario conservador británico, seguramente moi preocupado polos veciños de Moaña, pola tradi-

cional cercanía e polas relacións históricas que hai entre Moaña e as islas británicas. Eu creo que polo que estaban preocupados era polo que pasaba cos seus cidadáns na Costa do Sol e en Canarias e coas súas urbanizacións e chalés.

Pero tamén o explica máis adiante e di: *“La reforma modifica la disposición transitoria primera de la Lei de costas en sus apartados II y III para permitir que los titulares registrales amparados por el artículo 34 de la Lei hipotecaria sean concesionarios, removiendo la condiciones que anteriormente se les exigían”*. Segue máis adiante: *“También se establece una prórroga extraordinaria para las concesiones existentes. También se prevé expresamente la aplicación de esta prórroga a aquellos que, sin ser concesionarios, son titulares.”* E segue: *“De este modo se da respuesta, entre otras situaciones, a la extinción de las concesiones, que comenzarían a expirar en 2018”*– Ence, por poñer un exemplo–.

E máis adiante, por se alguén non o entendeu, veñen outras cousas nas que, por certo, aí vostede, señor conselleiro, está confundido, porque non quero pensar que non dixe-ra a verdade cando di que a Xunta ten a última palabra. Non, a Xunta pode ter a penúltima; a última tena o ministerio. A Xunta pode emitir un informe que non é vinculante, e dou por sentado que o informe da Xunta sobre prolongar 75 anos máis Ence na ría de Pontevedra será negativo ou impondrá condicións moi potentes. Pero o Estado non está obrigado a aceptalo e é o que toma a decisión en función do interese xeral: se dá 75 anos máis, se dá 25 ou se dá 30.

E, mire, no punto no que tiveron en conta as propostas da Xunta, o Grupo Parlamentario Socialista presentou 200 emendas –xa lle digo que foron desestimadas as 200–. Seguramente serían moi malas, aínda que, por exemplo, a número 82 reproduce ao pé da letra o acordo unánime deste Parlamento sobre as condicións que tiñan que reunir os núcleos, e foi desestimada.

Pero o máis preocupante é que tamén foi desestimada a emenda número 182 presentada polo Grupo Parlamentario Popular e asinada polo señor López Veiga, que reproduce o que vostedes lle pedían ao ministerio, onde se dicía que “reunirán” –non teño tempo para lelo enteiro– “alguno de los siguientes requisitos: a) *Que contaran con acceso rodado o abastecimiento de agua*, b) *Que estuvieran comprendi-*

dos en áreas consolidadas por la edificación al menos en un tercio". E o que vén na lei, señoría, é que teñen que cumprir os dous; non a) ou b), teñen que cumprir a) e b) e, se non, non vale. Polo tanto, a min non me parece que aí lles fixeran excesivo caso.

E é verdade que a través dunhas emendas se meteu no Senado o núcleo de Moaña, como se meteron catro núcleos da comunidade valenciana, cinco da comunidade andaluza, dous da catalá e só un da galega. E, por exemplo, incorpórase a excepcionalidade da illa de Formentera, pero non da Illa de Arousa. ¿Que ten a illa de Formentera que non teña a Illa de Arousa?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...á parte de que ten cen quilómetros cadrados máis ou menos e a Illa de Arousa debe ter sete ou oito unicamente e, polo tanto, é máis difícil separarse da costa da Illa de Arousa que na outra illa.

Señoría, a verdade é dura, pero é a que é. A verdade é que esta lei se fai para resolver determinados problemas, e tanxencialmente pode que algúns veciños de Galicia se beneficien, pero non é ese o obxecto da lei.

Polo tanto, señorías, seguimos no punto no que estabamos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...en relación con estes problemas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Moitas grazas, señora presidente.

Señor Bugallo, non hai ningunha dúbida de que a lei mellora a situación preexistente. É unha lei de ámbito nacional que, por certo, ten en conta a nosa realidade dos núcleos

do litoral. Benvido, señor Bugallo, e o seu grupo á defensa dos núcleos do noso litoral. Ese é o sitio onde nós sempre estivemos, este Goberno e tamén este grupo que dá sustento ao Goberno da Xunta.

Non poden vostedes, o Grupo Socialista, tratar de converterse agora nos abandeirados da defensa dos núcleos do litoral, porque os socialistas —e sábeo vostede, señor Bugallo— foron precisamente, durante décadas, os que impediron buscarlles unha solución. Non se pode esquecer que estes núcleos non foron contemplados na Lei de costas do ano 88 —gobernaba Felipe González—, e ao longo da súa vixencia —desa lei do 88— os sucesivos gobernos socialistas no Estado non só non adoptaron ningunha, nin unha soa medida para tratar de resolver esta cuestión, senón que mesmo se implicaron na obstrución e no ataque daquelas propostas que se formularon desde Galicia. Así, hai case oito anos e estando á fronte do Goberno do Estado o Partido Socialista, recorreu —o Goberno— o Decreto 158/2005, do 2 de xuño, aprobado polo Goberno de Manuel Fraga, con precisamente don Enrique López Veiga como conselleiro de Pesca, que trataba de regular a situación das edificacións preexistentes con anterioridade á Lei de costas.

E tamén volveu facer o mesmo o Goberno socialista coa disposición da Lei de vivenda de Galicia de 2008 do Goberno bipartito, recorrida polo Goberno de Zapatero. Por certo, que foi este Goberno, presidido polo presidente Núñez Feijóo, o que se dirixiu ao ministerio para instalo a que retirara o seu recurso sen que fora atendido. Pero non só fixeron obstrucionismo e se negaron a apoiar ningunha medida a prol de solucionar esta situación no ámbito do Estado, senón que o fixeron tamén desde Galicia. En abril de 2006 e en outubro de 2008 opuxéronse a senllas iniciativas do Partido Popular na procura dunha solución aos núcleos do litoral.

Na pasada lexislatura, este Parlamento, cos únicos votos do Partido Popular aprobou unha proposición de lei para instar a modificación da Lei de costas e tratar de resolver o problema dos núcleos do litoral.

Finalmente, tamén neste Parlamento, e só cos votos do PP, aprobouse unha iniciativa para que a Xunta se dirixira ao ministerio a fin de que na reforma da Lei de costas se tivera en conta a realidade dos núcleos de litoral de Galicia. Conforme a esa postura permanente e coherente de

defensa dos núcleos de litoral, desde a Xunta de Galicia mantivemos conversas co Goberno do Estado e achegamos propostas para que se contemplara o carácter diferencial dos núcleos de litoral galegos e tamén para que se tivera en conta a opinión de Galicia á hora de abordar a prórroga das actividades industriais na costa. O actual proxecto de lei, na nosa opinión, é un paso firme moi importante nesa dirección.

Señor Bugallo, máis que tratar de ocultar o pasado do seu partido, de preocuparse polo que pasa no Mediterráneo, mellor lle sería que puxesen todo o seu empeño en actuar con coherencia, en defender o mesmo en Moaña que en Vilaboa ou que na Illa de Arousa e en recuperar tamén neste asunto algo de sensatez na súa política. Gustaríame que se preocuparan polo que o seu partido fixo en Madrid a favor dese recoñecemento dos núcleos do litoral nos núcleos rurais de Galicia.

Vostedes teñen moito que ver coas incertezas que se viven en lugares como Vilaboa, un concello cun alcalde do Partido Socialista que tiña un doado encaixe nas previsións iniciais do proxecto de lei e que cunha emenda, precisamente promovida polo Partido Socialista, pode facer, se non imposible, si máis complicado buscarlles solución a moitas vivendas que poderían verse reguladas.

En todo caso, e a pesar disto, non teñan dúbida de que nós imos seguir traballando para ofrecer respostas a esas situacións e de que imos colaborar activamente co Concello de Vilaboa porque pensamos que a lei, co texto definitivo, aínda é unha ferramenta moi importante para poder regularizar a maior parte das vivendas de Vilaboa e resolver moitos dos problemas que existen nese concello. E nese traballo nós imos estar en colaboración, espero que co Concello de Vilaboa, traballando para ofrecer respostas a esas situacións e para que se poidan beneficiar tamén eses cidadáns, os de Marín, os da Illa de Arousa, eses veciños e outros cidadáns con vivendas construídas antes de 1988 e que aínda agardan un recoñecemento para as súas propiedades. Ese é o traballo que queda agora.

E, sinceramente, señor Bugallo, creo que o texto da lei vai permitir resolver moitos dos problemas existentes no noso litoral. Co amparo da nova lei e coa imprescindible colaboración e necesaria colaboración dos concellos imos

tratar de acadar a mellor solución posible para facer compatibles os usos do litoral coa irrenunciábel defensa do noso bordo marítimo e a mellora ambiental do conxunto da nosa comunidade. Nese traballo esperamos contar con todos os partidos presentes en todos os concellos do litoral de Galicia.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. José Javier Ron Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política de axudas e compensacións aos espazos naturais aqueixados polos lumes no noso país

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández Calviño.

O señor FERNÁNDEZ CALVIÑO: Bos días a todas e a todos.

Señora conselleira, esta interpelación, que está centrada fundamentalmente na recuperación dos espazos degradados polos lumes, é simplemente unha parte de todo o problema que temos nos espazos naturais galegos, fundamentalmente nos espazos forestais, con problemas que ás veces nos levan a ter lumes enormes que teñen unha incidencia moi importante sobre puntos moi concretos do territorio; falo concretamente do Eume, de Valdeorras ou do incendio que houbo en Manzaneda o ano pasado, como vostede ben sabe.

O problema do monte, dos incendios forestais, desde o punto de vista de Alternativa Galega de Esquerda, ten tres vertentes: unha, que é prevención, a extinción en si mesma, e a recuperación dos espazos afectados polo lume. Desde o noso punto de vista, as políticas desenvolvidas nos últimos trinta ou corenta anos en Galicia a este respecto fracasaron estrepitosamente en todas estas vertentes.

A prevención de incendios parece ausente na maioría dos lugares, e existen grandísimas descoordinacións entre os concellos, comunidades de montes e a propia Xunta de Galicia a través dos distritos forestais. Normalmente non existe

un diálogo —que debería de ser necesario— entre estas tres partes para poder desenvolver unhas políticas de prevención axeitadas no conxunto do noso país.

Teño que facerlle unha crítica, e é que hai uns días lin na prensa algo que me horrorizou respecto das políticas de prevención de incendios. En *El País* puidemos ler un titular que dicía: “*La Xunta envía a sus brigadistas a limpiar gratis la finca de un constructor.*” A nós isto parécenos escandaloso, que se utilicen os medios públicos para limparlle unha parcela a un construtor, a un médico..., a quen sexa; non é de recibo. Unha política de prevención de incendios adecuada ten que englobar un montón de factores, entre eles o de obrigarlles ás persoas que teñen as súas fincas en torno a núcleos de poboación en estado de abandono que o asuman con medios propios e non cos da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia ten que facer unha política xeral encamiñada á diminución do combustible forestal nos propios montes, devasas, pistas forestais, etc.

Respecto da política de extinción, desde o noso punto de vista o problema fundamental é o afán de lucro que existe en torno a estas tarefas, que, cada vez, en lugar de diminuír, se ve incrementado. Podemos falar dos contratos dos helicópteros, adxudicados unha vez máis sen concurso público, da existencia de brigadas de todo tipo, de distintas empresas privadas, do propio Exército español e dunha diminución paulatina das brigadas con maior experiencia e maior eficacia probablemente de todo o Estado español, que son as propias da Xunta de Galicia, ás que nin tan sequera se lles están cubrindo as baixas, o que nos leva moitas veces a ter brigadas dunha ou dúas persoas que fai que non sexan efectivas.

Hai lumes que se estenden demasiado, precisamente por enviar brigadas sen experiencia a determinados lumes, cando a maior parte da xente que coñece estas cousas sabe que as persoas que empezan a traballar neste mundo deben ir acompañadas normalmente de persoas con experiencia, das que deben aprender. Concretamente, o incendio de Manzaneda estendeuse porque interviñeron, en primeiro lugar, neste incendio brigadas sen experiencia neste sector, mentres que as brigadas con máis experiencia da Xunta de Galicia estaban concentradas na cidade de Ourense, porque é o lugar onde os incendios teñen unha repercusión mediática, aínda que naquela zona existan menos incendios e de menores dimensións do que ocorre, por exemplo, no macizo Cen-

tral, que, por desgraza, non ten visibilidade ningunha, salvo que algún medio de comunicación coe, como foi o caso de Manzaneda, xa cando se estendera demasiado, o que está a acontecer. Temos que ser responsables e ter brigadas con experiencia, e as persoas que entran a traballar neste servizo de novo pois que acompañen a persoas con experiencia das que poderán aprender, que fará que non se metan en situacións perigosas e que as tarefas de extinción de incendios sexan o máis eficientes posibles.

Desde o noso punto de vista, ademais, existe unha falta de coordinación xeral que fai que moitas veces existan descoordinacións entre as brigadas de distinta orixe, sexan da Xunta, sexan de empresas privadas ou do propio Exército, que fan que, a pesar de ter moitos medios concentrados nunha zona, a descoordinación sexa total e o incendio se siga estendendo, incluso que acaben ocorrendo desgrazas que, desde o noso punto de vista, se poderían evitar cunha adecuada formación e experiencia das brigadas.

Nós consideramos que todo o persoal que traballa nos incendios debe ter unha formación adecuada, que neste momento non existe, debe ter unhas instalacións onde poidan adestrar, onde poidan ser tratados de pequenas contraturas, de dores de espalda, de problemas nas pernas que lle suceden habitualmente a este tipo de traballadores, e sobre todo que sexa persoal propio da Xunta de Galicia, para que non exista lucro en torno ao que é unha desgraza nacional, como poden ser os incendios forestais.

Teño que dicir, ademais, que o funcionamento da Concellería do Medio Rural no referente ao monte é absolutamente desastroso; e é desastroso probablemente porque a conselleira non estea ben rodeada e ben asesorada. Non é de recibo que se contraten 82 vehículos todoterreo Pick up a unha empresa determinada e que se lle aluguen uns vehículos onde os propios traballadores forestais din que non lles colle o seu propio material. Collen eles, pero non lles colle a súa roupa, non lles collen materiais como motoserras e outro tipo de ferramentas que utilizan para a extinción dos lumes, nin tan sequera poden levar o avituallamento lóxico, consistente en algo de comida, auga, etc. Esta é unha queixa dos propios traballadores forestais, non o estou a dicir eu.

Despois, tamén teño que dicir que estes mesmos coches se contrataron con bombas para chegar a un incendio o máis

rápido posible e poder intervir en primeira instancia –a función destes vehículos Pick up–, pero os motores destas bombas, ademais doutros defectos, funcionan con gasolina, e unha das prescricións técnicas destas propias bombas é que non poden traballar en lugares onde exista cercano o lume, ou chispas, etc. Esta é unha auténtica chapuza que eu espero que o Goberno da Xunta poida modificar. Non podemos ter vehículos de extinción de incendios que sexan un perigo para os propios traballadores e que non cumpran a súa función. Ademais de que as mangueras que usan estes vehículos non teñen o enganche adecuado para ser acopladas cando xa chegan outros medios como os motobombas e se poida seguir tirando manguera a partir de onde se está a traballar e, polo tanto, non ter que volver estendela. Son defectos que os traballadores do propio servizo teñen detectado, e desde aquí eu quero reivindicar que estes defectos se modifiquen o antes posible.

Respecto do que é a rexeneración das zonas afectadas, consideramos que a Xunta debe traballar máis, pelexar por que as axudas estatais para este tipo de catástrofes teñan en conta as características de Galicia e non queden fóra moitas áreas, que, ao mellor, non cumpren eses requisitos que poñen os plans estatais, que normalmente falan de criterios de superficie no incendio, cando ao mellor a nós en varios incendios se nos queima moita máis superficie; non desperdiciar axudas europeas neste sentido.

E despois algo que para nós é fundamental é que a Xunta de Galicia ten que facer caso dos nosos propios científicos. Unha queixa habitual dos científicos que traballan no Consello Superior de Investigacións Científicas, na Universidade de Santiago, en temas relacionados coa paliación dos efectos negativos que teñen os lumes sobre o solo, por exemplo, e que a min me chegaron a dicir persoalmente, é que todas esas cousas que a min me contaron –porque moitos deles son coñecidos para min, por motivos científicos– a Xunta normalmente as escoita pero non lles fai nin caso; que lles dá a sensación de que lle entra por un oído e lle sae polo outro.

A intención desta interpelación é saber se a Xunta ten pensado corrixir todas estas deficiencias e conseguir un servizo de prevención e extinción de incendios e a posterior recuperación das áreas danadas máis serio...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ CALVIÑO: ...e algo no que todo o Parlamento puideramos estar de acordo para facer políticas a longo prazo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández Calviño.

Resposta da conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Bos días, señor presidente, señorías.

Señor Fernández Calviño, a verdade é que hoxe á mañá pois sinto unha sensación un pouco estraña, e, evidentemente, como demócrata que son, veño aquí a responder as preguntas que se me fan. Pero hoxe fágoo cunha dolor forte pola falta de democracia que se viviu hoxe á mañá neste Parlamento. *(Aplausos.)* Creo que todos deberemos ser conscientes de que estamos cada un nun posto de servizo público representando a todos aqueles cidadáns que confían en nós. E creo que esta Cámara debería de ser ese exemplo de democracia onde se expoñan e se debatan as ideas de cada un.

Eu quero acollerme ás últimas palabras nas que vostede apuntaba a posibilidade de chegar a un acordo entre todas as forzas políticas para loitar todos xuntos contra o inimigo común, que é aquel que provoca os incendios nos nosos montes. Nesa liña creo que é a que todos os demócratas debemos de traballar, e, dende logo, aí terán sempre a miña man tendida. Nas outras fórmulas, nas de botar en cara todo o mal que se fai, todo o dano que se fai, esas actitudes antidemócratas creo que, de verdade, o único que nos fan é prexudicar como país. *(Aplausos.)* E a verdade é que hoxe é un día triste para a democracia de Galicia, teño que dicilo. *(Aplausos.)*

Señor Fernández Calviño, vostedes presentaron unha interpelación onde se intentaba reflexionar sobre os pasos que dera a Xunta de Galicia para conseguir modificar unha lei que se aprobou nas Cortes Xerais sobre axudas ás zonas afectadas polos incendios forestais do ano pasado. Realmente este tema pasouno bastante de largo e fixo unha interpelación con moitos comentarios sobre a visión que desde un

determinado grupo político se ten sobre como actuar nos espazos naturais para previr os incendios. A verdade, eu teño que dicir que podemos discrepar nas fórmulas de actuar, pero o que é difícil xustificar é que nos poida acusar de falta de coordinación. Creo que nos sucesos que se viviron en Galicia o ano pasado, cando os meses de febreiro e marzo foron os máis secos de toda unha década, cando se viviron días de ventos moi fortes e cando se traballou co exército, coas forzas da UME, coas brigadas antiincendios, houbo unha coordinación perfecta. Porque en menos de vinte e catro horas, a pesar dos ventos reinantes, déronse por controlados todos os incendios, o que acredita que houbo unha excelente coordinación. E eu, polo tanto, teño que dicir publicamente que agradecerei moito sempre a todas as brigadas e a todos os veciños que axudan cada vez que o lume acode aos nosos montes ou incluso ás poboacións por onde nos atopamos. *(Aplausos.)*

Eu creo de verdade que é un tema o suficientemente importante —e así o teñen manifestado todas aquelas persoas que teñen tido responsabilidades en materia de loita contra os incendios— o de deixar de utilizar o lume como unha ferramenta política. De verdade, insisto neste tema. Pero tamén lles digo unha cousa, que é que o que non podemos, baixo o meu punto de vista —e non só o meu senón de responsables políticos noutros momentos e de diferente cor política á que sustenta nestes momentos o Goberno— é vincular as axudas aos incendios. Creo que esa é unha mala medida. Creo que o que teñen que facer as administracións é utilizar —e aí que non lle caiba a menor dúbida de que o estamos a facer— todas as axudas que hai en materia de prevención e en materia de facer máis rendibles os nosos montes. Pero non vinculemos a necesidade de axudas cos incendios, esa é unha mala política.

E a verdade é que non é para vangloriarnos —e eu sempre digo que mentres haxa un só incendio en Galicia esta conselleira e o Goberno da Xunta de Galicia non se sentirá satisfeito—, pero, dende logo, a situación que se viviu en toda España o ano pasado non ten nada que ver coa que se viviu en Galicia, onde tivemos fundamentalmente dous incendios moi graves, que foron o incendio da Capela e o incendio do Barco de Valdeorras. Pero eses dous incendios supuxeron practicamente unha porcentaxe ínfima respecto dos incendios que se viviron no resto das comunidades autónomas. E, xa digo, traballando con todos os medios ao noso dispor,

pero traballando para evitar os incendios, non buscando axudas para que se poida dalgunha maneira vincular unha política que atraía aínda máis a aqueles que causan os incendios.

E logo, en recuperación, todos os cartos que fan falta para recuperar as zonas estanse poñendo ao dispor. A verdade é que no caso do incendio da Capela, onde a porcentaxe do parque natural que se viu afectado polas lapas supuxo o 4,05 % do total do parque, xa se viron as fotos do ano pasado con respecto ás deste ano. E creo que, como di todo o mundo, unha imaxe vale máis que mil palabras. De calquera maneira a Xunta de Galicia estará sempre ao dispor de recuperar as zonas atacadas polos incendios pero, dende logo, non buscaremos axudas para aquelas zonas que saian afectadas polos incendios.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica do señor Fernández Calviño.

O señor FERNÁNDEZ CALVIÑO: En primeiro lugar, téñolle que dicir que aquí non se trata de utilizar o lume como ferramenta política. De feito, eu en ningún momento acusei o Partido Popular de ser o responsable dos lumes. Sen embargo, se hai deficiencias no servizo —e así, por exemplo, mo manifestan determinados traballadores— a miña obriga é expoñelo aquí porque eu creo que é o lugar onde temos que expoñer este tipo de cousas para poder mellorar todos os servizos. Se os coches que se mercaron, por exemplo, pois os propios traballadores din que non son adecuados, a miña obrigación é dicirlllo a vostede, por exemplo.

Evidentemente non se poden vincular axudas ao lume, de feito eu sempre digo que en torno ao lume non debe haber lucro, non podemos facer negocio en torno ao lume. De aí que nós solicitemos que non interveñan empresas privadas ou que se vaian reducindo paulatinamente, porque consideramos que non pode haber beneficios económicos para ningún en torno a unha desgraza como son os lumes forestais.

E eu quero dicirlle que, ademais, deses dous lumes que vostede citou —que quizais foron os máis espectaculares, os que máis saíron nos medios—, está o incendio que houbo en

Manzaneda, onde ardeu un LIC, onde ardeu unha ladeira das que baixa ao Bibei, onde, por desgraza, a un dos agricultores máis innovadores que temos na provincia de Ourense, que está en Manzaneda, lle arderon os pastos da súa explotación leiteira –causoulle danos que vostede mesma lle dixo a este labrego na Mata que ían ser reparados e tivo que reparalos el–. A pesar de arderlle os pastos, agora el ten o problema de que desde a Xunta de Galicia o ameazan con que, se rexenera os pastos, o van multar. ¿Sabe que me dixo a min este labrego –e é algo que a min me parece terrible–? Pois o que el me di a min persoalmente foi: Eu da Xunta de Galicia non quero nada, só quero que me deixen traballar tranquilo. Iso non pode ser. Ou sexa, que, por encima, as persoas innovadoras no medio rural, en concellos verdadeiramente desfavorecidos, que os esteamos machucando, que lle vaíamos dicir alí, cando lle ardeu a metade dos pastos da súa explotación, daquilo do que vive, que o fixemos de marabilla... Vostede foi alí e non se atreveu a dicirlle á cara que todo funciona de marabilla. Todo ten defectos, todos cometemos erros, señora conselleira. E o que temos que facer é, cando cometemos un error, cando as cousas non nos saen adecuadamente, recoñecelo. E non poñerlle trabas a toda esta xente que no mundo rural está tratando de sacar o país adiante e trata de sacar os seus proxectos. Polo menos, desde a Administración pública, tratar de non fastidialos. Esta mesma persoa tamén me comentou aquel día que vostedes desde a Xunta de Galicia –non sei se vostede persoalmente ou o secretario xeral de Medio Rural– lle prometeran que ían volver por alí a falar de como podían paliar os danos que lle causara este incendio forestal, e aínda está esperando por vostedes.

O único que quero pedirllas eu aquí é que neste ámbito sexan humildes, que analicen cales son todas as problemáticas que existen en torno ao que é este gran problema nacional, que son os incendios forestais, e que as persoas que traballan duramente para poder vivir dignamente en lugares que no fondo son parte do noso patrimonio cultural en Galicia, como poden ser estas persoas que están recuperando de forma tradicional tamén os socalcos do Bibei –que son espectaculares, en calquera país do mundo iso estaría protexido e supersubvencionado por manter simplemente a paisaxe–, pois que a estas persoas sexan apoiadas e que se estea ao seu lado, que non se sintan soas.

E respecto de todo o anterior que dixeran, eu considero que existen moitos defectos. Evidentemente, vostede non é

directamente responsable do que poida pasar, inflúen moitas cousas. Iso si, facer unha política forestal sería, que ten que ser a longo prazo e non ao capricho deste Goberno, do anterior ou dos anteriores. Porque sabemos que o mundo forestal non é algo que se vaia arreglar en catro ou cinco anos nin en dez, é unha política a longo prazo. Pois, desde aquí, a Xunta de Galicia tería que intentar facer un diálogo co conxunto das forzas políticas e sobre todo co conxunto da cidadanía implicada neste tipo de actividades para que, neste problema que arrastramos desde hai corenta anos e ao que ninguén polo de agora fomos capaces de atoparlle solución, pois poidamos empezar a ver a luz ao final do túnel.

O que quero das miñas propostas é que as estuden con cariño, se pode ser, para mellorar o sector. E nese sentido nós seguiremos traballando non para facer política sobre o lume senón para tratar de mellorar o servizo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández Calviño.

Peché por parte da señora conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Fernández Calviño, quedo coas súas últimas palabras. Dende logo, dende toda a humildade, creo que dende a Xunta de Galicia o que pretendemos é chegar a un consenso con todas as forzas políticas. Intentouse o ano pasado, ao presentar neste Parlamento a Lei de montes. Intentouse consensuala. Dende logo, nós o que si cremos –e niso coincidimos con vostede– é que é necesario ter unha política forestal neste país, potenciar os nosos montes e utilizar todos os cartos públicos que se poida para facer máis rendible a actividade da xente que vive no rural. E nesa liña, dende logo, como lle dicía antes, sempre nos vai atopar.

E con toda a humildade do mundo tamén teño que recoñecer que podemos cometer erros no servizo, si, podemos cometer e estamos dispostos a, se se cometen erros,

recoñecelos. E a min non me custa moito pedir perdón cando me equivoco e corrixirme. Pero no que se refire, por exemplo, ao tema que vostede plantexaba dos coches pick up que se compraron coas motobombas incorporadas, bueno, pois vostede di que algunhas persoas que traballan no servizo antiincendios lle dan queixas do funcionamento destes coches. Sen embargo, a min a maioría do persoal que traballa neste servizo dime que foi o mellor que se puido facer, pola facilidade que lles dá para chegar moi rapidamente á zona do lume, pola potencia que ten a presión coa que sae a auga por esa motobomba e porque se pode acudir o máis rápido posible. De verdade que volveremos revisar todas as peculiaridades que teñen estes vehículos, pero, dende logo, a min todas as persoas coas que teño falado –e confésolle que son moitas– fálanme de que si é certo que lles estamos acoplado arriba un dispositivo para que poidan levar un material de apoio, pero que o que é a finalidade da motobomba, para o que está concibida, dende logo que funciona correctamente.

Dende logo que na miña persoa, nin na Xunta de Galicia, nin na consellería que me honro en dirixir, vai encontrar ningún no rural xente que lle poña trabas para desenvolver a súa actividade. Todo o contrario, creo que estamos a facer, todo o equipo da consellería, un esforzo impresionante por reunirmos cos diferentes sectores, cos diferentes representantes de todos e cada un dos sectores de actividade, para analizar xuntos cales son os problemas que teñen e como poden ver na Xunta de Galicia ese aliado que necesitan para ser capaces de desenvolver o rural. De verdade que aí non imos nin escatimar esforzos nin escatimar posibilidades, estamos nun momento importante para definir o novo Plan de desenvolvemento rural que se desenvolverá como consecuencia da nova política agrícola común, e nesa liña estamos –eu creo– a facer un esforzo de aproximación, xa digo, con todos os representantes dos diferentes colectivos que poidan ver no rural un lugar de desenvolvemento económico. E aí, dende logo, vannos encontrar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Interpelación de D.^a María Tereixa Paz Franco e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, do G.P. do Bloque Nacionalista

Galego, sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación preconcursal solicitada pola empresa Alimentos Lácteos, S.A., e co seu futuro

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados, novamente.

Bos días, señor conselleiro.

Volvemos unha vez máis –creo que xa por enésima vez– o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a traer a debate a este Parlamento o asunto de Alimentos Lácteos, que desde logo a xuízo do Bloque Nacionalista Galego é un dos grandes problemas aos que vostedes, os membros do Goberno, teñen que dar solución.

Para nós xa non valen que sigan escondéndose. Non vale –como xa nos dixeron en varias ocasións– que sigan dicindo que é un problema dunha empresa privada con operadores privados. Non é un asunto privado, señor conselleiro, porque afecta non só a moitos traballadores que teñen moita incerteza respecto do seu futuro; non só porque afecta a moitos gandeiros –máis de mil– e a cooperativas que teñen grandes débedas e que tamén teñen incertezas respecto do seu futuro, senón porque tamén é un asunto moi relevante para o sector lácteo galego, sobre todo para a súa capacidade de transformación.

Tampouco poden vostedes seguir escondéndose porque a Xunta ten grandes responsabilidades no que pasou e, sobre todo, ten unha gran responsabilidade no que poida suceder no futuro. Tivo grandes responsabilidades no que pasou porque Alimentos Lácteos, tal e como o coñecemos agora mesmo, existe como tal por unha decisión política do Partido Popular, porque o Partido Popular avalou este proxecto fronte a outros proxectos cando todos –incluído o Partido Popular– sabíamos desde o inicio que este proxecto tiña dous problemas: falta de capital circulante para o seu funcionamento e tamén falta de leite, de capacidade de producir leite, como materia prima para a súa actividade. Por certo, aínda que vostedes desde o principio sabían que estas eran

as dúas carencias deste proxecto, nunca fixeron nada en serio para resolvelo.

Teñen vostedes responsabilidade porque durante os apenas tres anos de vida de Alimentos Lácteos destinaron vostedes cartos públicos para intentar darlle viabilidade; dunha forma errática, pero intentárono. Destinaron vostedes en avais e en créditos participativos a través de distintos órganos da Xunta de Galiza máis de 6 millóns de euros a este proxecto. E teñen tamén vostedes responsabilidade, señor conselleiro, porque desde febreiro do ano pasado a Xunta ten un representante permanente en todas as reunións do Consello de Administración de Alimentos Lácteos. Houbo un representante da Xunta de Galiza desde o mes de febreiro do ano pasado no Consello de Administración de Alimentos Lácteos vendo, consentindo e, polo tanto, sendo cómplice de como se tomaban decisións, desde o punto de vista do plan de negocio da empresa, absolutamente erráticas e ruinosas –non imos agora a pararnos a falar delas–, como se tomaban decisións que implicaban baixarlles o prezo do leite aínda máis aos gandeiros, e, sobre todo, tamén vendo como se levaba o proxecto á ruína e de paso como se tomaba a decisión de estafar os gandeiros coas preferentes do sector lácteo.

Desde hai tres meses, señor conselleiro, no mes de xaneiro, que entrou en precurso de acredores esta empresa, vostedes están mareando a perdiz –se me permiten este coloquialismo– e non queren dar ningunha explicación nin do pasado nin do futuro. Non queren dar ningunha explicación de como unha empresa, un proxecto empresarial, en só tres anos de funcionamento pode chegar a acumular 13 millóns de euros –máis de 13 millóns de euros– de débedas a pesar de ter recibido seis millóns de euros de cartos públicos e a pesar de ter dúas marcas perfectamente posicionadas no mercado que se vendían –e se vendían ben–, que tiñan gran demanda nos supermercados, porque ante todo –hai que dicilo– estabamos ante un produto de gran calidade.

Vostedes néganse a dar explicacións de onde foron parar eses cartos públicos, para que se utilizaron eses avais e eses créditos participativos de máis de 6 millóns de euros que lle deu a Xunta de Galiza. Vostedes, despois de tres meses, aínda non nos deron explicacións a nós, pero sobre todo tampouco lleas deron aos traballadores que están aí –que nos acompañan hoxe novamente neste pleno–, de quen son os

acreedores de Alimentos Lácteos deses 13 millóns de euros de débedas; con que bancos hai débedas; con que provedores non lácteos; con cantos gandeiros e cantos cartos se lles deben aos gandeiros. E nós, señor conselleiro, queremos que nos dean explicacións a nós, aos traballadores e aos gandeiros de todas estas cuestións, non só porque consideramos que é a nosa obriga fiscalizar o que fixo o Goberno no pasado; sobre todo queremos que nos dea explicacións, señor conselleiro, porque cremos que saber sobre que base temos que construír o futuro de Alimentos Lácteos é imprescindible para atopar un plan de viabilidade, para atopar un plan de futuro para Alimentos Lácteos.

Nós non sabemos se o Partido Popular e o Goberno comparten esta posición, pero nós, señor conselleiro, asegúrolle que cremos, desde o Bloque Nacionalista Galego, que é absolutamente imprescindible asentar as bases a partir da situación na que estamos para poñer en marcha un plan de viabilidade para Alimentos Lácteos –ou para a factoría na que se asenta Alimentos Lácteos– que sexa viable, que sexa crible e que sexa duradeiro.

Hai activos sobre os que traballar, desde o noso punto de vista. Temos un activo que é a gran calidade do leite, fundamentalmente grazas aos gandeiros, grazas aos traballadores da planta, que contan cunha intensísima experiencia de moitos anos na realización do seu traballo, e tamén grazas ao fondo de mercado das dúas marcas, que a pesar das dificultades para manterse nos lineais dos supermercados segue, afortunadamente, mantendo certa fidelidade dos consumidores e certa demanda. Ese, desde logo, é un activo, señor conselleiro, que vostede que é economista e sabe bastante máis –seguro– destas cousas ca min, saberá que o tempo é un factor que corre en contra dese activo, porque desgraciadamente os consumidores non van esperar eternamente.

Pero tamén hai pasivos, señor conselleiro. E nós o que temos e o que estamos vendo é que o principal pasivo para que poida arrancar un proxecto das características das que lle falei eu anteriormente pode acabar sendo a Xunta de Galicia coa súa actitude de desentenderse do problema, coa súa actitude de estar permanentemente xogando á manipulación ou mesmo ao engano tanto cos datos como co futuro, e de fomentar fundamentalmente a rumoroloxía pero nunca confirmar se hai plan, se non hai plan, cal é o plan e cal é o futuro.

Señor conselleiro, se de verdade quere que creamos –non só o Bloque Nacionalista Galego, que supoño que iso a vostede lle importa ben pouco, senón se quere que a cidadanía crea, que os gandeiros crean, que as cooperativas crean, que as traballadoras e traballadores da planta de Alimentos Lácteos en Outeiro de Rei crean– que de verdade vostedes queren asentar as bases para un proxecto viable e duradeiro para esta planta, ten que vostede aproveitar os dez minutos que vai ter a continuación de que eu remate a miña intervención, primeiro, para dicirnos se hai plan. Se hai plan e en que consiste o plan, que acordos hai exactamente coas cooperativas. Porque vostedes sempre dixeron que o plan tiña que ter dúas patas: unha, as cooperativas e os gandeiros a través das cooperativas; e outra, un proxecto industrial. Pois díganos vostede cales son os acordos coas cooperativas. Se tamén, ademais de coas cúpulas das cooperativas, teñen algún tipo de acordo ou compromiso cos gandeiros, que ao final os que moxen as vacas e venden o leite non son os directivos das cooperativas, senón os gandeiros. ¿Teñen vostedes algún compromiso e algún acordo nese ámbito?

Díganos, señor conselleiro, dunha boa vez, se hai ou non o grupo industrial e díganos que está disposto a facer ese grupo industrial. Díganos qué vai achegar ese grupo industrial a ese proxecto. Díganos, señor conselleiro –porque supoñemos que todos somos conscientes de que un dos grandes problemas de futuro deste proxecto son os 13 millóns de euros de débeda–: como se vai pagar esa débeda; quen vai pagar esa débeda; a quen se lle vai pagar, se só aos provedores non lácteos, como se está rumoreando, se alguén ten previsto pagarlles tamén aos gandeiros; cales son e con quen as débedas reais que ten Alimentos Lácteos; canto leite se debe; canto leite do que teñen vostedes comprometido nese plan de viabilidade suposto, pero que nunca nos quixeron amosar en ningún ámbito, van procesar e con que prazos contan para facer ese procesamento. ¿É certo ou non que un dos piares dese plan de viabilidade é baixarlles aínda máis o leite aos gandeiros?

Todo iso, señor conselleiro, ten vostede a oportunidade de contestalo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Ten tamén a oportunidade de contestarnos se nese plan de viabilidade se contempla a conti-

nuidade do ERE. De ser así, durante canto tempo, para cantos traballadores e que previsións ten o plan de viabilidade a respecto do mantemento da totalidade dos postos de traballo.

En definitiva, señor conselleiro, se vostede cre que ten obriga e responsabilidade de construír un plan de futuro e viabilidade para esta empresa, díganos dunha vez a verdade, porque todos, a cidadanía, os traballadores e os gandeiros, temos dereito a saber cal é a verdade para poder contribuír...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...a establecer os alicerces sobre os que asentar ese futuro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

Resposta o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, para comezar permítanme facer unhas consideracións previas para destacar que é a Xunta de Galicia plenamente consciente da importancia económica do sector lácteo de Galicia, da importancia estratéxica que damos á transformación dun produto da comunidade autónoma. Sempre é importante procurar que o valor engadido da actividade económica quede no territorio produtor, e, polo tanto, a aposta da Xunta de Galicia polo sector lácteo galego non ten ningún tipo de fisura.

Señorías, estamos convencidos da enorme relevancia económica e social que ten para Galicia este sector lácteo, polos postos de traballo que xera e que pode seguir xerando, pero tamén polo valor engadido que comporta para incrementar a renda media dos gandeiros galegos. O obxectivo de consolidar en Galicia un sector lácteo galego competitivo non é unha tarefa doada, como non adoita sê-lo nada que pague a pena. Pero é un reto no que a Xunta de Galicia cre, polo que cre que paga a pena loitar, e, como xa ten demostrado noutras ocasións, seguiremos a facelo. Recordo aquí as

actuacións que se levaron a cabo para a reactivación de Clesa a través de Acolact. E como queremos demostrar de novo con Alimentos Lácteos este compromiso, loxicamente contestarei á súa interpelación.

Hai quince días –como ben sabe– xa tiven oportunidade de informar sobre esta empresa, pero agradézolle de novo esta oportunidade. O que si me gustaría, para que a interpelación se desenvolva cunha certa normalidade, é que non utilice ningún tipo de expresións que, primeiro, non responden á verdade, e, segundo, non teñen ningún tipo de fundamento. Refírome a cando vostede fala –referíndose a este Goberno– de manipulación, de engano, de estafa. Eu creo que non debe confundir, e cando menos o que lle pido é un certo rigor e, polo tanto, fundamento cando utilice este tipo de expresións. (*Aplausos.*)

Como saben, a Sociedade de Alimentos Lácteos nace por iniciativa dun grupo de cooperativas –non esquezamos este dato– que no ano 2009 apostan por facerse cargo, mediante unha operación de aluguer con opción de compra, da planta industrial localizada en Outeiro de Rei. Polo tanto, como xa temos manifestado en anteriores ocasións, Alimentos Lácteos non deixa de ser un proxecto empresarial de carácter eminentemente privado.

É certo que é un proxecto industrial que contou dende o primeiro momento co apoio do Goberno galego, que soubo valorar a importancia da súa base cooperativa e, polo tanto, a importancia estratéxica que o sector lácteo ten para a Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, como este Goberno fai con outros sectores, o que fixo foi intentar acompañar esta iniciativa de carácter privado, e foi unha decisión que eu quero volver insistir nela, unha decisión puramente empresarial e en ningún momento unha decisión de carácter político. Por este motivo, e a pesar das dificultades, a Xunta de Galicia segue comprometida a loitar de forma decidida polo seu futuro, polo futuro do sector lácteo galego, e, como xa lle dixen, estamos traballando nesa dirección.

Efectivamente, a Xunta de Galicia apoiou Alimentos Lácteos a través da achega de préstamos participativos e de avais destinados en todo momento a facilitar o acceso ao circulante preciso para manter a actividade da empresa. Ese era o obxectivo concreto que tiveron as axudas que no seu

momento se lle trasladaron a Alimentos Lácteos, e a partir de aí, loxicamente, a responsabilidade da xestión cotiá corresponde única e exclusivamente aos seus administradores, ao seu xerente e aos seus conselleiros.

Á vista da situación actual, que como ben recordou vostede é unha situación de preconcuro, queda claro que lamentablemente non se puido conseguir o obxectivo de consolidar o proxecto e darlle a viabilidade financeira necesaria, pese a que, efectivamente, si conseguiron co desenvolvemento do seu traballo un obxectivo nada sinxelo nun mundo tan competitivo, que é poñer en valor dúas marcas de gran aceptación no mercado como foron Deleite e Mu; dúas marcas que, efectivamente, teñen este recoñecemento de calidade e que forman o principal activo que ten Alimentos Lácteos.

Na actualidade estanse concretando diferentes esforzos para tratar de recuperar, efectivamente, a actividade e, por suposto, xerar uns resultados positivos que permitan consolidar os postos de traballo asociados e dar solución axeitada ás débedas acumuladas. Este é o obxectivo que ten Alimentos Lácteos, e nese obxectivo –como xa lle referín–, loxicamente, Alimentos Lácteos, que está a completar un plan de negocio concreto, contará co acompañamento da Xunta de Galicia. Pero non desviemos o centro, o centro é a empresa Alimentos Lácteos, que está a intentar completar un plan de negocio que garanta a viabilidade do proxecto industrial, e a partir de aí a Xunta de Galicia, loxicamente unha vez avaliado ese plan de negocio, terá que tomar unha decisión para saber exactamente como pode axudar ao desenvolvemento dese proxecto.

Entendemos, polo tanto, neste sentido –e así se trasladou–, que ese plan de negocio seguramente precisa da incorporación dun socio industrial que teña experiencia no sector e que permita a consolidación da empresa a medio e longo prazo. Non se trata, polo tanto, de buscar un parche a curto prazo, senón precisamente que se poida consolidar a empresa a medio e longo prazo.

O reto non é doado. Para garantir a viabilidade o proxecto industrial require a recollida e transformación de aproximadamente entre 150 millóns e 200 millóns de litros por ano. Esa é a referencia das necesidades concretas de leite que precisaría o proxecto industrial para garantir a súa via-

bilidade. E como se pode imaxinar, este obxectivo, ademais de contar coa incorporación de leite, ten as necesidades financeiras dun proxecto desta dimensión, e, polo tanto, precisa tamén a implicación das diferentes entidades financeiras.

Por iso, ante un proxecto de tanta complexidade, temos que ser prudentes. Eu entendo, e poderá estar de acordo comigo, que nesta situación calquera cousa menos a improvisación e calquera cousa menos tomar decisións que non respondan a unha avaliación obxectiva e a unha avaliación sobre a viabilidade futura deste proxecto. Temos que ser prudentes, polo tanto, á hora de avaliar este plan de negocio elaborado por Alimentos Lácteos, un plan de negocio que necesariamente terá que contar co consenso de todas as partes implicadas. No pasado precisamente foi a falta de sintonía entre a propiedade e a xestión de Alimentos Lácteos o que desembocou na situación actual, polo tanto, eu creo que debemos aprender do pasado e non cometer erros no futuro.

Dende logo, como xa lle reflectín, a Xunta de Galicia estará intentando acompañar este proxecto, como fai exactamente con outras empresas que están en situacións similares, e tendo en conta, loxicamente, o que significa para Galicia, o que significa para o noso país, o desenvolvemento dun sector lácteo galego competitivo e que manteña un importante valor engadido na produción industrial do noso país. Por iso nós avaliamos moi positivamente o compromiso que se subscribiu a semana pasada polas diferentes cooperativas para garantir as súas entregas. É un primeiro paso imprescindible para que haxa posibilidade realmente de que o proxecto sexa viable. Pero é preciso que nos próximos anos tamén se poida continuar contemplando –dentro dese plan de negocio– a posible captación de novas cooperativas e tamén contar co compromiso das cooperativas, dos xestores e do socio industrial.

Entendemos, polo tanto, que a progresiva identificación, o progresivo compromiso que poidan asumir as diferentes partes, é o que pode garantir a viabilidade de Alimentos Lácteos. E, dende logo, a Xunta de Galicia, señoría, non escatimará ningún esforzo na procura dunha solución duradeira e definitiva para Alimentos Lácteos. Non escatimaremos ningún esforzo, señoría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Mire, señor conselleiro, voulle dicir unha cousa antes de empezar coa miña intervención.

Desde logo, quen vén aquí intentar manipular como se xestou Alimentos Lácteos, dicindo que foi unha decisión puramente empresarial, non ten ningunha le-xi-ti-mi-da-de para pedirme que eu non use a palabra “manipulación”. Que lle quede claro. ¿Vale? (*Aplausos.*)

Segunda cuestión. Vostede non pode vir á tribuna do Parlamento e dicir que vai dar resposta a todas as preguntas que eu lle formulei e despois vir con frases do tipo: Estamos concretando os distintos esforzos para reanudar a actividade. ¿Que esforzos? Estamos intentando dar unha axeitada resposta á débeda. Estamos intentando concretar un plan de negocio concreto –isto é literal, ¡eh!– que contará co apoio da Xunta de Galicia.

Mire, señor conselleiro, o que nos veu dicir vostede hoxe aquí, día 24 de abril de 2013, é exactamente o mesmo –é dicir, nada– que nos dixo o director xeral do Igape en febreiro do 2013: que facía falta un socio industrial con experiencia... ¡Iso xa o sabemos todos! Pero é que o problema, señor conselleiro, é que isto xa o sabemos hai tres anos, cando vostedes decidiron que fosen unhas cooperativas sen ningunha experiencia as que se fixeran cargo de Alimentos Lácteos. Xa o sabemos daquela. Vostede veu a luz agora, pero nós xa lle vimos a luz hai tres anos, e os traballadores e os gandeiros tamén.

Vén aquí dicirnos que fai falta recoller entre 150 e 200 millóns de litros de leite ao ano para que sexa viable. Xa o sabemos. É que é a capacidade produtora que ten a planta. Pero o que non nos dixo vostede, señor conselleiro, é como ten pensado garantir recoller eses 150 ou 200 millóns de litros. Porque, efectivamente, vostede dinos que no futuro, dentro duns anos, intentarán captar máis cooperativas, pero ¿e no futuro inmediato, o mes que vén, o seguinte, no mes de agosto?, ¿quen lle vai fornecer leite a esta entidade empresarial? Porque eu non sei se a señora conselleira de Medio

Rural lle ten comentado a vostede cal é a situación das cooperativas, que están totalmente queimadas e mermadas. Non sei se lle ten comentado que, das tres cooperativas que lle subministraban máis leite a Alimentos Lácteos, a chamada Tierra Llana pasou de 97 a 35 socios; A Arzuana quedou sen os socios que entregaban máis leite; que Indega está absolutamente desfeita e enterrada polas débedas; que Guitiriz non confía na seriedade deste proxecto. Entón, ¿de onde? Eu o que lle preguntei non foi cantos millóns de litros de leite facían falta para que isto fose viable, pregunteille de onde tiñan pensado sacalo. Non sei se ao mellor o presidente o vai traer de México, porque agora resulta que a gran solución ao sector lácteo seica está en México.

Díxonos despois que había necesidades financeiras. Bueno, eu a verdade é que nunca pensei en estudar economía, pero voume poñer porque debe ser bastante fácil. Porque para chegar á conclusión de que había necesidades financeiras nunha entidade que xa o primeiro ano de funcionamento tivo unhas perdas de catro millóns de euros, pois francamente, señor conselleiro, ¡non sei que nos veu contar vostede aquí!

Eu fíxenlle preguntas concretas, e dígolle que vostedes alimentan a rumoroloxía –señora conselleira, eu prefería que contestara vostede, pero bueno, a ver se a próxima vez–, porque por aí hai un rumor que consiste en que o proxecto de viabilidade é o seguinte: Alimentos Lácteos pon os dous millóns máis ou menos no que están valoradas as súas marcas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...Pascual queda coa fábrica e coa maioría da sociedade; a Xunta seica vai poñer outros 4 ou 5 millóns de euros; da débeda dos 13 millóns de euros que hai só se lles vai pagar aos provedores non lácteos e aos lácteos xa se lles irá pagando cando se poida. E para que sexa viable o proxecto téñense que dar dúas circunstancias segundo vostedes: que van aforrar gastos nos tetrabriks e nos tapóns –que é certo, que seguramente Pascual os consegue máis baratos que Alimentos Lácteos–, e que van aforrar cartos tamén baixándolles o leite aos gandeiros.

Esa é a rumoroloxía que hai aí. Entón eu preguntolle ¿é certo todo isto ou non? Foi o que intentei preguntarlle na

miña anterior intervención e é o que lle pido que conteste agora. E sobre todo que diga cal é o sustento deste suposto plan, se este é o plan ou non é o plan sobre o que se está traballando.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Porque, mire...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora PAZ FRANCO: ...hai moita inquietude...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz, moitas grazas.

A señora PAZ FRANCO: ...e vostedes teñen que resolver este problema porque...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, eu loxicamente, coma sempre, intento responder a súa pregunta. E, loxicamente, eu trasladolle claramente cal é o camiño que temos que percorrer para que Alimentos Lácteos teña viabilidade, que non é outro que que a empresa Alimentos Lácteos poida identificar un plan de negocio que sexa viable, que conte co consenso, co acordo, das diferentes partes implicadas, e a partir de aí poder saír da situación de precurso, unha situación loxicamente complicada, pero que lamentablemente non ten outro camiño para poder saír adiante.

Ata o momento, os que tiveron a responsabilidade de gobernar a empresa, lamentablemente, non puideron garantir a viabilidade do proxecto e tampouco xerar a confianza necesaria para darlle viabilidade, e, así as cousas, loxicamente, ao non poder cumprir os obxectivos, as perdas foron medrando ata desembocar na situación actual. As débedas acumuladas cos bancos e acredores roldan os cinco millóns

e medio de euros, sen sumar os diferentes préstamos participativos de cooperativas e de XesGalicia nin o pagamento do aluguer da planta, unha situación de débeda moi importante que, loxicamente, ten que plantexarse no contexto do pre-concurso, e, como lle dicía, a partir dun plan de negocio vertebrado dende Alimentos Lácteos poder encontrar unha solución contando coa participación non só dun socio industrial con experiencia na xestión, senón tamén coas outras partes implicadas, que –como digo– se terán que adherir a ese plan de negocio que poida vertebrar Alimentos Lácteos.

Nós, desde a Xunta de Galicia, como xa lle trasladei na primeira intervención, intentaremos, na medida das nosas posibilidades, acompañar ese plan de negocio, pero precisamos –como lle dicía– ter un plan de negocio moi claro e a implicación de todas as partes. Precisamente para iso serve a situación de pre-concurso, para negociar cos diferentes participantes e reconducir a situación, tratando de retomar a actividade con pasos moi firmes e seguros.

Como se pode imaxinar, eu non vou vir aquí falar nin avaliar diferentes rumores, que non sei se son rumores, se é a súa proposta, se é a proposta do seu grupo parlamentario ou é a proposta de non sei quen. (*Aplausos.*) O que si temos claro é que Alimentos Lácteos, coa incorporación de sectores adecuados, coa entrega do leite que a planta precisa e coa suma de todos os esforzos, incluído no seu caso o da Xunta de Galicia, entendemos que pode ter futuro, e como xa lle trasladei, esa é a determinación que ten a Xunta de Galicia. Porque a Xunta de Galicia ten unha determinación moi clara, que é defender a existencia dun sector lácteo galego de base cooperativa, como é Alimentos Lácteos, e así o está a demostrar na súa actuación durante a pasada lexislatura e nesta lexislatura.

Si hai exemplos doutras apostas que se fixeron, como o caso de Clesa, e, loxicamente, seguiremos traballando nesta dirección: pola defensa dos gandeiros, pola defensa das cooperativas, pola defensa do sector lácteo e pola defensa do proxecto industrial. Nesa determinación é onde está a Xunta de Galicia, e a Xunta de Galicia seguirá traballando nesa dirección.

Nós no que confiamos é en que o plan de negocio que está en estudo por parte de Alimentos Lácteos permita aproximar as diferentes posicións e asentar os diferentes acordos

que son imprescindibles para garantir a viabilidade do negocio. Dende logo, ese é un paso definitivo para que precisamente o sector lácteo galego no seu conxunto gaña en potencial, para seguir consolidando nesta planta outro proxecto de base cooperativa forte, e nese sentido –como lle dicía– a Xunta de Galicia cre que merece a pena, que paga a pena, apostar por este tipo de proxecto.

Neste camiño, e no marco dos proxectos rigorosos e viables –esa ten que ser a nosa folla de ruta–, con socios, neste caso, comprometidos e solidarios,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ...seguirán a contar co apoio do Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto sete, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e dous deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os feitos acontecidos e a presenza policial na segunda semana de abril de 2013 ás portas da conserveira Cuca, en Vilaxoán

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a pregunta a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Pedro Patiño, Antonio Ruíz, Amador Rey, Daniel Niebla, Manuel Fernández, Vitoriano Diego, Miguel Rodal, Mikel Salegi, Víctor Manuel Pérez, Manuel Montenegro, Moncho Reboiras, Teófilo del Valle, Pedro María Martínez, Francisco Aznar, Romualdo Barroso, Vicente Antón Ferrero, Francisco Javier Berdejo, Josu Zabala, José Vicente Casabani, Mari Luz Nájera, Arturo Ruíz, Francisco Javier Sauquillo, Luís Javier Benavides, Serafín Olgando, Enrique Vadevira, Ángel Rodríguez, Miguel Vicente Basanta, Francisco Egea, José Luís Aristizábal, Gregorio Marichalar, Gustavo Flecher, Manuel José García Caparrós, Javier Fernández Quesada, Francisco Rodríguez Ledesma, Elvira Parcerro, Germán Rodríguez, Josefa Baran-

diarán, Gustavo Muñoz, Ursino Gallego, Gladis del Estal, Valentín González, Emilio Fernández, Iñaki Quijara, Valeriano Martínez, Emilio Martínez, José Luís Montañés, José Luis España Vivas.

¿Saben quen son? Son traballadores e traballadoras asasinados pola Policía e pola Guarda Civil durante a transición. Son os mortos da transición. Todos eles asasinados cando se manifestaban pacificamente en defensa dos seus dereitos laborais, en defensa da democracia, en defensa da xustiza social.

Hoxe, trinta e cinco anos despois, a clase traballadora segue a sufrir a represión do poder económico aliado co poder político, que utilizan os recursos públicos para intentar someter pola violencia o pobo. Iso é o que pasou en conservas Cuca. Outra vez os corpos represivos do Estado ao servizo do capital... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...empregando a violencia contra os traballadores. *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Eu non sei, presidenta, pero ao mellor alguén ten que ir andar en cabalo, porque é que patexan.

Outra vez os corpos represivos do Estado, ao servizo do capital, empregando a violencia contra as traballadoras, vulnerando os seus dereitos laborais e civís para que os lacaios do capital poidan saquear a fábrica. As traballadoras de Cuca só están a defender os seus postos de traballo. A Xunta, lonxe de actuar cara a evitar o desmantelamento da conserveira, ponlle a alfombra vermella á empresa para facilitarlle o espolio.

Na madrugada do 12 de abril, cinco furgóns da Policía facilitaron que a empresa sacara toda a maquinaria de dentro da fábrica. Os efectivos policiais impediron que as traballadoras defenderan os seus dereitos e defenderan o seu dereito tamén sobre a maquinaria. Pouco despois comezaban a chegar os reforzos á fábrica, mentres soaban a arrebatos as campás da igrexa de San Martín de Sobrán, a sirena da lonxa da confraría de pescadores chamando os veciños e veciñas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

Moitas grazas.

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Non, ten vostede tres minutos.

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Si, vostede ten... *(Interrupcións.)*

Silencio, por favor. Señora Martínez...

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez.

¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor!

Señora Martínez, dese por chamada á orde por segunda vez, e como siga vostede nesta actitude terei que chamala á orde por terceira vez, e xa sabe o que significa. Ou sexa, ¡faga o favor! Ten vostede tres minutos para preguntar e dous para a réplica, e nin un máis. Sabe vostede como funcionan as preguntas no Parlamento.

Ten a palabra para respostar, conselleiro.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Martínez, que fácil mo pon vostede para volver falar entre a desmesura e esa especie de dereito que vostede se autooutorga para dicir a primeira barbaridade que se lle pasa pola cabeza, pensar que hai que aceptala sen ningún problema e que os demais temos que calar vendo as auténticas barbaridades –por dicilo *(Aplausos.)* dun xeito sinxelo– que a vostede se lle ocorren.

Pero mire, non me vou recrear. Despois –e eu fun testemuña de primeira man aquí, ao lado do presidente– de ver a

actitude do seu líder hoxe na pregunta ao Parlamento, as ameazas directas que lle fixo ao presidente da Xunta, creo que foi a mellor mostra de en que consiste o seu labor parlamentario, en que consiste o seu labor de oposición e en que consiste aquilo ao que se dedican día a día, señora Martínez. *(Aplausos.)*

Mire, non lle deu tempo a facer a pregunta porque non tiña ningunha pregunta, se me permite que llo diga. Consistía en facer exactamente o que fixo. Pero eu voulle dar a resposta.

Mire, fronte ás súas actitudes, fronte aos seus insultos, fronte a crer que poden dicir de todo pero non poden escoitar de nada, eu voulle dicir unha cousa que lle vai doer moito máis que calquera cousa que lle poidan dicir. Aquí, e espero que aí tamén, aínda que xa teño as miñas dúbidas, cremos no Estado de dereito, cremos nas institucións, cremos na Policía democrática, e se vostedes a queren insultar, cada día se retratan máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra... Por favor.

Ten a palabra para a réplica a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Lonxe de ofenderme, señor conselleiro, estou encantada do que me di. Síntome realmente representada, porque a súa democracia non é a miña democracia. A súa democracia é a ditadura parlamentar. Esa é a democracia que vostedes entenden.

Mire, Pedro María Martínez, de 27 anos; Francisco Aznar, de 17; Romualdo Barroso, de 19; José Castillo, de 32, todos asasinados por orde do entón ministro Fraga Iribarne, o seu gran líder, ¿ese si que é o seu gran líder!

E sigo dicíndolles que seguen utilizando as institucións de forma fraudulenta para o pobo, defendendo os intereses do capital e permitindo que unha empresa leve o que é dos traballadores e das traballadoras, o que é do pobo galego, comprado con diñeiro público, unha maquinaria que non podían sacar, e para facelo o único que souberon facer foi represaliar ás traballadoras. O outro día, no programa “Intermedio”, de Wyomin, explicaban moi ben o seu concepto de democracia. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Dicían por que cada vez máis sociedade está fóra do sistema, porque cada vez o PP estreita o sistema e a súa democracia cada vez só deixa dentro os ditadores. Os demócratas quedamos fóra do seu sistema, os ditadores son os que están dentro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Réplica do conselleiro da Presidencia.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Martínez, en primeiro lugar reafirmome, non ten vostede ningunha pregunta. Viña facer o que fixo. Hoxe é o día máis axeitado, dende logo, para que vostedes falen de violencia, despois do que vimos aquí. Insisto, xa van tres horas sen que teñan a gallardía, cando menos, de pedir desculpas, non a nós, que xa sei que non nolas van pedir, ao pobo galego que veu a escena, que non me estraña que ás veces pense que o que se fai aquí non vale a pena. Non vale a pena o que fan vostedes. *(Aplausos.)*

E voulle dicir en que consiste a democracia. A democracia, señora Martínez, que a xente entende, e a que entendemos nós, é pensar que non hai dereito nin se pode tolerar que se acose nin a nós nin a vostedes. A democracia que vostedes entenden é dicir que acosar os que non pensan como vostedes está moi ben, mesmo hai que animalo, e cando os acosan a vostedes, iso é fascismo e hai que críticoalo. *(Aplausos.)* Ese é o retrato perfecto de en que consiste o seu labor de oposición, señora Martínez.

Eu lamento moitísimo esta actitude, creo que a lamenta moitísima xente. Xa sei que vostedes non cren na democracia dos votos, non cren que o que ten máis apoios cando hai eleccións é porque a xente avala máis o que fai. Xa sei que niso non cren porque nin lles convén nin cren nesa democracia nin cren absolutamente en nada que non sexa insultar, descualificar sempre, de alá para aquí, e non tolerar en absoluto nada que se lles diga que lles poida parecer mal cando vén desde aquí lexítima e democraticamente. Vólvolle dicir —xa que a pregunta vai de policía— que eu creo na Policía,

que son traballadores que merecen todo o respecto do mundo. Non vou tolerar que vostede os insulte, non vou tolerar que lle chame asasino a ninguén, como fan todas as veces, o que pasa é que xa non se dan conta. Só me alegra de todo isto que cada vez quedan máis retratados e cada vez son mellor coñecidos polo pobo de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día.

Pregunta de D. David Fernández Calviño e D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia dos danos sociais e económicos que vai ocasionar a explotación dunha mina de ouro na localidade de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señor conselleiro.

Non sei cal dos dous me vai contestar. A calquera dos dous, bos días.

Eu vou falar da explotación mineira de Corcoesto que pretende levar a cabo unha empresa canadiana, Edgewater Exploration, que con tanto entusiasmo defende e axuda o Goberno da Xunta de Galicia. Proxecto que ten todas e cada unha das características do modelo clásico de espolio nos países do Terceiro mundo, e nunca supuxo este modelo unha mellora na calidade de vida da maioría da poboación.

Corcoesto significa a destrución para Galiza e os beneficios para Canadá. ¿Que é o que procuran estas empresas transnacionais que operan no Terceiro mundo, sexan canadenses, americanas ou surafricanas? Recursos naturais, neste caso ouro, que debido a unha situación conxuntural, debido á economía especulativa, ten un prezo elevadísimo que xa está baixando. Procuran tamén man de obra barata, forza de traballo explotada para xerar as plusvalías que voarán inmediatamente a Canadá. Necesitan tamén unha lexislación ambiental laxa e gobernos cómplices que colaboren para

minimizar a oposición social aos proxectos que sempre xorde, facilitando trámites e aplicando a lei á súa medida.

Ate o de agora, a Xunta de Galiza e a súa consellería cumpriu perfectamente este papel, lanzando mensaxes publicitarias cantando as bondades do proxecto. O señor Feijóo chegou a falar da creación de 2.500 empregos, ¡fai falta ter cara! Aprobando unha declaración de impacto ambiental de chiste, insuficiente, tendenciosa desde un punto de vista técnico, que asume todas as premisas da empresa, unha por unha, e que escandalosamente non estuda nin sequera os impactos sociais, económicos e ambientais negativos nin os efectos sobre os asentamentos cercanos, sobre a gandería, a agricultura, o sector forestal e o marisqueiro. Nin ten en conta os estudos científicos sobre os elevados contidos de arsénico causados simplemente pola explotación tradicional en galerías realizada no século pasado. E incluso manipula o dito informe diante da defensora do pobo, que pretende usar dun xeito fraudulento unha figura xa creada para beneficiar as grandes empresas, que é o Proxecto industrial estratéxico.

¿Vostede considera que isto é un proxecto industrial estratéxico para Galicia? ¿Son estes os seus proxectos para o futuro deste país? Minerais, Eurovegas, non cumpren ningunha das características que a propia lei di que ten que ter este tipo de proxectos, nin na creación de emprego, no que seguen repetindo mentiras; nin na aplicación de tecnoloxía innovadora, que non existe; nin nos investimentos, nin na seguridade, nin na creación dun tecido industrial diversificado e de futuro. Ningún destes criterios se cumpren.

Contésteme se vostede ten en conta estes efectos prexudiciais sobre o medio ambiente, sobre a economía local para apoiar este tipo de... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para contestar o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Como dixo o vicepresidente, pasaron máis de tres horas e seguimos esperando as desculpas do seu grupo. Pola súa actitude desta

mañá non merecerían vostedes que eu fixera a resposta á súa pregunta, pero por respecto á Cámara e aos seus votantes, e tamén por respecto á democracia, vou darlle resposta á súa pregunta.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, atendendo a solicitude presentada e seguindo un procedemento regrado, procedeu a valorar as posibles afeccións que podería ter o proxecto mineiro de Corcoesto a través da correspondente avaliación de impacto ambiental. Fíxose conforme un procedemento regrado –como dixer– de carácter eminentemente técnico, no que se determina se un proxecto é ou non compatible co medio ambiente, tendo en conta as afeccións previstas e as medidas concretas que incorpora. Ese proceso de avaliación é realizado polos técnicos da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no que participan aqueloutros departamentos con competencia ambiental que emiten os correspondentes informes.

Polo tanto, neste procedemento de avaliación téñense en conta todos aqueles aspectos que dalgún xeito poidan supoñer afeccións. Un procedemento que conta coa máxima transparencia, cunha declaración que se atopa dispoñible para consulta pública a través da propia páxina web da consellería. Para esa declaración de impacto fixéronse un gran número de consultas previas entre os meses de setembro e decembro de 2011, dirixidas a direccións xerais, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, centros directivos e tamén ao público interesado, consultándose coa Federación Ecoloxista Galega, a Sociedade Galega de Ornitoloxía, a Sociedade Galega de Historia Natural e tamén a Greenpeace. Todo iso sen prexuízo da información pública á que tamén foi sometida o proxecto e ao seu estudo do impacto ambiental, por un período de trinta días hábiles entre maio e xuño do 2012, no que se recibiron setenta e sete alegacións.

A declaración de impacto ambiental, señor Sánchez, contempla numerosas medidas correctoras e compensatorias adicionais, entre as que cabe destacar as seguintes: a obriga de adecuar as zonas afectadas, de xeito que poidan recuperar os seus usos tradicionais tras o cesamento da explotación; a colaboración coas administracións e o financiamento de campañas de limpeza e xestión dos residuos, dos vertedoiros ilegais localizados na área da explotación mineira e

todas as medidas compensatorias que sexan necesarias; o acondicionamento das balsas de decantación de escorremen-to superficial como humidaís para o establecemento de anfibios, logo de que finalice a súa vida útil; a restauración das superficies mediante plantación de especies autóctonas; a participación en actuacións e mellora do estado ecolóxico do río Anllóns; a contratación de empresas e persoal da zona; a cesión pública dos terreos de explotación mineira unha vez restaurados para o seu aproveitamento agrogandeiro, forestal e tamén lúdico.

En definitiva, no procedemento que se levou a cabo por parte da Xunta de Galicia na tramitación de impacto ambiental dese proxecto tivéronse en conta todas as posibles afeccións e realizouse un exhaustivo cumprimento dos requisitos esixidos para este tipo de proxectos na lexislación galega, na lexislación nacional e na lexislación europea.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Réplica do señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Claro que son públicos todos estes procedementos que todos coñecemos. E por ser públicos coñecemos que están feitos á medida da empresa, que non cumpren cos requisitos técnicos mínimos, que non estudan os impactos sobre as sociedades e os asentamentos locais, que non estudan os impactos sobre o sector forestal, sobre o sector gandeiro, sobre o sector agrícola. E tamén coñecemos que este tipo de explotacións seguiron eses mesmos procedementos noutros lugares, como Aznalcóllar ou Baía Mare en Romanía, que, sen embargo, non evitaron que ocorreran catástrofes. En Baía Mare ocorreu a segunda peor catástrofe en territorio europeo, a peor catástrofe ambiental despois de Chernobyl, pola rotura dunha balsa de idénticas características da que está proxectada en Corcoesto. Isto propiciou a Declaración de Berlín, de expertos, ou a resolución no Parlamento Europeo despois doutro vertido no río Danubio, que di que esta técnica non garante en ningún caso a seguridade e que ocorra un accidente neste tipo de minas é só cuestión de tempo. De feito, señor conselleiro, no mundo ocorreron trinta accidentes provocados por roturas de balsas iguais a esta nos últimos vinte e cinco anos. Estes proxectos ademais empobrecen as sociedades onde se desenvolven,

destrúen xeitos sostíbles de vida, destrúen o medio ambiente, destrozan as terras, que quedan inservíbles para o futuro.

E a súa propia incapacidade de gobernar ou falta de vontade de crear outros xeitos de economía sostíble que proporcionan oportunidades ás maiorías fan que exista unha posibilidade de plantexar este proxecto, un proxecto a dez anos, ¡a dez anos, nada máis! Ese é o proxecto de futuro que teñen vostedes. E falo de hipótese, porque eu estou convencido de que este proxecto non se vai levar a cabo, non se vai facer, porque vostedes xa non poden enganar máis.

Nós non queremos a mina de Corcoesto, non é un proxecto estratéxico para este país e non o van conseguir, non hai futuro...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez. Moitas grazas, señor Sánchez.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Réplica do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Si, señor Sánchez, pídlle a vostede que non xogue co alarmismo e que non faga afirmacións que non teñan o debido fundamento, e en definitiva pídlle, con toda humildade, que se informe convenientemente.

Non lle caiba a menor dúbida de que a Xunta de Galicia, e en concreto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mantivo e está a manter o máis estrito e rigoroso control sobre o cumprimento de todos os requirimentos legais que para este tipo de proxectos se contemplan –volvo repetir– na lexislación galega, na lexislación nacional e na lexislación europea. Precisamente para determinados impactos que se poidan producir están os trámites de avaliación ambiental aos que o proxecto foi sometido, tratando de artellar e de articular as medidas necesarias para evitalos ou, en último termo, minimizar os impactos medioambientais. A empresa promotora, no caso de obter finalmente a autorización, que como sabe aínda non está outorgada, está legal-

mente obrigada a asumir as medidas correctores dos impactos ambientais que están establecidas na correspondente declaración de impacto.

En relación con este extremo, cómpre precisar que o proxecto incorpora a chamada “minería de transferencia”, consistente na abertura e peche sucesivo dos ocos da explotación, o que garante na nosa opinión unha integración paisaxística. Por outra parte, tamén se contempla un estrito control sobre a calidade dos vertidos producidos co fin que desde o punto de vista técnico sexan –e volvo repetir– perfectamente compatibles co nivel de calidade ambiental existente na conterna e por suposto coa calidade das augas do río Anllóns.

Ademais, a normativa regula estritamente os avais e as fianzas que a empresa deberá constituír co fin de que quede garantido que o proxecto se desenvolva segundo o previsto e co fin de que sexa ambientalmente viable. Uns avais e seguros que deberán ser constituídos ante o organismo competente se ao final acada a aprobación definitiva deste proxecto, que o que ten neste momento é a garantía de que ambientalmente é viable, que é o que di a declaración medioambiental.

Polo tanto, señor Sánchez, respecto ao medio ambiente, todo; garantía plena na tramitación, como non podía ser doutro xeito; tramitación eficaz porque é a nosa obriga, unha tramitación regrada; garantía financeira fronte a eventuais incidentes a través do seguro de responsabilidade, por suposto que tamén; seguimento permanente, tamén. Iso é o que imos facer.

En definitiva, máximo control e máximo rigor e que saiban que cando teñamos a oportunidade dun desenvolvemento sostíble no noso territorio apostaremos por el. ¡Faltaría máis!

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado en que se atopan os posibles contratos de buques coa empresa Pemex

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a pregunta o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor conselleiro, vaise cumprir un ano dende o primeiro anuncio que fixo o señor presidente da Xunta de Galicia en relación coa sinatura de contratos coa empresa mexicana Pemex para a construción de buques; un anuncio ademais que o reiterou de moitos xeitos ata chegar a totalizar un total de corenta e tres posibles buques que se construírían contra ese acordo.

Hai uns días o Goberno informaba a este deputado por escrito que finalmente se vai construír un buque en Ferrol e outro en Vigo, que cada un deles contará cunha carga de traballo de 1.500.000 horas, traducibles en 500 empregos e unha duración de dous anos. Polo tanto, 1.000 empregos nun sector no que no momento actual o número de desempregados directos soborda amplamente os 10.000. ¿Teñen algunha esperanza esoutros traballadores?

A semana pasada vostede acompañaba o señor presidente da Xunta a unha visita a México, onde mantiñan distintos encontros co presidente daquel país e con outras autoridades. Non serei eu quen de censurar que o Goberno traballe, que faga contactos, etc., pero daquela visita quedaron moitos anuncios dispersos: unha potencia exportadora no leite, a venda non se sabe moi ben de que produtos eólicos, sectores todos que están como están en Galicia, e novamente máis anuncios con Pemex.

Perdoe que sexa insistente neste asunto, señor conselleiro, pero é que hai un ano o seu antecesor tamén acompañaba o presidente da Xunta, naquel caso a Panamá, e tamén de alí xurdía un futuro esplendoroso a partir do novo canal de Panamá, e ano e medio despois non hai ningunha concreción.

En definitiva, o que tratamos de saber a través desta pregunta, señor conselleiro, é se existe unha data concreta na que se vai iniciar o traballo deses buques. Ata agora non teñen ofrecido ningunha, a día de hoxe non hai nin un só traballador contratado para levar a adiante eses proxectos. E, como sabe vostede, este problema engádese a outras promesas falidas do Goberno; por exemplo, sen saír do ámbito naval, a promesa de construción dun dique flotante en Ferrol, que tampouco ten unha data, que tampouco ten operarios contratados.

O tempo esgótase para moitas persoas, a súa esperanza tamén, e polo tanto preguntámoslle formalmente en que

estado se atopan os contratos, os acordos asinados coa empresa mexicana Pemex. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Méndez Romeu.

Respóstalle o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Méndez Romeu, alégrome sinceramente de que me dea a oportunidade de regresar novamente ao Parlamento para falar desta alianza estratéxica que a Xunta de Galicia ten asinada con Pemex, a cuarta petroleira do mundo. Un acordo que, como sabe, estableceu unha vía de traballo conxunta e que entendemos claramente que é unha grande oportunidade, tanto para os nosos estaleiros como para o noso sector portuario, de cara a traballar e colaborar cunha das empresas máis importantes do mundo. E polo tanto que sirva tamén para seguir consolidando o noso sector naval no ámbito noso non só nacional senón tamén internacional.

Un acordo que nace efectivamente dunha ferramenta moi eficaz, unha ferramenta vencellada á diplomacia internacional, que foi establecida por este Goberno e que continuamos a desenvolver. É un acordo que se basea nun aspecto absolutamente clave no eido internacional e que vostede coñece perfectamente, que é o da confianza mutua entre as dúas partes. Confianza mutua que neste caso está asinada e confianza mutua que ademais está respaldada polos presidentes de México, os dous que tiveron e que teñen a oportunidade de coñecer este proxecto entre Pemex e a Xunta de Galicia.

Isto a pesar da dificultade que ten o sector dende o punto de vista da conxuntura económica e tamén a pesar da actitude que en moitas ocasións, tanto o seu grupo como a propia oposición, trasladou sobre este proxecto, que está dalgunha forma —espero que non de forma intencionada, loxicamente— a danar a imaxe de Galicia, pero sobre todo a danar tamén a imaxe do noso sector e que pode ter un prexuízo bastante importante.

En calquera caso, trátase, como ben sabe, dun acordo asinado, e, efectivamente, eu tiven a oportunidade de acompañar o presidente da Xunta de Galicia na viaxe da semana

pasada, onde volvemos ter non só o afianzamento do que xa está asinado, que son tanto a alianza estratéxica como os dous floteis que se construírán en Navantia, no estaleiro Barreras, como o establecemento de novas vías de colaboración, que van abrir a posibilidade de que se poidan construír máis barcos e tamén a posibilidade de investimentos por parte da compañía petroleira.

E nese sentido, nós dende a Xunta de Galicia seguiremos traballando polo sector naval, seguiremos traballando no marco desta alianza estratéxica e seguiremos traballando por darlle contido con carga de traballo, con proxectos concretos, tanto no ámbito naval como no ámbito portuario para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor conselleiro, vostede non me contestou á pregunta: ¿cando se inicia a construción deses buques? Fálame de cousas estrañas, da imaxe da Xunta... A imaxe non é responsabilidade da oposición. Este grupo non ten censurado, todavía, a súa viaxe a México, o que censuraremos no momento oportuno son os resultados. Lémbrolle os datos: foi o Goberno, o presidente Feijóo, quen prometeu ata corenta e tres buques. Agora estamos en dous asinados pero vostede non é quen de ofrecer hoxe nin unha data de inicio dos traballos para a construción deses buques.

¿Sabe, señor conselleiro, que a partir do mes de xullo milleiros de traballadores do sector naval rematan as prestacións de desemprego e pasan, polo tanto, á situación do subsidio? ¿Sabe o que iso significa en termos de perda de capital humano nun sector no que o país era punteiro? ¿Sabe da dificultade que existirá para recuperar ese conxunto de coñecemento, ese conxunto de *expertise*? E vostede hoxe non ofrece unha data, ¿non figura no contrato?, ¿non figura na alianza estratéxica? ¿Seguimos a falar de boas verbas —como acostuma vostede— e de boa fe? Se hai un problema de imaxe, señor conselleiro —sábeo coma min—, ten que trasladar ao señor presidente da Xunta, que é quen aparente-

mente sofre unha perda de imaxe notable. Tamén, polo que estamos vendo aquí, unha perda notable de credibilidade.

Pero a vostede fixémoslle unha pregunta moi concreta: ¿hai ou non hai futuro para os 10.000 traballadores do naval que non van estar xa afectados por esta construción de buques? E para os 1.000 que poderán traballar na construción de buques, ¿existe unha data concreta na que poidan iniciar o seu traballo?

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Méndez Romeu.

Réplica, señor conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Aínda que non lle guste, eu non me cansarei de repetirlle o compromiso que este Goberno ten co sector naval, permanentemente. E non ten precedentes na Xunta de Galicia o compromiso do Goberno co sector naval. Non só coa mobilización dos 80 millóns de euros durante a pasada lexislatura, non só cos investimentos en formación, coa axilización da solución do *tax lease* e incluso coa viabilidade de dous estaleiros en concreto, como foron Factoría Naval e Vulcano, que, efectivamente, se non fora polo apoio decidido deste Goberno hacia o sector naval e hacia os seus traballadores, hoxe en día estaríamos falando de pasado e non de futuro. E, por sorte, estamos falando de futuro.

Con respecto á alianza estratéxica coa petroleira Pemex, eu non sei de onde sacou o dato —sinceramente llo digo— dos corenta e tres buques, porque en ningún momento se trasladou este dato. En calquera caso, xa lle digo que ese é un dato que non sei de onde o puido obter pero realmente non é un dato que responda á realidade. *(Murmurios.)* O que si é certo é que a alianza estratéxica coa petroleira Pemex está ratificada polo presidente Peña Nieto, polo propio director xeral da cuarta petroleira do mundo, e ademais pode ser ampliada, e niso estamos traballando, hacia máis investimentos e hacia máis postos de traballo. O aval que supón para Galicia que un Goberno como o mexicano confirme a continuidade como socio estable, eu creo que iso ben paga a pena e, loxi-

camente, nós traballaremos para consolidar este proxecto.

Temos conseguido, efectivamente, novas posibilidades de colaboración non só a través dos floteis, senón tamén a través da posible participación da Xunta de Galicia no proceso de renovación da frota menor de Pemex que está a desenvolverse e tamén a posibilidade de que Pemex poida investir en Galicia e, polo tanto, reforzar e consolidar a posición do noso sector naval. Polo tanto, señoría, máis barcos galegos para México, máis investimento estranxeiro para Galicia, máis transferencia de tecnoloxía; en definitiva, máis oportunidades de crecemento e de emprego para a nosa comunidade. Iso é o que significa a alianza estratéxica de Pemex, iso é o que significa os compromisos que estamos a adoptar coa petroleira mexicana. E, loxicamente, ter conseguido que Galicia conte para un país tan importante e cun crecemento como México eu creo que é moi importante.

Nós confiamos que neste primeiro semestre a alianza con Pemex, ratificada e ampliada, avance e dea un novo impulso ao sector naval co inicio da construción dos dous floteis, coa posibilidade de participar na renovación da frota menor e cun posible investimento en estaleiros galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D.^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para frear a caída das vendas, a perda de postos de traballo e o pechamento de establecementos no sector do pequeno comercio en Galicia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

“Situación límite”, señor conselleiro, así é como define o propio sector o momento polo que está pasando o comercio galego. A situación que atravesan os establecementos comerciais debido á caída das vendas, ao aumento da competencia das grandes superficies comerciais, ao aumento dos impostos, á liberalización de horarios e á falla de crédito. A

imaxe do comercio galego é a imaxe do que está acontecendo co país, a imaxe onde están levando vostedes o país. As vendas descenden día tras día e o número de comercios abertos van mermando, pois menos facturación, menos establecementos, menos emprego, menos afiliación á Seguridade Social.

Son datos realmente para estar preocupados e deberían servir para que a vostede, como máximo responsable de comercio no Goberno da Xunta, lle saltaran todas as alarmas. Só nos últimos doce meses os demandantes de emprego provenientes do comercio incrementáronse en 4.348 persoas; ¡4.348 persoas só nun ano, señor conselleiro! O incremento do desemprego rexistrado é máis do dobre do que é no total de desemprego do país, e isto é unha boa mostra da situación de crise que está a atravesar. A afiliación á Seguridade Social segue tamén descendendo. A facturación do pequeno comercio pechou o 2012 cunha caída do 5 %, unha caída do 11 % en xaneiro deste 2013, onde a baixada de salarios, a supresión da paga extra aos traballadores públicos e a subida do IVE son elementos determinantes neste descenso das vendas. O desplome que sufriu o comercio en 2012 é o máis importante desde o inicio da crise. No sector comercial de Galiza a destrución mídese en miles de comercios pechados, significa miles de empregos perdidos, significa menor comercialización de produtos galegos, significa vilas e cidades menos humanizadas, menos seguras. O que significa é a desertización comercial do noso rural, e vostedes poñéndose continuamente de perfil.

Vostede onte falou de metodoloxía innovadora para o comercio galego, o que non dixo é en que consiste, evidentemente. Tamén falou de favorecer o financiamento para impulsar a competitividade empresarial, mais tampouco explicou como, con que instrumentos o vai facer e, por suposto, non dixo cando, señor conselleiro. Porque o comercio galego, o pequeno comercio precisa de medidas xa, antes de que haxa que estender a acta de defunción.

Nun escenario como o actual de desmantelamento dos sectores produtivos, a desaparición do noso sistema financeiro vai... E tamén vostede onte anuncia que van ser os emprendedores os que van protagonizar a recuperación. É que máis lles vale porque, desde logo, vostedes, a Xunta de Galiza, nin están nin se lles espera. Por iso, facémolle a seguinte pregunta: ¿que medidas ten tomado o Goberno

galego para pórllle freo a esta gravísima situación de caída de vendas, perda de postos de traballo e peche de establecementos polo que está a pasar un sector tan importante en Galiza, tanto polo que representa en produto interior bruto como polo número...? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Respóstalle o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, evidentemente, este Goberno é plenamente consciente da importancia que ten o comercio galego, o seu peso no produto interior bruto, cos máis de 110.000 postos de traballo que xera e, por suposto, sabendo que a cuarta parte das empresas galegas en activo forma parte deste sector.

O que si está claro, señoría, é que este Goberno non só está, senón que está totalmente implicado non só coa situación do comercio senón coa situación económica que atravesará Galicia. E está totalmente implicado —e onte tiver a ocasión de trasladalo— colaborando, acompañando as empresas naquelas necesidades que teñen dende o punto de vista conxuntural e tamén pensando en todas aquelas cuestións de carácter estrutural que precisan, tanto o comercio como o resto dos sectores. Polo tanto, este Goberno, esta consellería nunca se puxo de perfil e nunca se poñerá de perfil ante a situación económica e as necesidades dos diferentes sectores.

Pero, para concretar os aspectos vencellados co comercio, eu vouna poñer en antecedentes, porque os datos eu creo que reflicten bastante ben as diferentes posicións. Galicia, ao igual que noutros ámbitos, está a superar unha diminución do consumo; iso é certo. A situación económica, a conxuntura económica está afectando todos os sectores e, por suposto, tamén o consumo, e nese sentido esa é unha realidade que temos que afrontar. Pero tamén é certo que Galicia soportou moito mellor esta problemática que o resto de comunidades autónomas. Simplemente, voulle dar dous datos: o descenso do número de ocupados —ao que vostede tamén fixo referencia— no comercio entre 2008 e 2011 foi dous puntos porcentuais menor en Galicia que a media esta-

tal e a redución do seu volume de negocio foi a metade que no resto de España.

Isto non é máis que o resultado, entre outras medidas, das actuacións en positivo e da colaboración que a Xunta de Galicia está a desenvolver cúbado con cúbado co sector. Diferentes iniciativas que vostede coñece perfectamente e iniciativas concretas a través de liñas de axudas como as que vimos de publicar a semana pasada para a dinamización dos centros comerciais abertos e das prazas de abastos, que supoñen un compromiso na situación orzamentaria actual de incrementar un 10 % a dotación que se lle dá a esta figura, que está sendo clave na dinamización do comercio e que terá continuidade con outras iniciativas dentro do asociacionismo comercial e tamén con outros programas que poñeremos en marcha.

Temos un comercio de calidade, hai unha aposta firme por parte deste Goberno polo pequeno comercio e, dende logo, seguiremos a traballar co pequeno comercio para que siga aportando valor engadido ao noso sector produtivo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: A ladaíña de que estamos mellor que noutras partes pode ir vostede contarllela aos comerciantes das rúas das nosas vilas e cidades que teñen continuamente o cartel “Péchase”, “Trasládase”, “Alúgase”... Váialles dicir que están mellor que noutras partes do Estado. E eu si repito que se poñen de perfil, porque simplemente fan constatar o mal que está a situación. Acompañan os comerciantes, son conscientes pero, á parte de todo iso, o que teñen é que ocuparse, señor conselleiro, porque teoricamente son o Goberno deste país.

E o problema do comercio nunha parte fundamental son as súas políticas, as políticas que poñen en marcha tanto desde o Goberno central como desde o Goberno da Xunta; o problema do comercio galego é, efectivamente, a diminución drástica do consumo; o problema do comercio galego son os case 300.000 parados e paradas que hai neste país;

son os centos de persoas que non cobran ningunha prestación; o problema do comercio son os fogares nos que non entra nin un euro, a rebaixa dos salarios –como dixen antes–, a eliminación de pagas... E esas son medidas que están tomando vostedes. Entón non me diga que acompañan o sector, o único que fan é crearlle problemas un día si e outro tamén. E o problema do comercio galego, señor conselleiro, é a falta de crédito pola súa responsabilidade de eliminación do sistema financeiro galego.

Polo tanto, non me diga que acompañan o sector, senón que son os responsables dos seus problemas. A non concesión de crédito é un dos problemas fundamentais que ten o sector galego. E o problema do comercio galego son vostedes: un Goberno que deserta de exercer de tal Goberno e o único que fai é acatar as ordes que lle veñen de Madrid. O Goberno que é unha fraude para este país porque, en vez de exercer as competencias que ten, ao único que contribúe é á recentralización de competencias no Estado e ao baleirado competencial das escasas competencias que xa temos. Esa é a realidade, señor conselleiro: que diante dunha situación dun sector tan importante para este país non só non poñen ningunha medida en marcha, senón que exercen entusiasticamente as que deciden noutros lados, sexa o Goberno do Estado ou sexa...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Señor presidente.

Señoría, permítame trasladarlle que, dende logo, este Goberno está ocupado e está preocupado pola situación económica de Galicia e, particularmente, polo pequeno comercio. E permítame dicirlle tamén que ninguén ten máis preocupación polo pequeno comercio que o actual Goberno. Eu non digo que teña máis pero, dende logo, ninguén ten máis preocupación polo pequeno comercio que o actual Goberno de Galicia. E, por suposto, estamos ocupados traballando co sector e intentando facer todo o que está na nosa man para

dinamizar o comercio, para dinamizar a situación económica e, polo tanto, para entrar na senda do crecemento e da recuperación económica.

Pero se falamos do pequeno comercio resúltame realmente moi curioso que sexa o seu grupo parlamentario, e nomeadamente vostede, a que nos traslade que non apoiamos o comercio. Porque vostede tiña unha importante responsabilidade na antiga consellería –creo recordar– de Industria no bipartito, e semella que non lembra que foi aquel departamento o que máis autorizacións de grandes superficies deu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nin máis nin menos que o dobre que o actual Goberno. Comprenda, polo tanto, o meu desconcerto, porque a verdade é que esa non parece que sexa a mellor maneira de axudar o pequeno comercio.

Pero miremos para o futuro, porque loxicamente aquí temos que mirar para o futuro. Nós traballamos, como lle dicía, en iniciativas moi concretas, en axudas que xa publicamos e que desenvolveremos nas próximas semanas para favorecer o desenvolvemento e a dinamización do pequeno comercio en Galicia. Tamén, como sabe, modificamos a normativa de horarios para establecela no mínimo permitido pola lei básica do Estado e, polo tanto, estamos facendo todas aquelas medidas que nos permiten favorecer a situación e o desenvolvemento do pequeno comercio.

Pero tamén faremos un esforzo importante na planificación e, polo tanto, nos aspectos estruturais que poden favorecer non só superar esta situación conxuntural, senón tamén pensar na consolidación do sector no medio e longo e prazo. Polo tanto, seguiremos fomentando a unión de comerciantes, especialmente a través dos centros comerciais abertos; crearemos unha rede –como tiver ocasión de adiantar onte– de mercados excelentes galegos, caracterizados pola súa calidade e proximidade; e desenvolveremos outras iniciativas para favorecer o emprendemento comercial e a dinamización do consumo. Polo tanto, unha aposta decidida e clara polo pequeno comercio e, loxicamente, sustentada sempre en feitos, en actitudes concretas e en programas concretos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada do seu apoio ao proxecto de explotación dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero saudar as persoas, veciños e veciñas de Corcoesto, que aquí nos acompañan, e tamén as que están fóra mostrando o seu rexeitamento a esta mina.

Señor conselleiro de Economía e Industria, ¿quere saber por que dende o 2012 de forma insistente o Bloque Nacionalista Galego trouxo a esta Cámara o tema da mina a ceo aberto en Corcoesto? Pois a resposta é porque Corcoesto é o rostro da colonización. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Exactamente, exactamente, unha empresa canadiana, á que no seu país de orixe as normas medioambientais non lle permitirían de ningunha forma facer iso en ningunha das súas montañas para buscar un ouro de moi baixa calidade, busca paraísos ambientais, descobre un, Galiza, e chega aquí en maio de 2011. ¡Ah!, pero non podía realizar ese proxecto en maio de 2011. Pero si que conseguiu un goberno que mudou a lexislación industrial e aprobou unha lei industrial no 2011, en decembro, que permite que este proxecto pase como proxecto industrial estratéxico para Galiza pola súa incidencia no desenvolvemento tecnolóxico, diversificación industrial e impacto no emprego.

Señor conselleiro, este proxecto non ten ningún desenvolvemento tecnolóxico, porque utiliza a técnica máis barata, que é a cianurización do ouro e de maior impacto ambiental, porque cada día en Galiza, cada día, se ese proxecto vai adiante —que non vai ir—, 1.490 quilogramos de cianuro, segundo o proxecto da empresa, serán empregados nese proceso; 1.490, exactamente o que se necesita para ser mortal para unha poboación tres veces superior á galega. Iso non chegará aquí por xeración espontánea, virá por estradas, percorrerá o país e chegará exactamente á mina a ceo aberto.

O rexeitamento social, científico, é grande a este proxecto; o seu impacto no emprego é moi pequeno. Vostedes dixe-

ron aquí no 2012, en contestación ao Bloque Nacionalista Galego, que se crearían 500 empregos directos e 1.000 indirectos. A propia empresa fala de 133 directos e 150 indirectos. O certo é que non chegan aos 250 postos de traballo necesarios para a tramitación VIP, tramitación VIP, que vostedes lle fixeron a esa empresa.

Por iso queremos que hoxe nos conteste, señor conselleiro, diante das diferentes —vostede non as coñece, non estivo alí— manifestacións das persoas hai unha semana —esta no inverno—, da diferente presenza de colectivos de todo tipo, asociacións veciñais, asociacións ecolóxicas, a Plataforma en Defensa de Corcoesto, das diferentes organizacións de persoas que queremos, si, minería, pero minería sustentábel e con recursos e que cree postos de traballo, non a colonización de multinacionais buscando... *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Respóstalle o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señoría, eu creo que debemos ponderar un pouco o debate, porque, claro, intentar trasladar á opinión pública e mesmo a esta Cámara que este Goberno desenvolve e aproba unha lei de política industrial para permitir o desenvolvemento dun proxecto concreto é, cando menos, desproporcionado. Porque, efectivamente, esta é unha figura que desenvolve a Lei de política industrial, a existencia dun proxecto industrial estratéxico, correcto e que o que intenta é aproveitar as diferentes sinerxías.

Voulle recordar, porque me parece importante concretar qué significa isto, que a identificación dun proxecto industrial estratéxico significa que ten que crear máis de 250 postos de traballo, como vostede ben coñece, ten que implicar un investimento superior a 100 millóns de euros, ten que introducir unha diversificación do tecido industrial e presentar toda a documentación legalmente establecida. Polo tanto, eu creo que non é de xustiza, que non é razoable, identificar a aprobación e desenvolvemento dunha lei cun proxecto concreto.

En calquera caso, loxicamente, por responsabilidade, cando esta empresa –puido ser esta empresa ou calquera outra, por iso cando fala de “rostro da colonización” eu non sei a que se refire; sinceramente, porque puido ser esta empresa ou calquera outra–, solicita na Xunta de Galicia a tramitación do proxecto, nós, como non pode ser doutra forma, temos que cumprir a legalidade, salvo que vostedes nos suxiran non cumprir a legalidade. E o que fixemos foi simplemente tramitala cun proceso absolutamente rigoroso, feito por técnicos da administración que, na miña opinión, son dos mellores técnicos que traballan, cando menos, en España. E deste xeito declarouse efectivamente o proxecto mineiro ambientalmente viable.

Pero, señorías, por favor, eu pídolles que respecten os funcionarios da Xunta de Galicia, pídollelo por favor, porque estes profesionais son expertos, están perfectamente cualificados e son independentes. E, polo tanto, os informes que evacúan son informes que, absolutamente, temos que ter en conta. Polo tanto, eu o que lle pido é que non prexulguemos, señoría. Dende logo, este Goberno non vai prexulgar a tramitación dun determinado proxecto, nin deste nin de calquera outro, e, loxicamente, xa coñecen a posición deste Goberno: seguridade xurídica, cumprimento estrito coa normativa e, loxicamente, a partir de aí tomar as decisións con base, neste caso, en informes de carácter absolutamente técnico que garantan a seguridade e o respecto medioambiental deste proxecto ou de calquera outro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Señor conselleiro, claro que é o rostro da colonización, porque é o procedemento máis barato e con maior impacto ambiental e social dos que se podían empregar, técnica e cientificamente posibles, para extraer o ouro que existe en Corcoesto. É o máis barato e o que vai deixar máis rendementos á empresa, pero que vai deixar en Galiza unha balsa de residuos tóxicos de 10 millóns –como vostede sabe perfectamente– de metros cúbicos para sempre, para toda a eternidade. Porque sabe perfectamente que eses metais pesados, ese arsénico, quedará efectivamente

te na nosa terra, mentres que todo o ouro que poida saír de Corcoesto estará nos paraísos fiscais que utilizarán esas multinacionais, como utilizan de paraíso ambiental a Galiza.

E vostede ten moito que ver en todo isto, o Goberno galego, porque a normativa pode impedilo. Pero vostedes non queren, porque este non é, efectivamente, para nada un desenvolvemento tecnolóxico, non hai tecnoloxía que se desenvolva neste proceso, non hai ningunha diversificación industrial para a zona, ningunha, soamente que os seus produtos agrarios, forestais e marítimos quedarán completamente desfeitos. Ese é o desenvolvemento que terá esta zona, e iso para unha explotación de oito anos e, como moito, para a creación de emprego de dez anos. ¿Cal é o impacto sobre o emprego? Que as próximas xeracións seguirán collendo a maleta. Ese é o verdadeiro impacto cando deixamos que unha empresa de fóra destrúa completamente o noso potencial.

E aínda temos que ver como o propio Ministerio de Industria lle dá unha subvención de 150.000 euros este ano a esta empresa para que faga os seus estudos cunha subvención pública. É realmente un negocio redondo.

Por iso o que lle preguntamos, señor conselleiro, é que, visto o rexeitamento social, ¿non se plantexa a súa consellería retirar este...? *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Réplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, eu simplemente lle vou facer unha suxerencia, e é que non se preocupe tanto polo procedemento. Hai técnicos perfectamente cualificados que avaliaron xa todos eses procedementos tecnolóxicos, e eu o único que lle pido é, unha vez máis, respecto por estes funcionarios, por estes técnicos que teñen informes que vostedes poden constatar. E se hai algunha dúbida, loxicamente, hai os procedementos legais adecuados para poderlles dar calquera tipo de seguimento.

En calquera caso, os prexuízos, as valoracións que vostedes fan dende o seu grupo parlamentario, permítame que lles diga que non responden precisamente a ningún tipo de carácter técnico. Eu o único que lles pido é simplemente que respecten de novo a estes funcionarios que realizan o seu traballo de forma independente, de forma profesional.

En calquera caso, señoría, gustárame que nalgún momento me dixera cales dos principios que defende este Goberno dentro da política mineira, e particularmente tamén na mina de Corcoesto, non coinciden cos seus plantexamentos. Porque os nosos principios son moi claros: unha mineira que sexa sostible medioambientalmente, que sexa segura nos contornos nos que se desenvolva, que sexa dinamizadora da economía, que sexa innovadora e, por suposto, (*Murmurios.*) que sexa xeradora de postos de traballo de calidade. Nalgunha ocasión gustárame que me trasladara con cales destes principios vostedes non están de acordo.

En calquera caso, como vostedes saben perfectamente, a declaración de impacto ambiental analiza perfectamente cal é o impacto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Se non me escoitan, non poden saber os argumentos, presidente.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Entendo, porque o rumorio é así. Por iso lles prego que, por favor, escoiten a quen está no uso da palabra.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): En calquera caso, a declaración de impacto ambiental —dícialles— analiza perfectamente cal é o impacto da actuación tanto sobre o medio ambiente como sobre a sociedade e sobre o patrimonio cultural.

Esta declaración que foi feita por técnicos profesionais, avalían ambientalmente e consideran que é viable este proxecto. E son 11 informes sectoriais. É curioso que os 11 coincidiran, ou que os 11 non estean de acordo cos seus prexuízos de valor, que non é outra cousa o que aquí trasladan, e incluídos os concellos de Cabana de Bergantiños, de Coristanco e de Ponteceso. Por iso, cando intentan respaldarse no apoio social, eu creo que tamén teñen que ter en consideración a posición dos diferentes concellos.

En calquera caso, señoría, (*Murmurios.*) nós seguiremos coa tramitación deste proxecto, desta declaración de impacto ambiental, pero loxicamente están todas as alegacións que se presentaron. E nós seguiremos verificando a solvencia económico-financeira do proxecto, revisando a técnica mineira que plantexa, e, loxicamente, tomaremos unha decisión respectando sempre a tramitación que está recollida na propia normativa autonómica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a incidencia que vai ter no mercado laboral de Galicia e no desemprego xuvenil a posta en marcha do novo modelo de contrato de formación dual anunciado polo Goberno galego

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señorías, a ningún lle escapa que o desemprego é a principal prioridade de calquera goberno que teña os pés na terra. É o caso da Xunta de Galicia, que ten amosado sobradamente nos últimos anos que a súa principal preocupación son precisamente as taxas de desemprego.

No caso de Galicia non serve de escusa ese diferencial que seguimos mantendo respecto da media de desemprego de España, cinco puntos concretamente. Ocorre o mesmo no caso do desemprego xuvenil, que mentres no conxunto de España acada unha taxa do 53 % en Galicia ese indicador está 7,5 puntos por debaixo, cunha taxa do 45 %.

Con estas taxas de paro, este Goberno podía facer o mesmo que fixeron os gobernos socialistas anteriores, que é precisamente non facer nada, ou ben tomar medidas e actuar con responsabilidade. Podía poñerse a camiseta reivindicativa do paro ou podía, pola contra, suar a camiseta e traballar para combater o paro. (*Aplausos.*) Ese foi o camiño que emprendeu a Xunta de Galicia de Alberto Núñez Feijóo e por iso este Goberno vén de presentar, vén de anunciar, a posta en marcha

dun novo modelo de contrato de formación e aprendizaxe dedicado especialmente para os menores de 30 anos.

Para impulsar este contrato, a Administración galega asinou recentemente un protocolo de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia coa finalidade de difundir o contrato de formación. Claro, entendemos que a oposición pensa que o emprego non o crean os empresarios, senón que o crean outras persoas, que o crean os partidos políticos da esquerda que fan ERE.

O contrato promovido polo Goberno galego conlevará un salario digno para os desempregados e estará asociado a unha actividade formativa de calidade que levará aparelado un recoñecemento homologado do Estado, unha ferramenta nas mans do Goberno galego para loitar contra o desemprego xuvenil. Trátase de crear oportunidades que faciliten e incentiven a entrada dos nosos mozos no mercado laboral, algo que non ocorreu durante todo o período de mandato do señor Rodríguez Zapatero.

Dende o Grupo Popular entendemos que é crucial nestes intreos crear ese tipo de vantaxes para lograr a inserción laboral da nosa xuventude, e por iso queremos plantexarlle á señora conselleira de Traballo e Benestar a seguinte pregunta: ¿como agarda o Goberno galego que incida este novo modelo de contrato de formación e aprendizaxe no mercado laboral de Galicia e, nomeadamente, sobre o desemprego xuvenil, que é a preocupación de todos?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder a conselleira de Traballo e Benestar.

(Murmurios.)

Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Grazas, presidenta.

Señoría, non fai falla que veña vostede a este escano para poder falar de desemprego, que é a principal preocupación e

ocupación, e, polo tanto, non fai falla tampouco que teña vostede un comportamento duro como lle están a reclamar dende as bancadas da oposición para, democraticamente, darlles resposta ás actuacións que dende o Goberno da Xunta de Galicia estamos a defender fronte aos 291.000 parados e desempregados que hai na nosa comunidade.

Como dicía vostede na súa intervención, efectivamente temos unha diferenza de cinco puntos de desemprego coa media de España, e é verdade que de sete puntos na diferenza de desemprego xuvenil. E con ese obxectivo, dende o Goberno central de Mariano Rajoy é verdade que se puxo en marcha a través dun real decreto un contrato que é o contrato de formación e aprendizaxe; a través dun real decreto do pasado novembro do ano pasado, no que se establecen as bases da formación profesional dual. Un decreto no que se regula a formación dual, tanto dende a perspectiva educativa —maioritariamente isto é dicir becas en empresas para mozos menores de 30 anos que estean cursando formación regrada—, como a través doutra modalidade, que é a que vostede fala, que son os contratos tamén para menores de 30 anos con compromiso de formación durante a duración dese contrato.

Polas vantaxes que ten esta modalidade, tanto para a empresa coma para o traballador, esta consellería asinou un protocolo de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia precisamente para divulgalo e fomentalo na nosa comunidade. Este contrato ofrece aos mozos e mozas en situación de desemprego, prioritariamente cunha baixa cualificación, a oportunidade de ter, o primeiro de todo, un contrato —que iso para nós é o importante—, e ademais ter tamén a oportunidade de ter un recoñecemento oficial. Trátase dun contrato cun salario acorde ao convenio colectivo, que estará asociado a unha actividade formativa de calidade de todas as que ten recoñecidas xa e homologadas o Estado.

É importante tamén salientar que evidentemente esta formación é adaptada á demanda real do noso mercado laboral, posto que son as empresas, as propias empresas, as que marcan as súas necesidades. Ademais tamén ofrece á empresa unha serie de vantaxes, como é que, ademais de ter persoal cualificado, a empresa estará exenta de pagar a cotización á Seguridade Social do traballador durante o tempo que dure o contrato, que como mínimo é dun ano e como máximo é de tres. Un feito que, sen dúbida, incentiva ás empresas a acollerse a este tipo de contratos.

E pese a que o compromiso de formación do contratado corre a cargo da empresa, esta Comunidade Autónoma –e que eu saiba é a única que o fai– vai financiar a formación practicamente na súa totalidade. Tamén quero salientar que non estamos falando nin de *minijobs* –evidentemente estamos falando dun contrato cun salario acorde ao convenio colectivo– nin tampouco estamos falando de axudar a empresas que non teñan estabilidade laboral nos últimos tempos. De feito, para o seu correcto funcionamento será o Servizo Público de Emprego o que se encargue non só de autorizar estes contratos, senón tamén de velar por que se garantan as súas condicións de vivir a posible utilización perversa do mesmo por parte das empresas.

En definitiva, acabamos de iniciar unha aposta...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...polo contrato de formación dual.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señora presidenta, e grazas, señora conselleira.

A verdade é que a acción que leva a cabo a Consellería de Traballo e Benestar desmente e contrasta con ese mantra que utiliza de forma reiterada a oposición neste Parlamento de Galicia para dicir que esta Xunta de Galicia é insensible cos problemas sociais, é insensible co paro ou é insensible co desemprego xuvenil. A súa resposta pon de manifesto que o goberno é sensible cos principais problemas que sofre a nosa sociedade e que posiblemente é a oposición a que trata estes problemas dende posicións de frivolidade, con clara vocación oportunista, partidista e interesada. E proba diso é que cando gobernaba o Partido Socialista non fixeron nada para combater o paro xuvenil, máis ben todo o contrario. Porque cando chegou Rodríguez Zapatero ao Goberno o paro xuvenil estaba nun 19,5 % e cando marchou deixou o paro xuvenil nun 46,5 %, do 19 % ao 46 %. Teñen motivos

os señores socialistas para rir e estar satisfeitos da súa herdanza. Iso foi o que deixou o seu goberno.

Como lle dicía, señora conselleira, para o Grupo Popular o desemprego xuvenil é un problema grave que debemos atallar de forma decidida. Un problema que obriga a todas as administracións de forma decidida, obriga a todos, a traballar de forma conxunta. Nesta liña cremos que vai a estratexia de emprendemento e de emprego xove que pon en marcha o Goberno central para os anos 2013 a 2016 e no que se enmarca este contrato do que nos falou.

Neste sentido, quixera preguntarlle por cales están sendo e cales van ser as liñas de actuación da Xunta de Galicia nesta dirección.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Grazas, presidenta.

Pois como lle dicía, señoría, o Goberno traballa sen descanso para converter as cifras de desemprego na nosa comunidade, e facémolo con todos os instrumentos dos que somos, evidentemente, competentes.

Preocúpannos todas as persoas desempregadas, pero este feito é aínda máis relevante, se cabe, cando falamos dos mozos e mozas. E por iso é importante axudar e animar as empresas á contratación dos mozos, e de aí tamén a importancia de que se dea a coñecer este tipo de contrato aos empresarios. De aí que, como mostra desa boa colaboración que temos cos axentes sociais dende a pasada lexislatura, vimos de asinar ese protocolo de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia para difundir o novo contrato de formación.

Queremos eliminar todos os recelos que poidan ter á contratación os empresarios de Galicia e facilitar aos mozos e mozas de menos de 30 anos a oportunidade de ter un contrato de traballo e de acceder a un recoñecemento oficial.

E tamén estamos traballando agora cos axentes sociais na delimitación do tipo de empresas que poderán adherirse a este tipo de contratos segundo a estabilidade laboral que teñan. Deste xeito impulsamos este tipo de contrato que ofrece ás empresas que participen neste proxecto unha serie de vantaxes fiscais; como se dicía, están exentas de pagar a cotización á Seguridade Social durante o tempo que estea contratado o traballador. E, ademais, tamén unha formación obrigada que nun principio debería de ser asumida pola empresa pero que vai ser financiada pola Xunta de Galicia. E como lle dicía, polo que eu sei, non hai ningunha comunidade autónoma que estea a facer isto.

Trátase dunha forma especialmente pensada e concibida para as pequenas e medianas empresas, que tamén, como vostede sabe, son practicamente o 90 % do tecido produtivo da nosa comunidade, e que terán agora a oportunidade de dar esa formación subvencionada pola Xunta ou ben na súa propia empresa ou ben nun centro da Xunta de Galicia ou ben en centros colaboradores para poder dar esta formación.

O obxectivo é loitar contra o desemprego xuvenil, e xa dende a pasada lexislatura, e froito dun acordo cos axentes sociais, fixemos para da xuventude un colectivo prioritario de todas as políticas activas de emprego, e para iso –froito tamén deste acordo de diálogo social– puxemos en marcha un programa, que é o programa Forcon, un programa que combina formación e emprego e que tamén vai destinado aos mozos e mozas de menos de 30 anos.

E como vostede dicía na súa pregunta, tamén é verdade que o Goberno central ten definida unha importante estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013-2016, unha estratexia que está destinada á inserción laboral dos menores de 30 anos e que este Goberno tamén ve positiva. Polo tanto, a esa estratexia adheriuse o Goberno da Xunta de Galicia na última conferencia sectorial, e ademais ten a intención de complementar as medias que xa foron definidas polo Goberno central, medidas de choque, que son 15, e medidas de carácter estrutural.

En definitiva, señoría, evidentemente a nosa principal preocupación e ocupación é loitar contra o desemprego e, como non podía ser doutro xeito, mellorar a situación dos mozos e mozas de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería do Medio Rural e do Mar da nova sanción imposta pola Comisión Europea á frota española nas futuras cotas de captura da xarda

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Hipólito Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, parece que a oposición quere dureza hoxe, e dureza vai ter porque o asunto que imos tratar evidentemente é tremendamente duro, sobre todo para o sector pesqueiro, que é o que está sufrindo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Traemos hoxe aquí esta pregunta a esta Cámara porque, despois dun ano e medio case de goberno do Partido Popular en Madrid, cremos que xa todas as sorpresas agochadas polo inefable señor Zapatero, xa tiñan rematado despois de repasar todos os caixóns e gabetas habidas e por haber en todos os ministerios e recunchos do Goberno de España. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio por favor.

Faga o favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Pero craso error, señora conselleira, craso error. Aínda quedaba algunha cámara secreta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña...

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...na que apareceron xardas, señora conselleira, apareceron xardas nesa gabeta secreta. E resulta que xa sabemos nós, todos os que estamos algo interesados polo sector pesqueiro, que estaba España soportando, ¿verdade?, unha sanción pola cal ten que devolver cada ano, a base de non pescar cota de xarda, 9.747 toneladas durante

o ano 2013, e durante o ano 2014 outras tantas e no 2015 outras tantas. Pero iso é do 2010 e xa hai un ano que se está aplicando e xa o sabemos todos. Pero tamén aí atrás nos acabamos de enterar de que unha nova sanción pesa sobre a frota de litoral española por culpa doutro sobrepasamento da cota semellante á do 2010. Pero neste caso incomprensiblemente do 2009, señora conselleira, e iso é o que non entendemos.

Moita é a xente que se está preguntando a estas alturas por que motivo temos que soportar unha sanción do ano 2009, cando estamos pagando a do 2010 desde hai un ano. E son moitos tamén os que se preguntan, señora conselleira, como é posible, como é posible, semellante falta de control, ¿verdade?, para que un se teña que explicar a base de dicir que hai ocultación ou que hai,... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Losada...

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...señora conselleira, ou que hai unha ocultación, digo, voluntaria, ou que hai unha negligencia flagrante nas responsabilidades que ten que ter un goberno para controlar diariamente as cotas do seu sector pesqueiro.

Pero, señora conselleira, estamos todos convencidos aquí nesta Cámara, incluso algúns que están agora tildando moitas veces de sorprendentes as actuacións, de que esta sorpresa é a que está levando ao tacho ao sector pesqueiro. E simplemente hai que contar que a frota de cerco do Atlántico noroeste, a frota galega, que reúne un medio cento de embarcacións, vai sufrir probablemente máis recortes na súa capacidade e na súa cantidade, precisamente por non ter feito as cousas a tempo. E por iso é a pregunta que lle facemos, que figura na orde do día.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fariñas.

Ten a palabra, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Moitas grazas por estar pendente de que me deran voz.

Ben, a verdade é que a un lle sorprende, cando o grupo que sustenta o Goberno lle fai preguntas ao Goberno... Por que creo que é algo que é habitual, que está no Regulamento, e vostedes tamén teñen dereito a preguntar sobre o que pasa tanto en Galicia como en España. E para iso estamos aquí, para dar resposta.

A verdade é que a todos nos pillou un pouco por sorpresa enterarnos en setembro de 2012 que tiñamos pendente por pagar unha sanción do ano 2009 cando xa levabamos un ano pagando unha sanción do ano 2010. Creo que poucas veces na historia se ten dado este suposto, que primeiro se faga unha sanción posterior que unha sanción anterior. Isto para nós supuxo, dalgunha maneira, un dobre golpe, porque entendiamos que, se isto era así, o sector dificilmente ía ser capaz de superar esta situación. Suporía o peche da pesqueira, posto que nos acusaban de sobrepasar as cotas en máis de 75.000 toneladas.

¿Que se fixo dende aquela? Pois intentouse renegociar. O primeiro que conseguimos foi acreditar que non había un sobrepasamento de 75.000 toneladas senón de 65.000; polo tanto, conseguimos unha primeira rebaixa dun 18 %. O segundo que se fixo foi conseguir que non nos solaparan as dúas sancións, a do ano 2010 e mais a do ano 2009. O terceiro que se fixo foi conseguir algo que demandaba Galicia cando nos aplicaron a sanción do ano 2010, e era poder aportar a sanción en dez anos en lugar de cinco. E díxéronnos que era imposible. Sen embargo, agora si que nos permitiron que a sanción do ano 2009 en lugar de pagala en cinco anos a poidamos pagar en dez anos, co cal, dalgunha maneira, relaxa as posibilidades de pesca que vai ter o noso sector. E a maiores tamén conseguimos que nunca, no exceso de sobrepesca, a sanción que teñamos que pagar vaia máis do 33 % por riba da cota que nos asignen cada ano.

Polo tanto, creo que é unha situación moi complicada, porque realmente todos sabemos que as cotas que temos xa son escasas, pero aínda encima é moito máis complicado ter que asumir unha falta de control que houbo en determinados momentos e que agora repercute en todos os sectores de actividade. Polo tanto, nós o que esperamos é poder acreditar ante a Unión Europea que estamos facendo as cousas ben, que poñemos os controis necesarios para evitar que haxa de novo estas sorpresas que lle poidan dar un hachazo ao sector pesqueiro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Réplica do señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, quedamos agradecidos das explicacións que dá nesta Cámara, que serven tamén de paso para clarificar quen son os responsables, ¿verdade?, ante a rumo-roloxía que se estende polas bancadas de enfronte.

E queda ben claro, queda ben claro, quen ten interese polo sector pesqueiro e quen se desinteresa, absolutamente, polo sector pesqueiro. Escoitei moi atentamente todas as súas explicacións, e hai algúns que nin escoitan nin oen. (*Aplausos.*) E ante esas explicacións é realmente vergonzoso –porque é unha vergoña, señora conselleira– que se poña en solfa, que se poña en tea de xuízo, o futuro dun sector pesqueiro simplemente por *dejar hacer*, que é unha táctica que con axuda doutros desenvolveu durante algunha tempada o señor presidente anterior do Goberno, xa que non lles gusta escoitar o seu nome.

Entón, como este señor foi o responsable de todo isto, acostumounos, señora conselleira, a que do mesmo xeito que se ocultou a débeda, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ocultouse tamén...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señor Fariñas. Perdón...

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...a crise. E non só contentos con iso, esconderon tamén as xardas, que xa era o último que nos quedaba por ver esconder. (*Aplausos.*) E hoxe...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento.

¡Señora Acuña!

Señora Acuña, ¿é que non pode acabar un pleno sen tela que chamar á orde? ¡Por favor! Pois si, chámoa, faga o favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: E hoxe, señora conselleira, señora presidenta, o único que nos quedaba por comprobar é

a falta de honorabilidade e a falta de honradez política dunha oposición que, non só contenta con ter enganado a todo o sector, quere enganar tamén o resto do país que sabe menos disto. Pero non vai suceder, señora conselleira, non vai suceder, porque aquí hai un Goberno responsable que está tomando as medidas que non lle gustaría tomar por culpa da herencia que recibimos, envelenada e trufada continuamente de erros garrafais, que son os que fan que hoxe esteamos tomando medidas que de ningunha medida queríamos tomar. Pero son as medidas responsables e as que o sector pesqueiro está desexando que tomemos para o seu futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señoría, eu o único que lle podo dicir é que non hai nada máis doloroso para un responsable da xestión dun caladoiro que ter que tomar as decisións de pechar ese caladoiro. É doloroso, si é doloroso, aínda que algún se ría ou poida facer mofas. A nós gustaríanos que o noso sector dispuxera das cotas suficientes para poder manter unha actividade diaria nos caladoiros, pero iso, por desgraza, non é así. Pero tamén como digo que é dolorosa, entendemos que é necesario aplicar este rigor para que nunca máis –como dicía na miña primeira intervención– volvamos vernos sometidos a esta presión da Unión Europea, que desconfía da situación que se estaba a dar en España en anos anteriores.

E para iso nós sabemos que temos que traballar en varias direccións. Unha é en conseguir que cada vez as cotas das que dispoñemos se adapten máis á nosa capacidade pesqueira. E estamos traballando nesa liña, aportando suficientes datos científicos para conseguir incrementar do ano 2011 ao ano 2012 un 7,75 % máis dos TAC de captura que temos. Xa sabemos que é pouco pero imos cara arriba. Tamén temos que ser capaces de conseguir convencer a xente de que hai que olvidarse dos cantos de serea, que algún lle di aquí que hai que pedir máis á Xunta de Galicia, que hai que pedirlle máis ao Goberno do Estado, que nos deixen pescar máis, pero logo van a Bruxelas a dicir que nos deixen pescar menos. E iso a verdade é que non axuda a manter a credibilidade dun sector.

E, doutra banda, tamén teño o firme compromiso de seguir a traballar para mellorar a xestión do noso caladoiro, para conseguir que as cotas que lle corresponden á nosa frota se adecúe á realidade do stock dos recursos, e nesa liña é na que continuaremos traballando.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa situación da empresa Pescanova

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a pregunta, o señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día, señora conselleira.

En Galicia, señora conselleira, son moitos os problemas que temos os galegos. Hai quen di xa que a época actual podería pasar á historia como a que viu a desaparición das grandes empresas galegas. Pero, sen dúbida, hai un problema que sobresaie por riba do resto: non temos Goberno, temos un goberno silencioso, débil e totalmente anémico, fiel reflexo do que está a acontecer na sociedade. As caixas, o sistema financeiro galego, xa non existen. As empresas que optaban ao concurso eólico están en retirada, o sector lácteo polo chan e Pescanova deslizándose costa abaixo.

Galicia vai camiño de se converter nun deserto industrial. Cada día asistimos a novas sobre as dificultades que atravesamos un sector determinado ou mesmo sobre o peche dunha fábrica. E en moitos casos trátase de empresas que forman parte da nosa biografía colectiva como país. Son a parte visible dun durísimo proceso de desmantelamento industrial que está a levar por diante boa parte da industria deste país.

Nos últimos cinco anos en Galicia destruíronse máis de 62.000 empregos de carácter industrial, o que significa preto do 30 % dos que había antes da crise. Un impacto maior que na reconversión industrial dos anos 80. Unha auténtica situa-

ción de desastre, señora conselleira. Perdéronse máis de un de cada catro postos de traballo de carácter industrial, quedando reducidos a tan só 165.000, cifra que non era tan baixa dende o ano 1997.

Ante esta situación, o que causa estupor e indignación na sociedade é a apatía da Xunta e do Goberno ante o que está a acontecer. A pasividade, a inacción e a incompetencia do presidente e dos seus conselleiros é alarmante. Non hai estratexia industrial, non se asumen os compromisos coas empresas en crise, o Igape desaparecido... En definitiva, non hai nin unha soa iniciativa ou medida significativa, real e clara máis alá das palabras e declaracións de boas intencións.

Señora conselleira, o caso de Pescanova é un máis dentro deste triste proceso de perda de emprego e de perda de competitividade industrial mentres vostedes miran para outro lado. Son vostedes verdadeiramente uns alumnos avantaxados da escola do señor Rajoy, que non é outra que mirar para outro lado mentres que a situación empeora.

Señora conselleira, van aló xa máis de dúas semanas do inicio da crise desta empresa. Perigan milleiros de empregos, 10.000 que ten a empresa no seu conxunto e preto de 2.000 en Galicia. ¿Van vostedes facer algo? ¿Que xestión está a desenvolver a súa consellería ante a situación de Pescanova?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Val, a verdade é que nun momento no que aínda se están a debater os termos contables e bursátiles dunha empresa privada paréceme un pouco precipitado que nos diga a nós qué medidas imos adoptar. Creo que, a verdade, vostede fai unha explicación bastante pesimista da situación actual, e intenta culpar o Goberno da Xunta de Galicia de todos os males que ten a industria neste país. A

verdade é que eu lle podo dar, para a súa tranquilidade, a seguridade de que tanto o presidente da Xunta de Galicia como todo o seu Goberno o único que facemos é traballar todos os días para intentar manter este país adiante. Pero o que non nos pode pedir é que tomemos medidas onde non temos nin responsabilidades nin posibilidades.

Nós o único que queremos é que Pescanova resolva os seus problemas o máis rápido posible, que Pescanova aporte as súas contas auditadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que se poidan tomar as decisións convenientes, para que se poida tomar a decisión de nomear o mellor administrador concursal co fin de que esta empresa siga sendo galega e siga sendo solvente. Pero deixemos traballar a quen en realidade ten que traballar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Mire, señora conselleira, voulle ler o que din os responsables da empresa do Goberno galego: “As autoridades nacionais e autonómicas, cunha actitude tibia e descomprometida, alónxanse da esencia dun problema económico de máxima magnitude. Como exemplo, destacar a insolvencia inicial da conselleira de Pesca, Rosa Quintana, que, a preguntas dos periodistas, declarou que de Pescanova só sabía o que lía na prensa. Non nos parece a conselleira unha aplicada lectora, aínda que si noutros tempos compracente receptora do cálido sabor que producen os conxelados”. Isto é o que di a empresa da acción do seu Goberno.

Pero nós xa vemos no día de hoxe no Parlamento como vostedes están instalados no inmovilismo. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor VAL ALONSO: Efectivamente, non lles gusta escoitar o que din, non lles gusta escoitar o que din. Pero o certo é que neste Parlamento non fan outra cousa que centrar o seu discurso en desacreditar a oposición mentres aí fóra, no mundo real, están pasando moitas cousas.

Vostedes van ser os responsables, e o son xa, do desmantelamento do tecido industrial deste país. Igual que o

son do tecido financeiro, igual que o son de non crear en catro anos nin un só emprego no sector das renovables tan só por unha decisión de revanchismo político. Igual que vostede, señora conselleira, é responsable do peche das explotacións gandeiras e da perda de emprego na pesca e no marisqueo. Xa sei que a vostede non lle gusta que lle diga estas cousas, pero a realidade é que isto é o que está a pasar.

Aínda non asumiron vostedes que, despois de catro anos, son vostedes, o Partido Popular, os que están á fronte dos intereses deste país. Pero, claro, non lles gusta, cando as cousas van mal, que llelo digan. Prefiren vostedes encher as súas axendas con actos de enxalzamento e de palmeo, e centrar o seu discurso en desacreditar e culpabilizar a oposición.

Señora conselleira, este país necesita políticos comprometidos cos problemas dos galegos, e desgraciadamente temos o Goberno que nos toca sufrir. Vostede non aclarou absolutamente nada na súa primeira quenda sobre o que fixeron ou tiñan pensado facer. Gustaríame que na segunda dixese algo máis... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Val.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Val, vostede di que este país necesita un goberno serio e responsable. Este país votou a favor de ter un goberno serio e responsable *(Aplausos.)*, que é o que está gobernando neste momento en Galicia. Xa sei que a vostedes o que non lles gusta son os resultados democráticos neste país, pero é o que lle hai.

Mire, a verdade, a min o que vostede poida ler nun artigo de opinión... Hai un refrán que dicía miña avoa: “Malo se remas, malo se non remas”. Se os directivos da empresa Pes-

canova facían halagos do Goberno da Xunta de Galicia vostedes dicían que nós estabamos vendidos aos directivos de Pescanova. Se os directivos de Pescanova critican a algún membro do Goberno da Xunta de Galicia, vostedes din que é un claro reflexo de que o Goberno non está a facer nada.

A verdade, nós seguimos na nosa liña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Claro, nunha liña que é a do traballo constante e diario, e é a que valoran os cidadáns deste país *(Aplausos.)*. Unha liña de traballo constante e diario.

E cando un dende a súa responsabilidade. E nós dicimos neste caso que a responsabilidade é que unha empresa ten que presentar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as súas contas perfectamente auditadas, e a Comisión Nacio-

nal do Mercado de Valores decidirá o que hai que facer. E nós é o que podemos dicir nestes momentos sobre o que está a acontecer nesta empresa. O que desexamos, como Goberno da Xunta de Galicia, é que a empresa resolva o máis rápido posible a súa situación e que poida seguir manténdose como unha empresa galega, líder e multinacional.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Remata a sesión ás dúas e corenta e sete minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSDEG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Alvarez Chao, María Emma	(PP)
4.- Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
5.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
6.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
7.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
8.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
9.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
10.- Branco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
11.- Burgo López, Concepción	(PSDEG-PSOE)
12.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PSDEG-PSOE)
13.- Caride Estévez, María José	(PSDEG-PSOE)
14.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
15.- Cerviño González, Francisco Xulio	(PSDEG-PSOE)
16.- Da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
17.- Díaz Lugilde, María Yolanda	(PP)
18.- Díaz Mouteira, María Sol	(PP)
19.- Díaz Pardo, Angeles	(PP)
20.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PSDEG-PSOE)
21.- Fernández López, Miguel Ángel	(PSDEG-PSOE)
22.- Fraga Sánchez, Antonio Angel	(PP)
23.- Fraga Santos, Silvia	(PSDEG-PSOE)
24.- Francisco Rivera, Juan Carlos	(PSDEG-PSOE)
25.- Freire Insua, Gema	(PP)
26.- Gallego Calvar, María Carmen	(PSDEG-PSOE)
27.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSDEG-PSOE)
28.- García Pacín, María Isabel	(PP)
29.- Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
30.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
31.- Gómez Piña, Luis Antonio	(PSDEG-PSOE)
32.- González Montemuiño, M. ^a de la Encarnación	(PP)
33.- Iglesias Ferreira, María de Fátima	(PP)
34.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSDEG-PSOE)
35.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
36.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
37.- López Rodríguez, Lorena	(PP)
38.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSDEG-PSOE)
39.- Losada Alvarez, Abel	(PSDEG-PSOE)
40.- Méndez Romeu, José Luis	(PSDEG-PSOE)
41.- Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
42.- Novoa López, Enrique	(PP)
43.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
45.- Parga Núñez, Manuel	(BNG)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Piñeiro Martínez, María Soledad	(PP)
48.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
49.- Pose Mesura, Modesto	(PSDEG-PSOE)
50.- Prado del Río, Paula	(PP)
51.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
52.- Quintas Alvarez, María	(PSDEG-PSOE)
53.- Rego González, Ismael	(PSDEG-PSOE)
54.- Rodríguez Amoroso, María Dolores	(PSDEG-PSOE)
55.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
56.- Rodríguez González, Román	(PP)
57.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
58.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
59.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
60.- Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel Angel	(PP)
63.- Seoane Romero, María	(PP)
64.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSDEG-PSOE)
65.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSDEG-PSOE)
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Tojo Ramallo, Luis María	(PSDEG-PSOE)
69.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
70.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
71.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSDEG-PSOE)
72.- Verdes Gil, Sonia	(PSDEG-PSOE)
73.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)
74.- Villaverde Pais, María Teresa	(PP)
75.- Yáñez García, María Lourdes	(PP)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25